Consello Económico e Social de Galicia, CES-G

INFORME
SAÚDE MENTAL EN GALICIA

AUTORES

Elisardo Becoña Iglesias (Coordinador)
Psicólogo Clínico
Catedrático de Psicoloxía Clínica
Universidade de Santiago de Compostela

Alvaro Fernández Monterroso
Psiquiatra
Unidade de Saúde Mental de Lalín; e Servizo de Psiquiatría, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Aroa Mayán Taboada
Médica de Familia e Atención Primaria
Centro de Saúde de Silleda

Mónica Santos Rivas
Psicóloga Clínica
Servizo de Psiquiatría. Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Ana López Durán
Psicóloga Xeral Sanitaria
Profesora Titular
Universidade de Santiago de Compostela

Agradecementos

Sindicatos e organizacións empresariais

Confederación Intersindical Galega (CIG).
Sindicato Nacional Comisións Obreiras, CC.OO. de Galicia.
Sindicato Unión Xeral de Traballadores, UGT-Galicia.
Confederación de Empresarios de Galicia.

Organismos da Xunta de Galicia

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Xunta de Galicia.

Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, Servizo Galego de Saúde, Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia.

Persoas que facilitaron datos, suxerencias ou comentarios a algún dos capítulos do Informe

José Miguel Abella Cajigal.
Médico de Familia e Atención Primaria.
Centro de Saúde de Atención Primaria, Vimianzo (A Coruña).

María Tajes Alonso.
Psiquiatra.
Xefa do Servizo de Psiquiatría da área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras.
Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Carlos Álvarez García.
Psicólogo Clínico.
Servizo de Psiquiatría. Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Manual Arrojo Romero.
Psiquiatra.
Servizo de Psiquiatría. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

José Berdullas Barreiro
Psicólogo Clínico.
Unidade de Saúde Mental de Fontiñas, Santiago de Compostela.

Jesús Cartelle Fernández.
Psiquiatra.
Unidade de Conductas Adictivas. Concello de Ribeira (A Coruña).

Lorena Casete Fernández
Psicóloga Clínica.

Unidade Asistencial de Drogodependencias. ACLAD (Asociación Ciudadana de Lucha contra la Droga), A Coruña.

Minia Enjo Rey.
Médica de Familia e Atención Primaria.
Centro de Saúde de Atención Primaria. Vilanova de Arousa (Pontevedra).

Santiago Lago Canzobre.
Psicólogo Clínico.
Unidade de Saúde Mental II, Caranza, Ferrol (A Coruña).

Carlos Montes Piñeiro.
Profesor de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.
Universidade de Santiago de Compostela.

Javier Sardiña Agra
Psicólogo Clínico.
Servizo de Psiquiatría. Unidade de Hospitalización de Agudos. Hospital Clínico Universitario de A Coruña.

Francisco Javier Vicente Alba.
Psiquiatra.
Hospital de Día de Psiquiatría de Adultos. Hospital Nicolás Peña. Servizo de Psiquiatría. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Outros

Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela.
Biblioteca de Psicoloxía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.
A todo o persoal do Consello Económico e Social de Galicia pola súa colaboración e axuda activa ó longo da realización do presente Informe.

ÍNDICE

Resumen executivo **11**

Abreviaturas **31**

Capítulo 1
A saúde mental como un grave problema sanitario e social **33**

1.1. A saúde mental
1.2. O incremento dos problemas de saúde mental
1.3. A saúde mental no estado do benestar
1.4. Os efectos da pandemia producida polo covid-19 e pospandemia na saúde mental
1.5. A actual visibilidade social dos problemas de saúde mental
1.6. A saúde mental en Galicia en relación ao resto do Estado e Europa
Referencias

Capítulo 2
Que din os informes internacionais, nacionais e de Galicia sobre a saúde mental? **43**

2.1. A saúde mental en Galicia en relación ao resto do Estado e outros países
2.2. Os informes sobre saúde mental da Organización Mundial da Saúde
2.3. Os informes sobre saúde mental da Unión Europea
2.4. Os informes sobre saúde mental do Ministerio de Sanidade
2.5. Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027 e Plan de Acción para a Prevención do Suicidio de 2025 do Ministerio de Sanidade
2.6. Outros informes de saúde mental españois
2.7. Os informes sobre saúde mental da Xunta de Galicia
Referencias

Capítulo 3
A saúde mental en Galicia: comparativa con España e outros países **67**

3.1. Trastornos máis prevalentes: breve descrición
3.2. Prevalencia dos problemas de saúde mental en distintos países
3.3. Prevalencia dos problemas de saúde mental en Europa
3.4. Prevalencia dos problemas de saúde mental en España
- 3.4.1. O Informe da Unión Europea sobre o estado da saúde en España
- 3.4.2. Enquisa Europea de Saúde
- 3.4.3. Enquisa Nacional de Saúde 2017
- 3.4.4. Rexistro de problemas de saúde mental en Atención Primaria
- 3.4.5. A análise da conduta suicida
- 3.4.6. O consumo de drogas na poboación xeral e na poboación laboral
- 3.4.7. A enquisa do CIS sobre a saúde mental e o covid-19
- 3.4.8. A prevalencia de trastornos mentais en estudantes de instituto ou universidade
- 3.4.9. Outros estudos
- 3.4.10. A comparación da prevalencia de trastornos mentais en varios

países da OMS
3.5. Prevalencia dos problemas de saúde mental en Galicia
3.6. Conclusións sobre as diferenzas de prevalencia de trastornos mentais
Referencias

Capítulo 4
As causas do incremento dos problemas de saúde mental 89

4.1. Introdución
4.2. Factores biolóxicos e xenéticos
4.2.1. Xenética
4.2.2. Maduración fetal, danos fetais no embarazo ou no nacemento
4.2.3. O cerebro, as neuronas e os neurotransmisores
4.2.4. Consumo de drogas ou alcol da nai antes do nacemento
4.2.5. Desnutrición
4.2.6. Exposición a metais pesados, substancias químicas e pesticidas
4.2.7. Microbiota
4.2.8. Inflamación
4.2.9. O eixo HTA (hipotálamo-pituitaria-adrenal) e a súa relación co estrés
4.2.10. Enfermidades e consumo de medicamentos
4.2.11. Consecuencias biolóxicas da neglixencia, malos tratos, abuso, trauma, perda (ex., morte da nai) o estrés crónico na crianza
4.2.12. Papel da bioloxía na adolescencia e a súa transformación en adulto.
4.3. Factores ambientais e sociais
4.3.1. Factores culturais, familiares e de crianza
- Tipo de cultura (normas sociais, sistema socioeconómico, relixión, características específicas desa cultura).
- Socialización e estilo de crianza
- Desorganización familiar, falta de proxenitores e nivel de apego
- Malos tratos infantís e experiencias infantís adversas
- Historia familiar de consumo de drogas ou de trastorno mental
- Carencia de oportunidades ou incerteza (reais ou subxectivas)
- Alto nivel de estrés social e eventos vitais estresantes
- As redes sociais da Internet
4.3.2. Factores ambientais e ecolóxicos
- Ambiente físico (urbanización, polución por ruído e lumínica, temperatura, espazos verdes, cambio climático, etc.)
- Variables sociodemográficas (sexo, xénero, idade, nivel económico, estudos).
- Lugar onde se vive disfuncional ou problemático
- Cambio frecuente de vivenda, escola ou traballo (mobilidade)
- Expectativas sociais e ambientais
4.3.3. Factores escolares
- Calidade da escola e clima social positivo
- Expectativas académicas e de futuro adquiridas na escola
- Tensión escolar pola presión académica
- Fracaso escolar ou abandono temperán da escola
- Nivel de formación académico e profesional
- Violencia escolar e bullying
4.3.4. Factores socioeconómicos e laborais
- Baixo nivel de ingresos e baixa renda per cápita familiar

- Desemprego
- Pobreza
- Acoso laboral
- Tensión laboral
- Factores económicos relacionados con factores ambientais
4.3.6. Rede de apoio social
- Rede de familiares
- Rede de amigos e outras redes sociais
- Acceso a recursos sanitarios e redes sociais de axuda
4.4. Factores psicolóxicos
4.4.1. Trauma agudo e crónico (como abuso físico, psicolóxico ou sexual, morte dun ou ambos pais, accidentes, guerras, violación, atraco abandono na infancia, divorcio conflitivo dos pais, ruína económica)
4.4.2. A aprendizaxe, a motivación e os procesos psicolóxicos
4.4.3. Carecer de adecuadas habilidades de afrontamento, sociais e relacionais
4.4.4. Os procesos cognitivos: crenzas, expectativas e distorsións cognitivas
4.4.5. Incerteza
4.4.6. Os cambios psicolóxicos da adolescencia
4.4.7. Problemas internalizantes e externalizantes
4.4.8. Ciclo do desenvolvemento inadecuado (nenez, adolescencia, adultez, senectude)
4.5. A interacción dos factores bio-psico-sociais na persoa
Referencias

Capítulo 5
A saúde mental na contorna laboral 141

5.1. Saúde mental e traballo, nos informes internacionais e nacionais
5.1.1. Informes internacionais
5.1.1.1. Informes da Organización Mundial da Saúde e da Organización Panamericana da Saúde
5.1.1.2. Informe do Surgeon General norteamericano
5.1.1.3. Informes da Unión Europea
5.1.1.4. Informe ESENER sobre riscos psicosociais e saúde no traballo
5.1.2. Informes nacionais
5.1.2.1 Informes do Ministerio de Sanidade
5.1.2.2. Informes do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo
5.1.2.3. Informes de organizacións sindicais, empresariais e asociacións de saúde mental
5.1.2.4. Informe do Consello Económico e Social de España
5.1.3. Informes autonómicos
5.1.3.1 Informes do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia
5.1.3.2. Posición dos sindicatos maioritarios e asociacións de empresarios de Galicia
5.2. Factores de risco e de protección laboral para a saúde mental
5.3. Principais problemas de saúde mental no traballo
5.4. A prevención de riscos psicosociais e o Servizo de Vixilancia da Saúde
5.5. Incapacidade laboral temporal ou permanente e saúde mental
5.6. Persoas con discapacidade e saúde mental

5.7. O tratamento dos problemas de saúde mental
5.8. Como mellorar a saúde mental na contorna laboral
Referencias

Capítulo 6
Novos problemas e factores facilitadores da situación da mental actual 179

6.1. A globalización e a súa incidencia nas persoas
6.2 O acelerado cambio das últimas décadas
6.3. O estrés e as súas dificultades para afrontalo
6.4. A incidencia nas persoas dos novos reforzadores e a súa difusión masiva: drogas, novas tecnoloxías, acceso a bens e servizos, lecer e tempo libre, etc.
6.5. Internet, redes sociais e saúde mental
6.6. Malestar psicolóxico ou emocional como preludio dos problemas de saúde mental
6.7. A cronicidade de distintos trastornos mentais
6.8. Envellecemento da poboación e incremento dos trastornos mentais
6.9. A necesaria atención aos grupos vulnerables
6.10. O custo sanitario, laboral, social e familiar dos trastornos mentais
6.11. A maior incidencia no medio laboral dos actuais problemas de saúde mental
Referencias

Capítulo 7
Os trastornos mentais e do comportamento máis relevantes 201

7.1. Os trastornos mentais e do comportamento
7.2. Esquizofrenia e trastornos psicóticos
7.3. Trastornos de ansiedade
7.4. Trastornos do estado de ánimo (depresión e trastorno bipolar)
7.5. Trastornos por consumo de substancias psicoactivas e outras adiccións
7.6. Trastornos infanto-xuvenís e do do neurodesenvolvemento
7.7. Trastornos do comportamento alimenticio
7.8. Os trastornos de personalidade e trazos relacionados
7.9. Outros trastornos
Referencias

Capítulo 8
A atención á saúde mental en Galicia 223

8.1. O Sistema Sanitario Público e os seus dispositivos asistenciais
- 8.1.1. A demanda da saúde mental en Atención Primaria
  - 8.1.1.1. Equipos de atención primaria
  - 8.1.1.2. Servizos de urxencias/Puntos de Atención Continuada (PAC)
  - 8.1.1.3. Manexo dos principais problemas de saúde mental nas consultas de Atención Primaria
- 8.1.2. A atención especializada en Saúde Mental
  - 8.1.2.1. Programa de enlace Atención Primaria-Hospitalaria
  - 8.1.2.2. Urxencias de Psiquiatría
    - 8.1.2.2.1 O programa Acougo

8.1.2.3. Unidade de Saúde Mental de Adultos (USM)
8.1.2.4. Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil (USM IX)
8.1.2.4.1. Unidade de Atención Temperá
8.1.2.5. Unidade de Psicoxeriatría
8.1.2.6. Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Adultos (Breve)
8.1.2.7. Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infanto-Xuvenil
8.1.2.8. Hospital de Día de Adultos
8.1.2.9. Hospital de Día Infanto-Xuvenil
8.1.2.10. Unidade Hospitalaria de Rehabilitación Psiquiátrica
8.1.2.10.1. Unidade de Media Estancia (Subagudos, Rehabilitación Psiquiátrica, Coidados de Rehabilitación)
8.1.2.10.2. Unidade de Longa Estancia ou Unidade de Coidados Especiais de Rehabilitación
8.1.2.11. Programa de Hospitalización Psiquiátrica a Domicilio
8.1.2.12. Unidade de Continuidade de Coidados
8.1.2.13. Programa de Atención Sociosanitaria
8.1.2.14. Programa de Interconsulta e Enlace Hospitalario en Psiquiatría
8.1.2.15. Centros de Orientación Familiar (COF)
8.1.2.16. Programas específicos (autismo, primeiros episodios psicóticos, disforia de xénero)
8.1.2.17. Unidade de Prevención de Condutas Suicidas
8.1.2.18. Unidade de Trastornos da Conduta Alimentaria
8.1.2.19. Unidade de Apoio Socio-Comunitario para a Atención ao Trastorno Mental Grave (Pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais)
8.2. A Rede de Trastornos Adictivos de Galicia
8.3. A atención privada á saúde mental: desde as consultas privadas á atención hospitalaria
8.4. A atención prestada polas asociacións de saúde mental
8.5. Papel dos familiares e coidadores dos pacientes con trastornos mentais
8.6. As persoas con trastornos mentais que non buscan axuda
Referencias

Capítulo 9
Retos actuais relevantes en saúde mental 253

9.1. Ética e saúde mental
9.2. Os dereitos do paciente con trastornos mentais
9.3. A estigmatización e discriminación dos pacientes de saúde mental
9.4. Mellorar o coñecemento da poboación sobre os trastornos mentais: a alfabetización en saúde mental
9.5. Uso de novas tecnoloxías en saúde mental
9.6. O desenvolvemento e acceso a novos tratamentos en saúde mental
9.7. Introducir programas innovadores para a saúde mental
9.8. A problemática das listas de espera
9.9. O incremento do custo sanitario e social dos trastornos mentais
Referencias

Capítulo 10
Como previr os trastornos mentais e mellorar a saúde mental 271

10.1. A prevención en saúde mental
10.2. A prevención da depresión
10.3. A prevención do suicidio
10.4. A prevención dos trastornos de ansiedade
10.5. A prevención en drogodependencias e adiccións comportamentais
10.6. A prevención dos trastornos da infancia e da adolescencia
10.7. A prevención da psicose
10.8. A prevención o ámbito laboral
10.9. Como potenciar a prevención en saúde mental

Capítulo 11
Como mellorar a accesibilidade e o tratamento dos trastornos mentais e do comportamento 295

11.1. A accesibilidade aos servizos de saúde mental
11.2. O necesario incremento dos profesionais e servizos de saúde mental
11.3. Os tratamentos en saúde mental son eficaces e custo-efectivos
11.4. A multidisciplinariedade, interdisciplinariedade e coordinación en saúde mental
11.5. Perspectiva de futuro desde a situación actual
Referencias

Capítulo 12
Recomendacións 311

1. A nivel social
2. A nivel sanitario
    2.1. En atención primaria
    2.2. En atención especializada á saúde mental
    2.3. Noutros recursos asistenciais
3. A nivel laboral

Resumen executivo

Capítulo 1
A saúde mental como un grave problema sanitario e social

A Organización Mundial da Saúde (OMS) definiu a *saúde* como "un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades" e a *saúde mental* como "un estado de benestar no cal cada individuo desenvolve o seu potencial, pode afrontar os estresores vitais, pode traballar de forma produtiva e frutífera, e pode achegar algo na súa comunidade". Polo tanto, a saúde non é solo física senón tamén mental.

A saúde mental é hoxe unha preocupación social dada a súa alta prevalencia e a importante carga de enfermidade e discapacidade que produce. Ademais, non podemos esquecer que a pandemia producida polo covid-19 e a post-pandemia incrementaron e agravaron os problemas de saúde mental xa existentes, sobre todo os de ansiedade e depresión.

Na actualidade o estado do benestar oriéntase ao desenvolvemento de políticas e programas públicos destinados a garantir as necesidades básicas de benestar dos cidadáns. En España, o estado do benestar susténtase en tres piares: educación, pensións e sanidade, engadíndose máis recentemente a atención ás persoas en situacións de dependencia. A el dedícase o 23,1% do PIB, aínda que está por debaixo da media da Unión Europea, que é do 26,7%.

A atención á saúde mental en Galicia non difire moito do resto das comunidades autónomas, con algunhas pequenas diferenzas. Polos datos da prevalencia dos trastornos mentais, número de profesionais, recursos, etc., non estamos na situación ideal nin en España nin en Galicia, pero hoxe hai un ambiente favorable para que se mellore a asistencia á saúde mental.

Capítulo 2
Que din os informes internacionais, nacionais e de Galicia sobre a saúde mental?

A OMS elaborou distintos informes sobre a saúde mental. Neles indícase que as taxas dos trastornos máis frecuentes, a depresión e a ansiedade, aumentaron un 25% durante o primeiro ano da pandemia do covid-19, sumándose aos xa case 1.000 millóns de persoas que sufrían algún trastorno mental antes da mesma. Dentro dos factores que se relacionan coa saúde mental están os individuais, familiares, comunitarios e estruturais. Respecto aos trastornos máis relevantes, ademais da depresión e ansiedade, destaca a esquizofrenia. O custo dos trastornos mentais é enorme, incluíndo perdas de produtividade e outros custos indirectos. Asemade, unha importante preocupación da OMS é a prevención do suicidio. Tamén, nos últimos anos dáse unha gran relevancia ao lugar de traballo en relación á saúde mental.

Todo isto foi operativizado pola OMS no seu plan de acción integral sobre saúde mental, elaborado en 2012 e actualizado en 2022, no "*Plan de acción integral sobre saúde mental 2013-2030"*. Tamén no ano 2023 a Comisión Europea aprobou a "*Comunicación da Comisión da UE ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre un enfoque global da saúde mental*. Nela recóllense os aspectos máis destacados da situación da saúde mental na UE e as medidas que hai que tomar para mellorala. Isto levou a que o Parlamento Europeo aprobase en 2023 o *Informe sobre Saúde Mental*.

O Ministerio de Sanidade de España en 2021 aprobou a *Estratexia de Saúde Mental* para o período 2022-2026 por parte do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, actualizando as previas. E, no ano 2025 aprobouse o Plan de Acción de Saúde Mental para os anos 2025-2027 do Ministerio de Sanidade, xunto co Plan de Acción para a Prevención do Suicidio.

Xunto ó anterior, nestes anos publicáronse distintos informes sobre a saúde mental en España, por parte de organismos ou asociacións, como a Confederación Saúde Mental España e a Mutua Madrileña, a Confederación de Saúde Mental de España, o Consello Xeral de Colexios Farmacéuticos, e o Libro branco da psiquiatría en España entre outros. En todos queda clara a relevancia da saúde mental e da necesidade de prestarlle máis atención.

En Galicia contamos con distintos plans de saúde mental, sendo de referencia o *Plan de saúde mental poscovid* da Xunta de Galicia de 2020 e a Estratexia Sergas 2020, para o ámbito da saúde mental. En todos eles indícase a necesidade de avanzar en aspectos como: mellorar a atención aos distintos trastornos mentais, incluíndo grupos como o da infancia e adolescencia e persoas maiores, dar axeitadas respostas asistencias e incrementar os recursos para a saúde mental.

Capítulo 3
A saúde mental en Galicia: comparativa con España e outros países

Hai catro trastornos en adultos que aparecen como os máis prevalentes en adultos, os trastornos depresivos, de ansiedade, adictivos e a esquizofrenia. Hai moitos outros, pero o seu nivel de prevalencia é menor. Na infancia e adolescencia predominan os trastornos de ansiedade, os depresivos, o trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), os trastornos de conduta, os trastornos da conduta alimentaria e os trastornos do espectro autista (TEA). Tamén ten gran relevancia na adolescencia o inicio no consumo de substancias e a aparición de problemas derivados do mesmo.

Dispoñemos de estudos de prevalencia dos trastornos mentais en distintos países. Así, no do SAMHSA do Ministerio de Saúde norteamericano, elaborado en 2022, un 23,1% da poboación xeral tería algún trastorno mental no último ano. En adolescentes de 12 a 17 anos un 19,5% tivo un episodio depresivo maior nos últimos 12 meses e un 24,7% destes menores tiveron conxuntamente un episodio depresivo maior e un trastorno por consumo de substancias. Ademais, un 6,5% destes mozos fixo plans de suicidio e un 3,7% tentou suicidarse. Noutras enquisas norteamericanas, como a do NHIS, feita en 2020, o 20,3% dos adultos recibiu algún tratamento de saúde mental nos últimos 12 meses. A prevalencia dos trastornos mentais é maior en mulleres (25,6%) que en homes (14,6%) e, os que viven en zonas rurais teñen máis problemas de saúde mental: 19,3% en cidades, 21,4% en poboacións medias ou pequenas e un 21,7% en non metropolitanas.

No Canadá, os datos da *Mental Health and Access to Care Survey* de 2022, en persoas de 15 ou máis anos, mostran un claro incremento dos trastornos mentais entre o ano 2012 e o 2022 (ex., episodio depresivo maior: 4,7 vs. 7,6%; trastorno de ansiedade xeneralizada: 2,6 vs. 5,2%).

En Australia, no estudo do *National Study of Mental Health and Willbeing*, de 2023, en persoas de 16 a 85 anos, un 43% experimentou un trastorno mental ao longo da súa vida e un 22% no último ano. En persoas de 4 a 17 anos, nos últimos 12 meses, tiñan un 7% de TDAH , un 7% de trastornos de ansiedade, un 3% de trastorno depresivo maior e un 2% de trastorno de conduta.

Outros estudos feitos en Europa indican resultados na mesma liña. O Eurobarómetro sobre saúde mental durante a pandemia indicou que durante a mesma o

46% dos europeos experimentaron problemas emocionais ou psicosociais e con carencia de recursos para atender as demandas de saúde mental.

Para España dispoñemos de distintos informes sobre a prevalencia dos trastornos mentais. A enquisa de referencia é a feita en 2017 polo Instituto Nacional de Estatística (INE), a *Enquisa Nacional de Saúde*. Nela un 10,8% da poboación de 15 ou máis anos padecía un trastorno mental, sendo os máis prevalentes a ansiedade e a depresión. Un 9,1% das mulleres e un 4,3% dos homes indicaron que padecían ansiedade crónica, e un 9,2% de mulleres e un 4% de homes depresión. Asturias e Galicia teñen as prevalencias máis altas de trastornos mentais. Os datos en Galicia son dunha prevalencia do 16,2% en homes e un 21,9% en mulleres, nas persoas de 65 ou máis anos un 31,3% indicou ter deterioro cognitivo e, na poboación infanto-xuvenil, un 1,8% tiña trastornos de conduta (incluíndo a hiperactividade), un 0,6% outros trastornos mentais (ansiedade, depresión) e un 0,6% TEA. Galicia ocupa o segundo posto, despois de Asturias, cun 9,5% da poboación que consume antidepresivos, e o primeiro no consumo de tranquilizantes, relaxantes e pastillas para durmir, cun 16,7% da poboación. Ademais, un 5,4% acudiu ao psicólogo, psicoterapeuta ou psiquiatra nos últimos 12 meses (7,9% mulleres, 3,2% homes).

Tamén destaca a *Enquisa Europea de Saúde en España* de 2022, do Ministerio de Sanidade, onde se recolle que un 34% da poboación padeceu na vida algún problema de saúde mental, sendo esta porcentaxe maior nos grupos de maior idade: nos de 50 ou máis anos increméntase ata o 40% e nos de 85 e máis anos ata o 50%. Os trastornos máis frecuentes rexistrados na historia clínica de atención primaria son os de ansiedade (10,7%), soño (8,2%) e depresión (4,8%) e, en menores de 25 anos, os trastornos de ansiedade (3,3%), trastorno específico de aprendizaxe (2,9%) e problemas hipercinéticos (2,5%).

Na mesma liña, no *Rexistro de problemas de saúde mental en atención primaria*, os datos de 2021, que coinciden cun dos períodos de confinamento pola pandemia do covid-19, un 12,7% tiña un trastorno de ansiedade (16,5% mulleres; 8,7% homes); un 4,7% depresión (6,6% mulleres; 2,7% homes); un 7,9% presentaba un trastorno de soño (8,4% mulleres; 7,4% homes) e un trastorno hiperactivo o 0,77% (0,39% mulleres, 0,16% homes). Vese un incremento significativo dos trastornos mentais atendidos en atención primaria, de 2017 a 2021..

En relación coa conducta suicida en Europa o número de suicidios aumenta coa idade. O nivel máis alto teno Estonia (21,1 mortes por 100.000 habitantes), seguida de Eslovenia (19,8) e Hungría (15,8). As taxas máis baixas son as de Chipre (2,7), seguida de Grecia (4,2) e Italia (5,9). España está nunha situación media baixa, sendo Asturias e Galicia as comunidades con taxas máis altas (11 e 10,9 por 100.000 habitantes, respectivamente). En España en 2023 houbo 4.116 suicidios.

Tamén dispoñemos doutras enquisas representativas, como son as do Plan Nacional sobre Drogas, sobre consumo de drogas en poboación escolarizada, adulta e laboral; enquisas do Centro de Investigacións Sociolóxicas sobre a saúde mental e o covid-19 e distintos estudos en estudantes universitarios.

En Galicia dispoñemos dun estudio do ano 2017, en adultos, onde un 21,6% tiveron algún trastorno mental ao longo da súa vida, sendo do 7,4% nos últimos 12 meses. Os trastornos máis prevalentes son os trastornos do estado de ánimo (9,9% algunha vez na vida e 3,7% nos últimos 12 meses), os trastornos de ansiedade (5,7% e 3,1%) e trastorno por consumo de substancias (10,5% e 1,7%). Respecto á ideación suicida, para algunha vez na vida, un 4,3% tiveron pensamentos suicidas, un 1,3% un plan suicida e un 1,2% intentos de suicidio. Outro aspecto relevante en Galicia, polo envellecemento da poboación, é o deterioro cognitivo e os trastornos relacionados co mesmo.

Capítulo 4
As causas do incremento dos problemas de saúde mental

Son varias as causas que explican os problemas de saúde mental, é dicir, por que unhas persoas desenvolven trastornos mentais ao longo da vida. Avalíanse factores xenéticos e biolóxicos, factores culturais, sociais, familiares, ambientais, ecolóxicos, escolares, socioeconómicos, laborais e rede de apoio social, e factores psicolóxicos.

Dentro dos factores biolóxicos e xenéticos destaca a esquizofrenia, onde o risco de padecela en xemelgos univitelinos é do 48%, en bivitelinos do 17%, en familiares de primeiro grao do 9%, de segundo grao do 4% e do 1% para os non emparentados. Outros estudos indican, no caso do consumo de drogas, que a carga hereditaria está entre o 33 e o 54%, que é unha porcentaxe similar ó peso do ambiente. Hoxe en día sabemos que hai moitos xenes implicados nos distintos trastornos mentais.

Outro relevante factor biolóxico é a maduración fetal, e os danos fetais no embarazo ou no nacemento. Dentro do proceso madurativo do cerebro están implicados os circuítos cerebrais, distintos neurotransmisores, as hormonas e o consumo de drogas e medicamentos por parte da nai. Todo iso inflúe no desenvolvemento fetal e no resultado posterior. Así, o consumo de drogas por parte da nai relaciónase coa presenza de problemas de saúde mental e co consumo de drogas posteriormente nos seus fillos. Especificamente, o papel do consumo de alcol e dos psicoestimulantes é moi relevante na muller embarazada.

Trastornos tan prevalentes como os depresivos, de ansiedade, ou o estrés, poden estar asociados á desnutrición, mala alimentación ou inseguridade alimentaria. Asemade, a exposición a distintas substancias tóxicas que entran no organismo coma metais pesados, químicos que alteran o sistema endócrino e pesticidas, están relacionados con trastornos mentais en nenos.

Nos últimos anos o estudo da microbiota e da inflamación cobrou unha gran relevancia tanto para distintas enfermidades físicas como para varios trastornos mentais. As alteracións da microbiota relaciónanse coa inflamación, incluso varios estudos relacionan a depresión cun trastorno inflamatorio.

O estrés afecta directamente á saúde a través de respostas automáticas e neuroendocrinas e, indirectamente, producindo trastornos. O estrés crónico causa problemas de saúde física e mental. Produce respostas biolóxicas e psicolóxicas. Entre as biolóxicas están cambios hormonais, do sistema cardiovascular, metabólico ou neuroendocrino. Nunha situación de estrés actívanse dous sistemas: o SAM (simpático-adrenal-medular) e o HPA (hipotálamo-pituitaria-adrenal). O cortisol é a principal hormona efectora primaria do sistema de resposta ó estrés do eixo HPA.

Na saúde mental, os neurotransmisores e, en xeral o cerebro humano, teñen un papel central. O balance entre os diferentes neurotransmisores é fundamental para manter a estabilidade das redes neurais que sustentan as nosas capacidades cognitivas, emocionais e condutuais.

Diversas enfermidades orgánicas e o uso de determinados medicamentos, non directamente vinculados con trastornos mentais, tamén poden desencadear ou exacerbar síntomas neuropsiquiátricos de depresión, ansiedade e mesmo psicose. Enfermidades como as relacionadas co sistema endocrino (ex., alteracións da glándula tiroide), sistema inmunolóxico (ex., o lupus eritematoso sistémico), sistema metabólico e carencial (ex., deficiencia de vitamina B12), sistema dixestivo (ex., cirrose hepática), sistema renal (ex., insuficiencia renal), sistema nervioso (ex., enfermidades como a epilepsia), enfermidades neurodexenerativas (ex., Parkinson), trastornos xerais e infeccións sistémicas (ex.,

neumonía) ou a dor crónica. No caso dos fármacos que poden ocasionar ou exacerbar alteracións neuropsiquiátricas destacan os corticosteroides, betabloqueantes, e opioides, entre outros.

As experiencias infantís adversas xa inciden negativamente na etapa prenatal e posteriormente na nenez e adolescencia, chegando os seus efectos ata a adultez (e mesmo a vellez). Os eventos traumáticos na infancia incrementan a probabilidade de ter un trastorno mental posteriormente e asócianse cun maior risco de padecer trastornos como depresión, ansiedade e abuso de substancias, entre outras.

A adolescencia é un período de transición único no que converxen cambios físicos, psicolóxicos e sociais. O estudo deste proceso é esencial para entender porque moitas patoloxías psiquiátricas, como a depresión, a ansiedade e algúns trastornos do comportamento, teñen a miúdo os seus primeiros síntomas ou agrávanse durante a mesma. Nel están presentes o sistema endocrino, o desenvolvemento cerebral, o sistema límbico, o ciclo do soño, sen obviar o papel da xenética. Ademais, nesta etapa da vida están especialmente expostos a factores de estrés psicosocial (ex., presión de grupo).

Hai distintos factores ambientais e sociais relacionados coa saúde mental. Dentro dos factores culturais, familiares e de crianza son de gran relevancia o tipo de cultura (normas sociais, sistema socioeconómico, relixión, características específicas desa cultura), a socialización e o estilo de crianza, a desorganización familiar, a falta de proxenitores e nivel de apego, os malos tratos infantís e experiencias infantís adversas, a historia familiar de consumo de drogas ou ter un trastorno mental os pais, a carencia de oportunidades ou incerteza (reais ou subxectivas), o alto nivel de estrés social e a existencia de eventos vitais estresantes, xunto coas redes sociais de Internet,

Dentro dos factores ambientais e ecolóxicos están o ambiente físico (urbanización, polución por ruído e lumínica, temperatura, espazos verdes, cambio climático, etc.), variables sociodemográficas (sexo, xénero, idade, nivel económico e estudos), o lugar de residencia e o cambio frecuente de vivenda, escola ou traballo (mobilidade). Dentro dos factores escolares temos a calidade da escola e clima social positivo, as expectativas académicas e de futuro adquiridas na escola, o estrés escolar pola presión académica, o fracaso escolar ou abandono temperán da escola, a violencia escolar e o bullying. Por último, respecto aos factores socioeconómicos e laborais relaciónase coa mala saúde mental o baixo nivel de ingresos e baixa renda per cápita familiar, o desemprego, a pobreza, ter débedas, e o acoso e estrés laboral. En cambio, contar cun adecuado apoio social está asociado cunha mellor saúde mental.

Dentro dos factores psicolóxicos temos varios relacionados coa saúde mental, como a presenza de trauma agudo e crónico, como os casos de abuso físico, psicolóxico ou sexual, morte dun ou ambos pais, accidentes, guerras, violación, atraco, abandono na infancia, divorcio conflitivo dos pais ou a ruína económica; ou os procesos de aprendizaxe, a motivación e outros procesos psicolóxicos, que se relacionan directamente coa saúde mental.

A personalidade, definida como patróns característicos e distintivos de pensamento, emoción e conduta que definen un estilo persoal do individuo de interactuar co ambiente físico e social, abarca os comportamentos habituais do individuo, o seu modo de ver a realidade e as súas emocións e motivacións, é relevante a nivel clínico dado que incide tanto na saúde física como mental. Os trazos de estabilidade emocional e conciencia asócianse a ter unha mellor saúde física e mental.

O estrés psicolóxico ten unha gran relevancia nos trastornos mentais, a través dos estresores vitais ou eventos vitais estresantes. Son moitos os existentes, aínda que varían pola súa relevancia (ex., non é o mesmo a perda de emprego que a morte da parella cando é nova). O estrés pode producir dende reaccións de medo ou pánico ata trastornos

psicóticos ou trastorno de estrés postraumático. O estrés psicolóxico asóciase significativamente coa presencia de baixas laborais, o cal é un problema importante tanto para os traballadores como para as empresas.

Dentro dos procesos cognitivos relacionados co desenvolvemento e mantemento de distintos trastornos mentais destacan as crenzas, as expectativas e os nesgos cognitivos. As *crenzas* permítennos crear a nosa realidade subxectiva e manexar a información discordante que recibimos. As crenzas disfuncionais relaciónanse con distintos trastornos mentais (ex., na depresión ou no trastorno de estrés postraumático). As *expectativas* son un elemento cognitivo que lle permite á persoa anticipar ou esperar un evento particular. Son as crenzas sobre que ocorrerá ao levar a cabo certa conduta, poden ser positivas ou negativas, e derívanse dos coñecementos e esquemas sobre o mundo que ten a persoa. Os *nesgos cognitivos* teñen unha gran relevancia nos xuízos que facemos e na toma de decisións, especialmente en situacións de incerteza. Os nesgos non seguen as regras da lóxica nin dun pensamento racional e baséanse nas nosas intuicións.

A incerteza é un estado desagradable no que a persoa ten unha preocupación, un problema ou debe tomar unha decisión, pero non é capaz de facelo ao non poder prever claramente as súas consecuencias. Asociase coa presenza de problemas de saúde mental, independentemente da etapa da vida..

Por último, dentro dos factores psicolóxicos, destaca o desenvolvemento psicolóxico que vai paralelo ao físico, emocional e social ao longo de toda a adolescencia, sendo esta unha etapa determinante na aparición de moitos trastornos mentais e o inicio no consumo de drogas.

Capítulo 5
A saúde mental na contorna laboral

Aínda que o interese pola saúde mental a nivel laboral ten unha longa historia, a partir da pandemia producida polo covid-19, co consecuente confinamento e cambio nas condicións laborais (sobre todo coa potenciación do teletraballo e dos ERTES), é cando se incrementa considerablemente o interese pola mesma. O estrés laboral é un problema ao que se lle prestou atención tradicionalmente no campo laboral, existindo normativas orientadas a reducilo. Sabemos que os cambios nas condicións laborais, non sempre as desexadas ou as esperadas, poden levar a un incremento do estrés, un maior malestar, un menor rendemento laboral e máis enfermidades físicas e trastornos mentais.

Neste anos elaboráronse informes relevantes da incidencia da saúde mental a nivel laboral, como os da OMS, o *Surgeon General* norteamericano, a Unión Europea, o Ministerio de Sanidade, o Ministerio de Traballo e Seguridade Social, o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, e organizacións sindicais, empresariais e do Consello Económico e Social de España.

A OMS na súa guía máis recente indica que o 15% dos traballadores adultos teñen un trastorno mental ao longo da súa vida, fundamentalmente depresión ou ansiedade. A presenza destes trastornos carrexa un elevado custo debido ás baixas laborais. Destaca tamén o informe da Organización Panamericana da Saúde "*Saúde para todos: transformar a economía para que proporcione o que importa. Informe final do Consello sobre Aspectos Económicos da Saúde para Todos*". Considera que a saúde, as desigualdades e a emerxencia climática son as tres principais crises do noso tempo, indicando a necesidade de adoptar medidas preventivas para abordar os determinantes sociais e económicos da saúde, insistindo en que facelo é un investimento, non un custo.

A Unión Europea (UE) vén prestando moita atención á saúde mental en relación ao mundo laboral. A Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (EU-

OSHA) no informe ESENER achega datos sobre a percepción e xestión dos riscos psicosociais nas empresas europeas. Entre os seus principais achados destaca que unha alta porcentaxe de empresas recoñece a existencia de problemas relacionados co estrés laboral, o acoso e a violencia no traballo, aínda que existe unha importante variabilidade segundo o sector, tamaño empresarial e país.

Dispoñemos tamén de varios informes nacionais. Nos do Ministerio de Sanidade sempre se incluía algunha referencia á saúde mental dentro da incidencia dos problemas de saúde por cuestións laborais. Pero destaca o informe do ano 2022 onde recoñece que o mundo laboral é moi importante na vida das persoas, dado o elevado número de horas que nos ocupa o traballo, e apunta como máis relevantes o estrés e os riscos psicosociais. Os novos cambios que se produciron a nivel laboral nos últimos anos, acelerados pola pandemia do covid-19, levaron a un incremento destes dous factores e, por tanto, a máis problemas de saúde mental.

Desde a Vicepresidencia segunda do Goberno, Ministerio de Traballo e Economía Social elaborouse un informe no ano 2023, sobre a relación entre a precariedade laboral e a saúde mental. Este informe adoece da escasa participación de expertos do campo sanitario e laboral, do mesmo xeito que no comité científico-social externo. O marco global do informe é reducir a precariedade laboral, asumindo que esta é a "causa", ou "única causa" dos problemas de saúde mental.

A saúde mental vén sendo un tema de preocupación por parte de distintos sectores sociais, proba diso son as organizacións sindicais e empresariais. Así, tanto a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UXT), como Comisións Obreiras (CCOO), e a Confederación Intersindical Galega (CIG), elaboraron en anos recentes documentos sobre a saúde mental no traballo facendo propostas para a súa mellora. Na mesma liña, o Consello Económico e Social de España elaborou un amplo informe "*O sistema sanitario: situación actual e perspectivas para o futuro*" suxerindo varias accións que habería que poñer en práctica en saúde mental.

Tamén temos varios informes autonómicos. Así, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) céntrase na seguridade e saúde laboral co obxectivo de reducir ou eliminar os riscos laborais, dispoñendo dalgúns datos de partes de accidentes de traballo, enfermidades profesionais da Seguridade Social e das patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo.

O consenso sobre a necesidade de tomar medidas para o coidado da saúde mental no traballo queda clara na enquisa que contestaron en Galicia tanto os sindicatos máis representativos no ámbito galego (CIG, CCOO, UXT) como a Confederación de Empresarios de Galicia. Nela recóllese a gravidade dos problemas de saúde mental en Galicia, o seu claro incremento nos últimos anos, en parte polo cambio do tipo de traballo, a necesidade de prestarlle máis atención e medios á saúde mental e que se potencie a prevención dos trastornos mentais no eido laboral. Tamén recollen a necesidade de que se lle de máis peso ós Servizos de Vixilancia da Saúde.

O anterior debe facerse tendo en conta os factores de risco e de protección no eido laboral para a saúde mental. Por exemplo, son factores de risco no traballo determinados factores persoais e sociais, as características do posto de traballo e factores socioeconómicos. E son factores de protección ter traballo e identificarse con el.

A prevención dos riscos psicosociais é un eixo fundamental na prevención da saúde mental. É relevante coñecer as causas do estrés laboral, xestionar e evitar os riscos para a saúde mental existentes no lugar de traballo, informar sobre a abordaxe da saúde mental e o benestar identificando os perigos, avaliando os riscos e as medidas de control, notificación dos riscos, cualificación do persoal, ter claras as responsabilidades do sistema de saúde, xestión adecuada dos recursos humanos, e promover a saúde,

rehabilitación e retorno ao traballo, xunto coa igualdade e a loita contra a discriminación. En España dispoñemos de normas legais para elo, como o Estatuto dos Traballadores e a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Todo o anterior faise nas empresas a través do Servizo de Vixilancia da Saúde para mellorar a saúde no traballo e as condicións laborais para que as persoas non desenvolvan problemas de saúde. Unha das súas funcións é observar e corrixir condicións de traballo que poidan levar a unha mala saúde, incluída a saúde mental.

As incapacidades dos traballadores están recollidas na lexislación vixente, como é o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Prevención de Riscos Laborais, a Lei da Seguridade Social, e outras normas desenvolvidas a partir das mesmas. Pola súa relevancia temos moitas guías sobre a incapacidade laboral (ex., Instituto Nacional da Seguridad Social). Nelas, un apartado sempre está dedicado aos trastornos mentais, tendo algúns deles un período longo de tempo de incapacidade.

Polo tanto, a contorna laboral pode ser unha fonte de satisfacción, pero tamén de problemas. Un dos factores clásicos vinculados coa mala saúde mental e co xurdimento de problemas, patoloxías e enfermidades físicas, é o estrés laboral. De aí a necesidade de ter programas específicos para reducilo. Outros problemas que nos últimos anos están a ser foco de atención no eido laboral son o *mobbing* (acoso moral, acoso psicolóxico), o *burnout* (síndrome de estar queimado polo traballo), a problemática do traballo a quendas, o teletraballo e a ergodependencia (estrés que sofre o traballador polo seu tipo de emprego que lle obriga a facer unha actividade tan intensa que non pode descansar adecuadamente durante longos períodos de tempo). Outro aspecto para ter en conta é a preocupación que o traballador pode ter respecto a demandar tratamento por problemas de saúde mental cando o precisa, en canto ao que dirán, ao estigma ou mesmo a que poida perder o posto de traballo, a pesar de estar protexido pola normativa existente. Igualmente, é preciso ter en conta, dada a súa relevancia no contexto laboral, o proceso de incorporación laboral despois de ter un problema de saúde mental.

Por último, o absentismo laboral por incapacidade temporal en España presenta unha alta concentración nun pequeno grupo de persoas traballadoras. O 16,6% do total de persoas empregadas do Réxime Xeral acumulou o 69,6% dos procesos de baixa e o 64,5% das xornadas perdidas en 2023. Do mesmo xeito, hai dificultade para cubrir vacantes en determinados sectores. Isto implica, cando hai unha vacante ou unha baixa, unha intensificación da carga laboral para o resto do persoal, en moitos casos ante a imposibilidade de cubrir tal praza, o que pode agravar os riscos psicosociais pre-existentes e tamén os problemas de saúde mental, neste caso tanto agravalos como precipitalos.

Capítulo 6
Novos problemas e factores facilitadores da situación da saúde mental actual

Asistimos nos últimos anos a presenza de novos problemas e factores facilitadores do incremento dos problemas de saúde mental. Un exemplo é a globalización. O fenómeno máis visible dela é Internet, que permite a rápida difusión mundial, afectando a contextos diversos como é a economía, a tecnoloxía, novas formas de comunicación e incluso ir cara a un pensamento único e cambios no papel do estado tradicional.

En relación coa saúde mental a globalización apréciase nas sociedades desenvolvidas polo incremento da diversidade étnica e cultural, sobre todo pola inmigración cara aos países máis desenvolvidos. Nos países con baixo nivel de desenvolvemento ou en vías de desenvolvemento, a relación entre saúde mental e globalización é máis complexa, cunha gran incidencia negativa nas zonas rurais, maior incidencia nos mozos e nos países asiáticos.

O fenómeno da globalización témolo presente en Galicia, onde estamos a sufrir un cambio importante en poucas décadas, pasando de vivir as persoas maioritariamente na zona rural a zonas urbanas, con cambios no mercado laboral e co paulatino paso da economía baseada na pesca, agricultura e gandería á industrialización, servizos e outros traballos.

Aos clásicos determinantes sociais dos problemas de saúde mental como as condicións socioeconómicas, acceso á educación, desigualdade, violencia, illamento, estigma, condicións de vivenda, etc., únense novos condicionantes como son a hiperconectividade dixital, o cambio climático, a sobrecarga de información, a polarización política, a diminución da privacidade, o traballo en remoto e a perda dos límites coa vida privada, a exposición a contidos impactantes, as expectativas sobre a autoimaxe, etc. Tamén afectan outros cambios centrados nas dinámicas laborais, cun aumento no traballo en remoto e a economía colaborativa.

O estrés é unha das principais problemáticas da sociedade actual. Entre os seus factores de influencia atópanse o ritmo de vida acelerado e a constante adaptación ós cambios; a sobrecarga laboral, en ocasións caracterizada por horarios extensos, inseguridade pola permanencia e a presión polo rendemento; a tecnoloxía e a conectividade permanente, que inflúen na dispoñibilidade e sobreexposición á información; as esixencias económicas, polo elevado custo da vida, as débedas e a incerteza financeira; e o deterioro das relacións interpersoais pola falta de contacto real e a presión pola imaxe social en redes. Cando o estrés vólvese crónico pode ter efectos prexudiciais na saúde física e mental. Fenómenos como o acoso laboral ou *mobbing* e o *burnout*, ou síndrome de desgaste profesional, inciden negativamente nos traballadores.

Outro aspecto a ter en conta son os cambios no ambiente que estamos a sufrir nos últimos tempos que afectan aos reforzos, a gratificación e o pracer, básicos para a nosa supervivencia, que forman parte do proceso de aprendizaxe que vén modulado de modo importante polo ambiente. Hoxe temos elementos externos novos moi reforzantes, co risco de producir procesos compulsivos ou adictivos. Referímonos ó acceso e posibilidade de consumir drogas que producen adicción; e aos novos e constantes estímulos que recibimos a través de Internet e as redes sociais.

A tecnoloxía mellora a calidade de vida facilitando tarefas diarias, desde a automatización no fogar ata avances en medicina e saúde. A nivel individual, o uso excesivo da tecnoloxía pode xerar adicción, ansiedade, menor capacidade de concentración (diminuíndo a produtividade), de memoria (como o "efecto Google", que é a tendencia a lembrar menos información porque sabemos que está dispoñible en liña) ou illamento social. A constante exposición a datos e estímulos pode xerar estrés e fatiga mental, e a facilidade de acceso a entretemento e recompensas dixitais xera unha gratificación instantánea que pode reducir a tolerancia á frustración.

O uso de Internet e as redes sociais transformou significativamente a forma en que nos comunicamos e accedemos á información. A utilización dos dispositivos móbiles conectados resta tempo a outras actividades saudables e imprescindibles para o correcto desenvolvemento psicoemocional, como actividades deportivas, sociais e, en xeral, actividades ao aire libre.

Un aspecto que cobrou relevancia nos últimos anos, sobre todo no confinamento pola pandemia do covid-19, como posteriormente á mesma, foi o *malestar*, en forma de emocións negativas como medo, tristeza, culpa, enfado, vergoña, etc. É unha advertencia de que podería chegar a desenvolverse un trastorno mental se a intensidade aumenta. O incremento do número de persoas que acoden a atención primaria por problemas de malestar é con frecuencia atendido cunha abordaxe farmacolóxica, en moitos casos inadecuado e ineficaz, sendo o malestar no traballo un tema recorrente. Así, o 27,4% das

persoas atendidas en atención primaria presenta algún problema psicolóxico ou trastorno mental, cunha frecuencia maior en mulleres (30,2%) que en homes (24,4%). Claramente, isto ten un enorme custo e só fai referencia á atención primaria. Os datos do Consello Económico e Social de España (2024) sinalan que o gasto total en saúde mental en España é duns 60.000 millóns de euros ao ano, o que representa un 4,2% do PIB.

O *burnout*, tamén coñecido como sentirse queimado no traballo ou desgaste profesional, é unha das consecuencias do estrés, o cal ocorre sobre todo cando a situación que produce estrés é continua no tempo. Iso leva á persoa a sentirse cansa, esgotada, desmotivada, seguido logo de consecuencias físicas (ex., dor de cabeza, problemas para durmir) ou psicopatolóxicas (ex., ansiedade, depresión) e problemas co consumo de substancias (ex., alcol ou medicación psicoactiva sen receita).

Unha atención especial merece o estrés laboral nas mulleres, sobre todo cando teñen fillos ou outras responsabilidades fóra do traballo (Gyllenstein e Palmer, 2005). Elas están expostas a estresores específicos por ser muller, como son os roles múltiples (ex., demandas profesionais e familiares), carencia de progreso profesional, discriminación e estereotipos. Ocorre sobre todo no grupo de mulleres de maior status socioeconómico e en todo tipo de ocupacións (Le *et al.*, 2022).

4.3.6. Rede de apoio social

O apoio social está asociado coa saúde mental. É un factor protector da mesma, un mal apoio social facilita ter máis trastornos mentais (Wang *et al.*, 2018). Mentras que telo asóciase con baixos niveis de depresión, ansiedade, estrés percibido e maior satisfacción coa vida (Uchino *et al.*, 2016). O apoio familiar, o dos amigos ou doutras redes sociais, como poden ser a dos compañeiros de traballo, asociacións, grupos organizados socialmente, etc., son útiles, sobre todo cando hai dificultades para a resolución de problemas e precísase consello ou axuda.

Considéranse polo menos dous tipos de apoio social. O apoio social recibido (o que se recibe da rede social que un ten) e o apoio social percibido (a percepción que ten a persoa da dispoñibilidade de apoio social que pode recibir, así como o nivel de satisfacción co apoio social que pode recibir). Por exemplo, se a persoa non percibe que teña apoio social, aínda que realmente o teña, crerá que non dispón do mesmo. Ás veces, tamén se fala doutros tipos de apoio social, como o apoio emocional, apoio informativo, apoio tanxible, interacción social positiva e apoio cariñoso. Como exemplo, en estudantes con problemas de saúde mental, o considerar que reciben un apoio social moderado, a

menor existencia deste ou sufrir estigma polo seu trastorno mental, asociábase con maiores taxas de suicidio, ideación suicida, ansiedade, depresión e distrés psicolóxico. Pola contra, un apoio social efectivo melloraba os seus problemas de saúde mental (Vicary *et al.*, 2024).

Hai moitos estudos sobre o apoio social, tanto para incrementalo como para aplicalo en distintos trastornos clínicos (ex., mellorar o tratamento na depresión posparto, Norazman e Le, 2024; mozos con trastornos alimentarios; Ramjan *et al.*, 2024).

4.4. Factores psicolóxicos

4.4.1. Trauma agudo e crónico, como abuso físico, psicolóxico ou sexual, morte dun ou ambos pais, accidentes, guerras, violación, atraco, abandono na infancia, divorcio conflitivo dos pais, ruína económica

O trauma ou estrés agudo, seguindo ao DSM-5-TR (APA, 2023), consiste na exposición á morte, lesión grave ou violencia sexual, xa sexa real ou baixo ameaza, de distintas formas. En moitos casos isto produce un trauma, que pode ser puntual e que remite co paso do tempo. Pero tamén hai casos en que ese trauma ou estresores mantense no tempo (trauma crónico), como cando se está nunha situación de guerra, rememorar continuamente o que pasou, ter que vivir en situacións onde está presente a situación traumática, etc.

O trauma ten consecuencias biolóxicas, psicolóxicas e sociais, e é a causa de moitos trastornos mentais en todas as etapas da vida. No estudo da OMS sobre o trauma e o trastorno por estrés postraumático (TEPT) (Kessler *et al.*, 2017), realizado en 29 países cunha mostra de 69.000 persoas, incluíndo España, atoparon catro principais tipos de traumas que as persoas tiveran ao longo da súa vida: violación (19%), abuso físico da parella (11,8%), ser secuestrado (11,7%) e ser asaltado sexualmente, distinto da violación (10,5%). Destes, o que levaba a que a persoa tivese máis probabilidade de ter un TEPT era a violencia sexual por parte da parella. Ademais, a historia previa de trauma predicía a futura exposición a novos acontecementos traumáticos. A gravidade das experiencias traumáticas favorece a aparición de distintos trastornos mentais, incluíndo episodios psicóticos, que son ata tres veces máis frecuentes nos que tiveron experiencias traumáticas (McGrath *et al.*, 2027).

Noutro estudo, semellante ao anterior, Koenen *et al.* (2017), con 70.000 persoas de 24 países, sobre a relación entre sufrir un trauma e o posterior TEPT, os traumas máis frecuentes eran o asalto sexual (15,1%), violación (13,1%), morte inesperada da parella (11,6%) e ser perseguido (9,8%). Dos que tiñan TEPT o 42,7% debíase á violencia sexual da súa parella. Ademais, ter un trauma previo predicía padecer outras situacións traumáticas posteriormente. O que indica este estudo realizado en tantos países é que as situacións traumáticas son moito máis frecuentes do que se pensaba previamente.

Pero tamén outros estresores, como pode ser a morte dun dos pais, sobre todo a unha idade temperá, o divorcio, a ruína económica, ou o despedimento, son fonte de problemas para o individuo, o que de non ter adecuadas estratexias de afrontamento facilita o desenvolvemento de problemas de ansiedade, depresivos ou de consumo de substancias, sobre todo de alcol, así como abusar de psicofármacos.

Sufrir un acontecemento traumático na infancia é un factor de vulnerabilidade para os trastornos do estado de ánimo, trastornos por consumo de substancias, trastorno de estrés postraumático, trastornos de personalidade, trastornos psicóticos, incluíndo a esquizofrenia, suicidabilidade, levar a cabo condutas de alto risco, pobre funcionamento social e comorbilidade médica (APA, 2022). Como exemplo, o meta-análise de Radua *et*

al. (2018) atopou unha odds ratio (OR) de 2,87 entre unha historia de trauma infantil na infancia e padecer logo esquizofrenia.

O estrés e a exposición a eventos vitais estresantes son factores importantes relacionados co consumo de drogas legais e ilegais ou o incremento no consumo, e de especial relevancia para explicar nalgunhas persoas o abuso ou dependencia do alcol (Keyes *et al.*, 2011). Os malos tratos infantís, físico ou sexual, como unha forma de estrés, predí os problemas psicopatolóxicos posteriores e a dependencia do alcol. Na vida adulta, estresores como o terrorismo, desastres ou eventos catastróficos, incrementan o consumo de alcol e drogas, sobre todo nos meses posteriores a tal evento. Este incremento é relevante nas persoas que xa facían consumos de alcol de risco ou nos abstinentes que poden recaer (Keyes *et al.*, 2011). Igualmente, o divorcio, perder o traballo, ter problemas financeiros ou legais relaciónanse co incremento do consumo de alcol, sobre todo en homes.

4.4.2. A aprendizaxe, a motivación e os procesos psicolóxicos

A aprendizaxe explica unha gran parte dos problemas de saúde mental. A mesmo prodúcese partindo da bioloxía do individuo e do seu ambiente, nunha mutua interacción, xunto a distintos procesos cognitivos. Igualmente, coa adquisición de novas aprendizaxes podemos eliminar condutas inadecuadas e, con iso, superar moitos trastornos mentais que ten a persoa.

Para que unha persoa poida sobrevivir ten que poñer en marcha os procesos de aprendizaxe do tipo máis simple, os incondicionados ou bioloxicamente dados. A partir deles vaise producindo, en función da madurez biolóxica do individuo, os distintos procesos de aprendizaxe na esfera motórica, linguaxe, memoria, habilidades, etc. Mediante a aprendizaxe desenvólvese a persoa, a súa personalidade, tendo tamén gran relevancia a intelixencia, ou capacidade ou habilidade de aprender da experiencia, pensar en termos abstractos e funcionar adecuadamente no seu propio ambiente (Domjan, 2018). É, por tanto, un proceso básico no ser humano. Existen tres tipos de aprendizaxe, o condicionamento clásico, o condicionamento operante e o modelado ou aprendizaxe social ou vicario.

A motivación vai moi unida á aprendizaxe. A mesma está modulada pola aprendizaxe, as crenzas, as expectativas e as consecuencias esperadas dunha acción. É a que guía a nosa conduta, a que leva a que se inicie ou non. Adoita distinguirse unha motivación primaria ou básica (ex., fame, sexo, evitación da dor, agresión, medo) da secundaria ou aprendida (ex., rendemento, motivación de poder, outros motivos humanos). Igualmente, distínguese entre unha motivación extrínseca dunha intrínseca. Na motivación extrínseca a persoa fai unha conduta debido a motivos externos ou do ambiente; na motivación intrínseca, a persoa decide por ela mesma realizar unha conduta determinada. A motivación provén do reforzamento, exterior ou interior, polo que se mantén a conduta, aumenta ou diminúe, por iso é polo que a motivación vaia moi unida á aprendizaxe, aos procesos de condicionamento.

Igualmente, hai varios procesos e mecanismos psicolóxicos que se asocian á aprendizaxe, e que interactúan todos a un tempo na persoa, como son os procesos cognitivos, a atención, a memoria, a linguaxe, os sentimentos, as emocións, a cognición social, o pensamento, a conciencia, a identidade, a responsabilidade, a moralidade, a intencionalidade, ou o altruísmo e a conduta prosocial.

4.4.3. A personalidade

A personalidade pode definirse como "os patróns característicos e distintivos de pensamento, emoción e conduta que definen un estilo persoal do individuo de interactuar

co ambiente físico e social" (Atkinson *et al.*, 1996, páx. 700). Abarca os comportamentos habituais do individuo, o seu modo de ver a realidade e as súas emocións e motivacións.

A nivel operativo avalíase a través dos trazos de personalidade, ou tendencias habituais de comportamento das persoas. Isto exemplifícase nos denominados Cinco Grandes trazos da personalidade. Son os de neuroticismo (fronte a axuste e estabilidade emocional), extraversión (fronte a introversión), apertura (persoas abertas fronte a convencionais e conservadoras), amabilidade (fronte a desagradable e antipático) e responsabilidade (fronte a menos rigorosos) (Costa e McCrae, 2008). Cada un destes trazos xerais ten varias facetas que o integran. Como exemplo, o trazo neuroticismo ten as facetas de ansiedade, hostilidade, depresión, ansiedade social, impulsividade e vulnerabilidade. O actual DSM-5-TR (APA, 2023) tamén considera como modelo alternativo para avaliar os trastornos de personalidade os dominios e facetas. Así, habería cinco dominios: afecto negativo (fronte a estabilidade emocional), desapego (fronte a extraversión), antagonismo (fronte a amabilidade), desinhibición (fronte a escrupulosidade) e psicoticismo (fronte a lucidez). Non son dimensións independentes, por iso é polo que poden saír moitos tipos destas combinacións.

Un gran número de estudos lonxitudinais sobre a personalidade indican que a consistencia dos trazos de personalidade é alta ao longo da vida, con correlacións entre 0,40 e 0,60 (Bleidorn *et al.*, 2022; Roberts e Yoon, 2022), situándose no paso da adolescencia á de mozo adulto como a etapa de maiores cambios. Tamén poden cambiar ao longo da vida, debido a experiencias concretas, como poden ser as laborais, conxugales, familiares, ou mesmo viaxar a outros países. Os trazos de personalidade poden modificarse con intervencións clínicas (Roberts *et al.*, 2017).

O estudo da personalidade é relevante a nivel clínico dado que incide tanto na saúde física como mental (Goktan *et al.*, 2022). Os trazos de estabilidade emocional e conciencia asócianse a ter unha mellor saúde física e mental (Roberts e Yoon, 2022). Por exemplo, o neuroticismo aparece asociado á depresión, esquizofrenia, trastornos alimentarios, trastorno por consumo de substancias, trastornos somatoformes, entre outros (Ka *et al.*, 2023). Cando se aplican intervencións para cambiar os trazos de personalidade os mellores resultados obtéñense nos trastornos de ansiedade e os peores no consumo de substancias (Roberts *et al.*, 2017).

En saúde mental é clara a relevancia da personalidade e dos trazos de personalidade xa que os trastornos de personalidade, presentes nunha porcentaxe importante de persoas, baséanse nos mesmos.

4.4.4. O estrés psicolóxico

Xa vimos nun punto previo o papel do estrés en función do eixo HPA (hipotálamo-pituitaria-adrenal). Aquí imos ver o estrés psicolóxico, o cal ten unha gran relevancia nos problemas de saúde mental, tanto para o seu inicio, mantemento como recaída. Habitualmente, "considérase que unha persoa está sometida a unha situación de estrés cando ha de facer fronte a demandas ambientais que sobrepasan os seus recursos de maneira que a persoa percibe que non pode darlles unha resposta efectiva" (Labrador e Crespo, 2003). A nivel concreto, falamos de estresores vitais, ou eventos vitais estresantes. Son moitos os existentes, aínda que varían pola súa relevancia (ex., non é o mesmo a perda de emprego que a morte da parella cando é nova).

A nivel psicolóxico a principal resposta que produce o estrés é emocional, en forma de sensación subxectiva de malestar (denominado distrés), con emocións negativas como ansiedade, medo, ira, tristeza ou outras. Temos á súa vez o estrés agudo, que pode producir reaccións de medo ou pánico, por activación da resposta de medo a través da amígdala, e tamén trastornos psicóticos, trastorno de estrés postraumático ou trastorno de

estrés agudo. O estrés crónico pode producir trastornos de ansiedade ou anorexia nerviosa, entre outros. A nivel laboral, a síndrome de burnout é unha clara manifestación do estrés crónico (Slavich e Auerbach, 2018). Tamén se atopou relación positiva entre o estrés financeiro e depresión, sobre todo nas persoas con menos ingresos e peor nivel de benestar (Guan *et al.*, 2022). Por iso, a nivel laboral é básico reforzar aqueles elementos que preveñen o estrés (ex., resiliencia, competencias emocionais, autoeficacia).

O estrés psicolóxico asociase con padecer enfermidades e ter baixas laborais, o que é un problema importante para moitos traballadores. Pode manifestarse de diversas formas e afectar tanto a saúde mental como á recuperación física. Algúns dos factores máis relevantes son:

1) Estrés pola enfermidade e a dor física. Cando un traballador padece unha enfermidade ou lesión, a dor e as limitacións físicas xeran ansiedade e frustración. A sensación de perda de control sobre o propio corpo e a incerteza sobre a evolución da enfermidade poden aumentar os niveis de estrés.

2) Impacto emocional da baixa laboral. Estar de baixa pode ser un alivio temporal, pero co tempo pode xerar sentimentos de culpa, illamento e baixa autoestima. Moitas persoas senten que a súa identidade está ligada ao seu traballo, polo que ao estar inactivos poden experimentar desmotivación ou mesmo síntomas depresivos.

3) As demoras no sistema de saúde e o estrés causado pola falta de melloría. Debido á saturación do sistema sanitario (sobrecarga asistencial e falta de tempo), algúns traballadores poden sentir que non reciben a atención que necesitan. Ademais das consultas en atención primaria, os longos tempos de espera para consultas con especialistas ou probas específicas poden xerar frustración, inseguridade sobre a evolución da enfermidade, desesperación e mantemento do estrés. A sensación de non "avanzar" na recuperación pode facer que algúns traballadores se sintan atrapados.

4) Efectos emocionais do trato médico recibido. O médico de familia adoita ser o primeiro punto de contacto no proceso de baixa e seguimento da enfermidade, polo que a súa actitude é crucial na experiencia do traballador. Mentres que algúns médicos tanto de primaria como de especializada mostran comprensión e apoio, outros poden adoptar unha actitude distante ou mesmo minimizar os síntomas do doente. Dependendo da calidade da atención e a empatía do persoal sanitario, a experiencia pode ser un apoio no proceso de recuperación ou, pola contra, converterse nunha fonte adicional de estrés, ansiedade, sensación de desamparo ou indefensión.

Cando o traballador leva de baixa laboral un tempo prolongado, o momento de ter que pasar a inspección médica para avaliar o seu estado de saúde pode supoñer un alto estrés. Algúns senten que deben “demostrar” que realmente están enfermos, o que pode resultar humillante e xerar angustia. Ademais, especialmente cando a persoa non se sente capacitada para incorporarse, pode xerar incerteza e medo xa que a decisión está en mans de alguén a quen sente alleo (por non coñecer o seu caso ou proceso en profundidade). Isto, unido aos tempos limitados que tamén teñen os profesionais, fai que a persoa se poida sentir como un número e non como unha persoa cunha doenza real.

En canto ao papel das mutuas, na xestión das baixas laborais debidas a accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, pódese sentir o seu trato como burocrático, impersoal ou mesmo hostil, experimentando ás veces que se prioriza reducir custos e acelerar altas, máis que a saúde do paciente. Isto pode xerar certa desconfianza nas decisións que se toman en canto a petición de probas ou elección de tratamentos. Algúns traballadores expresan sentirse forzados a volver ao traballo sen estar en condicións óptimas, o que xera ansiedade, frustración, indefensión e medo ao agravamento da lesión ou enfermidade.

O trato recibido neste proceso é clave para a saúde mental do traballador. Cando o sistema funciona correctamente e con empatía, facilita a recuperación. Con todo, cando se percibe como hostil ou burocrático, pode converterse nunha carga adicional que agrava o estado físico e emocional do traballador.

5) Medo á incapacidade funcional permanente. O temor a non poder recuperar completamente a capacidade para desempeñar o traballo é unha fonte importante de angustia. Especialmente en profesións con alta esixencia física, os traballadores poden preocuparse por non estar en condicións de volver ao seu posto ou por desenvolver unha discapacidade a longo prazo. Doutra banda, se finalmente se concede unha incapacidade para o seu posto, tamén xera angustia por non sentirse capacitados nin ter formación para outros postos, unido ao factor idade que inflúe na maior ou menor oportunidade para iniciarse desde cero noutra cousa.

6) Medo a perder o traballo. Moitos traballadores temen que unha baixa prolongada poida levar ao seu despedimento ou a unha diminución das súas oportunidades laborais. A presión por demostrar que aínda son útiles para a empresa pode xerar ansiedade, mesmo en situacións onde a recuperación debería ser prioritaria.

7) Impacto económico e presión familiar. As baixas prolongadas poden implicar reducións salariais, dificultades económicas e, nalgúns casos, problemas dentro do fogar. A preocupación por manter á familia e pagar gastos pode aumentar o estrés, afectando aínda máis o proceso de recuperación.

4.4.5. Carecer de adecuadas habilidades de afrontamento, sociais e relacionais

Ao longo da vida a persoa vai aprendendo habilidades para afrontar as distintas situacións que se lle presentan. Nalgúns casos aprenderon doutras persoas a forma de afrontalas, pero noutros, son situacións novas. Por iso é necesario que adquira habilidades de afrontamento, para poder superar calquera situación ou problema de forma exitosa (ex., aburrimento, desánimo, tensión, timidez).

Nas persoas con problemas de saúde mental é frecuente que non desenvolvesen tales habilidades ou que non utilicen as adecuadas. Así, por exemplo, cando unha persoa enfróntase ante o ofrecemento de drogas psicoactivas, sobre todo na adolescencia, o rexeitamento ou aceptación das mesmas dependerá das habilidades sociais e de autocontrol que teña. Outros exemplos serían, na esquizofrenia onde é importante o adestramento en habilidades sociais específicas, ou cando hai unha ruptura afectiva coñecer modos adecuados de afrontala e non desenvolver unha depresión.

4.4.6. Os procesos cognitivos: crenzas, expectativas e nesgos cognitivos

Dentro dos procesos cognitivos relacionados co desenvolvemento e mantemento de distintos trastornos mentais destacan as crenzas, as expectativas e os nesgos cognitivos.

As *crenzas* permítennos crear a nosa realidade subxectiva e poder manexar a información discordante que recibimos. Fan que, ao asumilas como verdadeiras, utilícense como heurísticos ante a nova información recibida, de tal forma que, se encaixa coa crenza que se ten, acéptase ou intégrase; en caso contrario, rexéitase. Existen definicións de crenza, como: "aceptación da verdade, realidade ou validez de algo (ex., un fenómeno, a veracidade dunha persoa), especialmente en ausencia de comprobación", ou "unha asociación dalgunhas características ou atributos, normalmente avaliativos na súa natureza, cun obxecto de actitude (ex., este coche é fiable)", ou "unha actitude mental de aceptación ou asentimento cara a unha proposición sen o completo coñecemento intelectual requirido para garantir o súa verdade". As crenzas modulan como se percibe o mundo e como a persoa toma decisións. Así, as crenzas dunha persoa acerca do estrés inflúen en como responderá ante unha situación estresante.

As crenzas disfuncionais relaciónanse con distintos trastornos mentais, como está ben estudado, por exemplo, no caso da depresión ou o trastorno de estrés postraumático. Ademais, entre as persoas que teñen un trastorno mental, é frecuente que teñan crenzas negativas sobre si mesmos, nesgos de interpretación ou de negación da evidencia, cambios apresurados nas súas crenzas, esixir unha precisión esaxerada ás súas crenzas previas, etc. (Kube e Rozenkrantz, 2021). O cambio de crenzas ás veces é básico para que a persoa supere o seu trastorno mental.

As *expectativas* son un elemento cognitivo que lle permite á persoa anticipar ou esperar un evento particular. Son as crenzas sobre que ocorrerá ao levar a cabo certa conduta, poden ser positivas ou negativas, e derivan dos coñecementos e esquemas sobre o mundo que ten a persoa. As expectativas representan os mecanismos a través dos cales as experiencias e o coñecemento pasado son utilizados para predicir o futuro. As consecuencias das expectativas son de suma importancia, xa que teñen importantes implicacións para os pensamentos, sentimentos e accións da persoa. Dáselles máis valor ás expectativas que aos propios resultados da conduta e levan a actuar en función do resultado que se desexa para poder conseguilo.

Kirsch (1985) definiu a expectativa de resultado como "a anticipación dunha resposta non volitiva, subxectiva e condutual para indicios situacionais particulares". No exemplo clásico de Jones *et al.* (2001) recóllese como inflúen as expectativas no consumo de alcol, onde as conceptualizou como estruturas da memoria a longo prazo que teñen impacto sobre os procesos cognitivos que gobernan o consumo de alcol actual e futuro. Por iso é polo que as expectativas se relacionan co evento esperado ou non dunha conduta, o que pode levar a desenvolver ou a manter un trastorno mental. Así, as expectativas académicas baixas dos pais inciden en que os seus fillos teñan máis problemas de externalización (Almroth *et al.*, 2019).

Os *nesgos cognitivos* teñen unha gran relevancia nos xuízos que facemos e na toma de decisións, especialmente cando hai que facelo en situacións de incerteza. Os nesgos non seguen as regras da lóxica nin da racionalidade. Baséanse nas nosas intuicións, sobre todo cando hai que tomar decisións rápidas (Korteling, 2021), sendo un proceso implícito e inconsciente.

A atención selectiva, a memoria selectiva, os nesgos de atribución e as actitudes disfuncionais son exemplos de nesgos cognitivos na depresión, trastorno por estrés postraumático, trastorno obsesivo compulsivo, trastorno de pánico, fobia social, ansiedade, trastorno por consumo de substancias ou trastornos alimentarios (Wray *et al.*, 2009). O ámbito onde máis se estudaron os nesgos cognitivos, especialmente a memoria selectiva, foi na depresión (Nieto *et al.*, 2020).

Blanco (2018) indica varias explicacións sobre a existencia de nesgos cognitivos: 1) porque temos recursos cognitivos limitados na nosa capacidade de procesamento (ex., na memoria, pensamento); 2) polo papel da emoción e motivación, dado que as emocións teñen un importante papel na toma de decisións (ex., nesgos de aversión ás perdas: as persoas rexeitan perder, máis do que gozan de gañar) e a que as inferencias que as persoas realizan poden estar nesgadas debido ás súas crenzas e actitudes previas; 3) a influencia social, certos indicios sociais poden producir ou modular certos nesgos cognitivos (ex., o nesgo de aversión ao risco en tarefas de xogo: preferencia por un resultado seguro en lugar dun incerto); 4) os heurísticos e atallos mentais, tomar decisións racionais non sempre é posible ou desexable polo que a mente busca atallos para chegar a conclusións de modo rápido. Destacan varios heurísticos que poden subxacer aos nesgos cognitivos: heurístico de representatividade (ex., por levar traxe é un banqueiro), heurístico de dispoñibilidade (considerar que aquilo que lembramos máis facilmente é o máis importante), heurístico de ancoraxe e axuste (considerar un dato concreto para tomar unha

decisión cando non temos a información completa); e, 5) a perspectiva evolucionista, que nos indica que noutras épocas tiñamos que tomar decisións rápidas e que producisen o erro menos custoso. Isto produce erros cognitivos como a ilusión de control que ten beneficios emocionais porque a persoa cre que ten todo baixo control e está a facer o correcto.

Wrijsen *et al.* (2024) resumen o traballo de 18 científicos que levan anos estudando os nesgos cognitivos na depresión, a ansiedade e o trastorno por consumo de substancias. Eles céntranse nos tres nesgos que teñen maior base empírica: o nesgo atencional, o nesgo de interpretación e o nesgo de aproximación-evitación (ou tendencia á acción). Nieto *et al.* (2020) estudaron 10 nesgos cognitivos indicados por Aaron Beck en pacientes con depresión. Só atoparon información de calidade para cinco deles: nesgo de catastrofización, de pensamento negativo, de interpretación, de erro de pensamento e de distorsión cognitiva. A maioría dos estudos centráronse nos nesgos de catastrofización e interpretación. Os tratamentos psicolóxicos son eficaces para modificar en parte estes nesgos cognitivos, conseguindo mellorar a depresión e a ansiedade (Fodor *et al.*, 2020), así como o trastorno por consumo de substancias (Martínez e Verdejo, 2014).

Varios dos procesos anteriores tamén se agrupan con frecuencia baixo a denominación de distorsións *cognitivas.*

4.4.7. Incerteza

A incerteza é un estado desagradable no que a persoa ten unha preocupación, un problema ou debe tomar unha decisión, pero non é capaz de facelo ao non poder prever claramente as súas consecuencias. A incerteza implica falta de control; incapacidade de prever o que vai ocorrer no futuro; incapacidade de determinar o significado dun evento; situación ambigua, complexa ou impredicible; cando non temos información ou esta é inconsistente. Ante algo descoñecido, imprevisible ou novo, costa máis tomar decisións. Como exemplo, o que vivimos durante as primeiras fases da pandemia do covid-19. Nela quedou clara a asociación entre incerteza e aparición de máis trastornos mentais (Rottie e Daniels, 2021), sobre todo ansiedade e depresión.

Ás veces fíxose equivalente a incerteza coa ambigüidade ou co risco (Massazza *et al.*, 2023). A maior incerteza, maior risco de desenvolver depresión, ansiedade, distrés psicolóxico, estrés e trastorno de estrés postraumático (Massazaa *et al.*, 2023). Ademais, asociouse tamén a incerteza na infancia con problemas de saúde mental, e posteriormente cando son adolescentes e adultos (Shao *et al.*, 2024).

4.4.8. Os cambios psicolóxicos durante a adolescencia

O desenvolvemento psicolóxico vai paralelo ao físico, emocional e social ao longo de toda a adolescencia. É neste período cando a persoa crea a súa autoimaxe, a través do logro da súa autonomía e independencia, ás veces con conflitos cos seus pais e incrementando o peso dos amigos e iguais. Este período caracterízase por cambios a nivel emocional, o desenvolvemento da visión de si mesmo e do mundo e, ás veces, a realización de condutas de risco, entre as que están o consumo de drogas, algunhas antisociais, etc. Certos trazos de personalidade, como a impulsividade e a procura de sensacións, tamén son característicos desta etapa e poden levar ao adolescente a experimentar realizando condutas de risco, sendo neste caso relevante os límites impostos pola familia ou a sociedade.

O desenvolvemento cognitivo ten unha gran relevancia neste período da vida, xunto ao desenvolvemento emocional e o desenvolvemento moral. Este último, caracterízase porque é o momento no que se adquire a comprensión sobre o ben e o mal e desenvólvense valores persoais que inflúen nas decisións e comportamentos futuros.

Precisamente, é na adolescencia onde aparecen moitos trastornos mentais e iníciase o consumo de drogas, tanto legais como ilegais. Este consumo vincúlase con aspectos característicos desta etapa como é o descubrimento do mundo, a influencia dos amigos, a maior liberdade que adquire ao enfrontarse ao mundo por si só e poder saír con máis frecuencia e con menor supervisión.

Relacionado co anterior están os problemas internalizantes e externalizantes. A regulación condutual e emocional durante a infancia e a adolescencia podería explicarse en base a dúas dimensións: expresión versus inhibición da conduta e baixo versus alto autocontrol das emocións. Da combinación destas dimensións temos catro prototipos, entre os cales estarían os problemas internalizantes e externalizantes. Ambos se caracterizan por un baixo autocontrol emocional, pero serían extremos opostos na dimensión inhibición versus expresión condutual. A *internalización* poderíase definir como a tendencia para expresar malestar cara a dentro, e incluiría os trastornos depresivos e os trastornos de ansiedade. A *externalización*, en cambio, caracterizaríase por expresar o malestar cara a fóra, e incluiría o TDAH, os trastornos do comportamento perturbador e os trastornos por consumo de substancias (Pitkanen *et al.*, 2008). Ademais, a internalización podería estar relacionada coa emocionalidad negativa (ansiedade, enfado ou alienación) e a externalización cunha falta de restrición emocional (tendencia a implicarse en condutas de risco e a actuar impulsivamente).

Respecto aos problemas internalizantes, varios estudos lonxitudinais atoparon que os síntomas depresivos durante a nenez estarían asociados cun maior risco de consumo de alcol e drogas (ex., Niemelä *et al.*, 2006). Do mesmo xeito que sucedía co TDAH, apuntouse que a relación entre a depresión e o consumo de alcol e drogas estaría mediada pola existencia de problemas de conduta (Rothenberg *et al.*, 2020). Outro dos problemas internalizantes analizados é a ansiedade/condutas de evitación. Os mozos cunha elevada ansiedade adoitan evitar situacións que incrementarían o risco de consumo de alcol (ex., actividades sociais con iguais onde se consome alcol).

4.4.9. Ciclo do desenvolvemento inadecuado (nenez, adolescencia, adultez, senectude)

Ao longo da vida pásase por varios períodos vitais, como a nenez, adolescencia, adultez e senectude. Conforme pasa o tempo, a persoa vai cambiando na súa conduta, as súas expectativas, a súa visión do mundo, a súa personalidade e os seus afectos, existindo na maioría dos casos unha importante continuidade ao longo de toda a vida, sobre todo a partir da adolescencia, unha vez formada a identidade da persoa e a súa propia personalidade.

Cando hai interrupcións, alteracións ou dificultades significativas nalgunha das etapas da vida iso inflúe no desenvolvemento físico, emocional, cognitivo ou social. Poden ser causadas por factores biolóxicos, ambientais, familiares ou socioculturais. Por exemplo, na nenez, atrasos no desenvolvemento, malos tratos ou neglixencia que pode xerar problemas de apego, baixa autoestima e dificultades emocionais, atrasos no desenvolvemento intelectual por falta de estimulación cognitiva, ambientes inestables que afectan o sentido de seguridade. Na adolescencia, desenvolvemento emocional inestable, problemas de identidade ou autoestima, presión social e illamento. Na adultez, crise de identidade ou propósito (insatisfacción coa vida profesional ou persoal), problemas emocionais (traumas da infancia que poden afectar as relacións e estabilidade mental), dificultades para a independencia (emocional ou económica), estrés e problemas de saúde. Na senectude, perdas cognitivas, illamento social e dependencia. O desenvolvemento inadecuado nunha etapa pode xerar efectos nas seguintes. A prevención, o apoio familiar e o acceso a recursos adecuados axudan a corrixir ou

minimizar estes efectos. De aí a relevancia de promover ambientes saudables en cada fase da vida (Moral *et al.*, 2020).

Hai factores que inciden no anterior, como o estrés, eventos vitais importantes, ou cambios sociais, ambientais, laborais ou persoais non previstos, ou non asumidos, que en ocasións levan a que na persoa apareza un problemas de saúde mental.

4.5. A interacción dos factores bio-psico-sociais na persoa

O comportamento dunha persoa depende de múltiples factores, uns biolóxicos, outros ambientais e sociais, e outros psicolóxicos. O mesmo ocorre para ter ou non un trastorno mental. Na Táboa 4.6 exemplificamos todo o dito cos distintos factores que se relacionan cun trastorno clínico en concreto, a depresión, seguindo a ampla revisión de Remes *et al.* (2021). Non están presentes todos os factores a un tempo, pero si unha parte deles. Uns interaccionan con outros, facendo que a persoa poida ou non desenvolver un cadro depresivo.

Táboa 4.6. Os distintos factores que se relacionan coa depresión, segundo Remes *et al.* (2021).

Factores xenéticos e biolóxicos

- Xenética.
- Condicións de saúde física.
- Microbiota.
- Factores de inflamación.
- Estrés.
- Disfunción do eixo HPA (hipotálamo-pituitaria-adrenal).
- Cognición (ex., reducida función cognitiva, déficits cognitivos, danos cognitivos).

Psicolóxicos

- Distintos factores de risco afectivo (ex., actitudes disfuncionais, nesgos de interpretación, estilo de apego).
- Distintos factores determinantes da depresión:
    - Autoconcepto negativo.
    - Sensibilidade ao rexeitamento.
    - Neuroticismo.
    - Rumiación.
    - Emocionalidade negativa.
    - Baixo nivel de optimismo.
    - Afrontamiento desadaptativo (ex., evitación).
    - Imaxe corporal.
    - Perfeccionismo desadaptativo.
- A interacción entre si destes factores ao longo da vida da persoa (ciclo vital) en contextos sociais cambiantes (ex., morte da parella) ou enfermidade (ex., cancro).

Sociais

- Os determinantes poden ser individuais, da súa rede social, comunidade ou sociedade.
- Condicións do ambiente onde a persoa naceu, vive, aprende, traballa,

divírtese, etc.
- Variables sociodemográficas (idade, sexo, estrato económico e social, educación, emprego, status marital).
- Apoio social.
- Experiencias de crianza adversas.
- Educación.
- Conflitos na infancia.
- Acoso (bullying).
- Exposición ao crime violento.
- Abuso físico, psicolóxico ou sexual ou traumas na infancia.
- Discriminación.
- Estigma.
- Etnicidade, migración.
- Condicións laborais.
- Eventos vitais negativos.

Referencias

Achdut, N. e Sarid, O. (2020). Socio-economic status, self-rated health and mental health: the mediation effect of social participation on early-late midlife and older adults. *Israel Journal of Health Policy Research, 9*(1), 4.

Aghabozorgi, K., van der Jagt, A., Bell, S. e Brown, C. (2023). Assessing the impact of blue and green spaces on mental health of disabled children: A scoping review. *Health & Pace, 84,* 103141.

Alegría, M., Alvarez, K., Cheng, M. e Falgas-Bague, I. (2023). Recent advances on social determinants of mental health: Looking fast forward. *American Journal of Psychiatry, 180*(7), 473–482.

Alegría, M., NeMoyer, A., Falgàs Bagué, I., Wang, Y. e Alvarez, K. (2018). Social determinants of mental health: Where we are and where we need to go. *Current Psychiatry Reports*, *20*(11), 95.

Amin, R., Björkenstam, E., Helgesson, M. e Mittendorfer-Rutz, E. (2024). Trajectories of work disability and unemployment before and after a common mental disorder diagnosis among young private sector employees in Sweden-a register-based longitudinal study. *Social Psychiatry and Psychiatric Epidemiology*, 10.1007/s00127-024-02777-0.

Almroth, M.C., László, K.D., Kosidou, K. e Galanti, M, R, (2018). Association between adolescents' academic aspirations and expectations and mental health: A one-year follow-up study. *European Journal of Public Health, 28,* 504e9.

Almroth, M., László, K. D., Kosidou, K. e Galanti, M. R. (2019). Academic expectations and mental health in adolescence: A longitudinal study involving parents' and their children's perspectives. *Journal of Adolescent Health, 64*(6), 783-789.

Amaddeo, F. e Jones, J. (2007). What is the impact of socio-economic inequalities on the use of mental health services?. *Epidemiologia e Psichiatria Sociale, 16*(1), 16-19.

American Psychiatric Association (2022). *Report of the Presidential Task Force on the Social Determinants of Mental Health*. American Psychiatric Association. En https://www.psychiatry.org/getmedia/b73d3f7b-94dd-4a52-9267-e83328247325/2022-APA-TFSDMH-Board-of-Trustees-December-Report.pdf

American Psychiatric Association (2023). *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales. Texto revisado DSM-5*. Editorial Médica Panamericana.

Arellano C. M. (1996). Child maltreatment and substance use: a review of the literature. *Substance Use & Misuse*, 31(7), 927-935.

Arena, A. F., Mobbs, S., Sanatkar, S., Williams, D., Collins, D., Harris, M., Harvey, S. B. e Deady, M. (2023). Mental health and unemployment: A systematic review and meta-analysis of interventions to improve depression and anxiety outcomes. *Journal of Affective Disorders, 335,* 450-472.

Andersen, S., Davidsen, M., Nielsen, L. e Tolstrup, J. S. (2021). Mental health groups in high school students and later school dropout: a latent class and register-based follow-up analysis of the Danish National Youth Study. *BMC Psychology, 9*(1), 122.

Areepattamanni, S. e Lee, D.H. (2014). Linking immigrant parents' educational expectations and aspirations to their children's school performance. *Journal of Genetic Psychology, 175,* 51e7.

Atkinson, R. L., Atkinson, R. C., Smith, E. E., Bem, D. J. e Nolen-Hoekseman, S. (1996). *Hilgard's introduction to psychology (11th. ed*.). Harcourt Brace College Publisher.

Austin, A. E., Gest, C., Atkeson, A., Berkoff, M. C., Puls, H. T. e Shanahan, M. E. (2022). Prenatal substance exposure and child maltreatment: A systematic review. *Child Maltreatment, 27*(2), 290–315.

Azimi, A. M. e Connolly, E. J. (2022). Child maltreatment and substance use: A behavior genetic analysis. *Child Maltreatment, 27*(2), 279–289.

Bailey, J. A., Hill, K. G., Oesterle, S. e Hawkins, J. D. (2006). Linking substance use and problem behavior across three generations. *Journal of Abnormal Child Psychology, 34*(3), 263–292.

Baldwin, J. R., Wang, B., Karwatowska, L., Schoeler, T., Tsaligopoulou, A., Munafò, M. R. e Pingault, J. B. (2023). Childhood maltreatment and mental health problems: A systematic review and meta-analysis of quasi-experimental studies. *The American Journal of Psychiatry, 180*(2), 117–126.

Barón, L. e Zapata, G. J. (2018). Los sesgos cognitivos: de la psicología cognitiva a la perspectiva cognitiva de la organización y su relación con los procesos de toma de decisiones gerenciales. *Ciencia y Sociedad, 43(1),* 31-48.

Bartelink, V. H. M., Zay Ya, K., Guldbrandsson, K. e Bremberg, S. (2020). Unemployment among young people and mental health: A systematic review. *Scandinavian Journal of Public Health, 48*(5), 544–558.

Bassalov, H., Yakirevich-Amir, N., Reuveni, I., Monk, C., Florentin, S., Bonne, O. e Matok, I. (2024). Prenatal cannabis exposure and the risk for neuropsychiatric anomalies in the offspring: a systematic review and meta-analysis. *American Journal of Obstetrics and Gynecology, 231*(6), 574–588.e8.

Baum, A., Garofalo, J. P. e Yali, A. M. (1999). Socioeconomic status and chronic stress. Does stress account for SES effects on health? *Annals of the New York Academy of Sciences, 896*, 131–144.

Bear, M. F., Connors, B. W. e Paradiso, M. A. (2016). *Neuroscience: Exploring the Brain (4th ed.).* Wolters Kluwer.

Becoña, E., Martínez, U., Calafat, A., Juan, M., Dutch, M. e Fernández-Hermida, J. R. (2012). ¿Cómo influye la desorganización familiar en el consumo de drogas de los hijos? Una revisión. *Adicciones, 24(3),* 253-268.

Beurel, E., Toups, M. e Nemeroff, C. B. (2020). The bidirectional relationship of depression and inflammation: Double trouble. *Neuron, 107(2),* 234–256.

Blakemore, S. J. e Choudhury, S. (2006). Development of the adolescent brain: Implications for executive function and social cognition. *Journal of Child Psychology and Psychiatry, 47(3–4),* 296–312.

Blanco, F. (2017). Cognitive bias. En J. Vonk y T. K. Shackelford (eds.), *Encyclopedia of Animal Cognition and Behavior*. Sprinter

Bleidorn, W., Schwaba, T., Zheng, A., Hopwood, C. J., Sosa, S. S., Roberts, B. W. e Briley, D. A. (2022). Personality stability and change: A meta-analysis of longitudinal studies. *Psychological Bulletin, 148(7-8),* 588–619.

Boniface, S., Lewer, D., Hatch, S. L. e Goodwin, L. (2020). Associations between interrelated dimensions of socio-economic status, higher risk drinking and mental health in South East London: A cross-sectional study. *PloS One, 15*(2), e0229093.

Bowman, S., McKinstry, C. e McGorry, P. (2017). Youth mental ill health and secondary school completion in Australia: time to act. *Early Intervention in Psychiatry, 11*(4), 277–289.

Bowman, S., McKinstry, C., Howie, L. e McGorry, P. (2020). Expanding the search for emerging mental ill health to safeguard student potential and vocational success in high school: A narrative review. *Early Intervention in Psychiatry, 14*(6), 655–676.

Breslau, J., Lane, M., Sampson, N. e Kessler, R. (2008). Mental disorders and subsequent educational attainment in a US national sample. *Journal of Psychiatric Research, 42*, 708–16.

Bhugra, D. e Ventriglio, A. (2023). Political determinants of mental health. *International Journal of Social Psychiatry, 69*(3), 521–522.

Byun, G., Choi, Y., Foo, D., Stewart, R., Song, Y., Son, J. Y., …Bell, M. L. (2024). Effects of ambient temperature on mental and neurological conditions in older adults: A systematic review and meta-analysis. *Environment International, 194*, 109166.

Carlson, N. R. (2013). *Fisiología de la conducta (11ª ed.*). Pearson.

Casey, B. J., Jones, R. M. e Hare, T. A. (2008). The adolescent brain. *Annals of the New York Academy of Sciences, 1124*, 111–126.

Cataldo, I., Azhari, A., Coppola, A., Bornstein, M. H. e Esposito, G. (2019). The Influences of Drug Abuse on Mother-Infant Interaction Through the Lens of the Biopsychosocial Model of Health and Illness: A Review. *Frontiers in Public Health, 7*, 45.

Cohen, S. e Wills, T. A. (1985). Stress, social support, and the buffering hypothesis. *Psychological Bulletin, 98*, 310-357.
Compton, M. T. e Shim, R. S. (2015). The social determinants of mental health. *Focus, 13*, 419-425.
Corvalan, C., Gray, B., Villalobos Prats, E., Sena, A., Hanna, F. e Campbell-Lendrum, D. (2022). Mental health and the global climate crisis. *Epidemiology and Psychiatric Sciences, 31,* e86.
Costa, P. T. e McCrae, R. R. (2018). *Inventario de personalidad Neo revisado (Neo PI-R).* Tea.
Cheung, F. M. e Mak, W. W. S. (2018). Sociocultural factors in psychopathology. En J. M. Butcher e J. M. Hooley (Eds.), *APA handbook of psychopathology. Vol. 1. Psychopatology: Understanding, assessing, and treating adult mental disorders* (pp. 127-147). American Psychological Association.
Chini, M. e Hanganu-Opatz, I. L. (2021). Prefrontal cortex development in health and disease: lessons from rodents and humans. *Trends Neuroscience, 44*, 227–40.
Clark, D. B., Cornelius, J., Wood, D. S. e Vanyukov, M. (2004). Psychopathology risk transmission in children of parents with substance use disorders. *American Journal of Psychiatry, 161*(4), 685–691.
Dahl, R. E. (2004). Adolescent brain development: A period of vulnerabilities and opportunities. *Annals of the New York Academy of Sciences, 1021*, 1–22.
Dahl, R. E. e Lewin, D. S. (2002). Pathways to adolescent health: Sleep regulation and behavior. *Journal of Adolescent Health, 31(6 Suppl)*, 175–184.
D'Andrea, G., Quattrone, D., Tripoli, G., Spinazzola, E., Gayer-Anderson, C., … Murray, R. M. (2024). Variation of subclinical psychosis as a function of population density across different European settings: Findings from the multi-national EU-GEI study. *Acta Psychiatrica Scandinavica,* 10.1111/acps.13767.
Dehghan, M. e Mangolian , P. (2023). Editorial: Sexual harassment in the workplace: prevalence, etiologies, prevention and management strategies. *Frontiers in Public Health, 11*, 1332131.
Devi, F., Shahwan, S., Teh, W. L., Sambasivam, R., Zhang, Y. J., …Subramaniam, M. (2019). The prevalence of childhood trauma in psychiatric outpatients. *Annals of General Psychiatry, 18*, 15.
Diez-Canseco, F., Toyama, M., Hidalgo-Padilla, L. e Bird, V. J. (2022). Systematic Review of Policies and Interventions to Prevent Sexual Harassment in the Workplace in Order to Prevent Depression. *International Journal of Environmental Research and Public Health, 19(20),* 13278.
Donkin, A., Goldblatt, P., Allen, J., Nathanson, V. e Marmot, M. (2018). Global action on the social determinants of health. *BMJ Global Health 3*(Suppl 1), e000603 1–7.
Easey, K. E. e Sharp, G. C. (2021). The impact of paternal alcohol, tobacco, caffeine use and physical activity on offspring mental health: a systematic review and meta-analysis. *Reproductive Health, 18*(1), 214.
Erazo, R. (2020). Depresión e inflamación: ¿Una relación más allá del azar? *Revista Médica Clinica Las Condes, 31(2),* 188-196.
Erickson, N. L., Padrutt, E. R., Buchanan, G. e Kim, H. G. (2024). Adverse childhood experiences and perinatal mental health: A review of progress and future directions. *Current Psychiatry Reports*, 10.1007/s11920-024-01565-6.
Fauci, A. S., Braunwald, E., Kasper, D. L., Hauser, S. L., Longo, D. L. e Loscalzo, J. (Eds.). (2021). *Harrison's Principles of Internal Medicine (21st ed.).* McGraw-Hill.
Feng, T., Tripathi, A. e Pillai, A. (2020). Inflammatory Pathways in Psychiatric Disorders: The case of Schizophrenia and Depression. *Current Behavioral Neuroscience Reports, 7(3),* 128–138.
Ferrara, P. e Bernasconi, S. (2017). From "classic" child abuse and neglect to the new era of maltreatment. Italian *Journal of Pediatrics, 43(1),* 16.
Ferrara, P., Cammisa, I., Zona, M., Pacucci, I., Grimaldi, M. T., …Pettoello-Mantovani, M. (2024). Child Maltreatment and Psychopathology: A Brief Review on the Potential Role of the Hypothalamic-pituitary-adrenal Axis. *Current Pediatric Reviews, 20*.

Ferrer, A., Labad, J., Salvat-Pujol, N., Monreal, J. A., Urretavizcaya, M., … Soria, V. (2020). Hypothalamic-pituitary-adrenal axis-related genes and cognition in major mood disorders and schizophrenia: a systematic review. *Progress in Neuro-Psychopharmacology y Biological Psychiatry, 101,* 109929.

Fiske, A. P. (2002). Using individualism and collectivism to compare cultures -A critique of the validity and measurement of the constructs: Comment on Oyserman et al. (2002). *Psychological Bulletin, 128*, 78-88.

Fodor, L. A., Georgescu, R., Cuijpers, P., Szamoskozi, Ş., David, D., … Cristea, I. A. (2020). Efficacy of cognitive bias modification interventions in anxiety and depressive disorders: a systematic review and network meta-analysis. *Lancet Psychiatry, 7(6),* 506–514.

Fontalba-Navas, A., Lucas-Borja, M. E., Gil-Aguilar, V., Arrebola, J. P., Pena-Andreu, J. M. e Perez, J. (2017). Incidence and risk factors for post-traumatic stress disorder in a population affected by a severe flood. *Public Health*, *144*, 96–102.

Franke, A. G., Schmidt, P. e Neumann, S. (2024). Association Between Unemployment and Mental Disorders: A Narrative Update of the Literature. *International Journal of Environmental Research and Public Health, 21(12),* 1698.

Furr, J. M., Comer, J. S., Vilodas, M. T., Poznaski, B. e Gurwitch, R. (2018). Trauma and child psychopathology. From risk and resilience to evidence-based intervention. En J. M. Butcher e J. M. Hooley (Eds.), *APA handbook of psychopathology. Vol. 2. Child and adolescent psychopatology* (pp. 187-211). American Psychological Association.

Gehred, M. Z., Knodt, A. R., Ambler, A., Bourassa, K. J., Danese, A., … Caspi, A. (2021). Long-term Neural Embedding of Childhood Adversity in a Population-Representative Birth Cohort Followed for 5 Decades. *Biological Psychiatry*, *90*(3), 182–193.

Gerede, A., Stavros, S., Chatzakis, C., Vavoulidis, E., Papasozomenou, P., … Nikolettos, N. (2024). Cannabis Use during Pregnancy: An Update. *Medicina, 60*(10), 1691.

Gilbert, R., Widom, C. S., Browne, K., Fergusson, D., Webb, E. e Janson, S. (2009). Burden and consequences of child maltreatment in high-income countries. *Lancet, 373*(9657), 68–81.

Gispert, R., Ritchie, K., Rajmil, L., Rué, M., Glutting, J. P. e Roset, M. (1998). Mental health expectancy: an indicator to bridge the gap between clinical and public health perspectives of population mental health. *Acta Psychiatrica Scandinavica*, *98*(3), 182–186.

Tal e como xa se sinalou, os principais trastornos mentais no lugar de traballo, do mesmo xeito que na poboación xeral, son os trastornos de ansiedade, depresivos, o consumo de substancias e os trastornos adaptativos (Ministerio de Sanidad, 2022b). Pero, ademais, o estrés que poden carrexar determinadas condicións laborais é un factor modulador de distintos trastornos mentais e enfermidades. A modo de exemplo, na Táboa 5.17 recóllese a prevalencia do consumo de drogas nas persoas que están a traballar en España. Se comparamos estes datos coa prevalencia do consumo na poboación xeral, son equivalentes.

Táboa 5.17. Prevalencia de consumo de drogas a nivel laboral en España.

	Consumo nos últimos 12 meses (%)					
Substancia	*Todos*	*Homes*	*Mulleres*	*16-34 anos*	*35-64 anos*	*% de consumo, últimos 30 días*
Alcohol	81,0	85,6	75,6	81,9	80,7	67,5
Tabaco	42,3	46,5	37,3	48,1	40,2	40,0
Cigarros electrónicos	4,1	4,9	3,2	7,7	2,9	1,9
Hipnosedantes, con e sen receita médica	11,2	8,4	14,6	8,4	12,2	7,3
Analxésicos opioides sen receita	0,8	0,7	0,9	0,6	0,9	0,6
Cánnabis	10,9	14,7	6,3	19,7	7,7	8,5
Cocaína	3,1	4,6	1,3	4,1	2,7	1,4
Éxtase	1,0	1,5	0,5	1,9	0,7	0,4
Anfetaminas/speed	0,8	1,1	0,4	1,4	0,6	0,3
Alucinógenos	0,7	1,1	0,2	1,4	0,4	0,2
Heroína	0,1	0,2	0,0	0,0	0,1	0,1

Fonte: OEDA (2021).

A xestión da saúde mental e o benestar no lugar de traballo por parte dos empregadores é un aspecto que recibe cada vez maiores apoios dados os beneficios económicos resultantes pola mellora da produtividade ao reducirse o absentismo (Táboa 5.18).

Táboa 5.18. Dez motivos polos que xestionar a saúde mental e o benestar no ámbito laboral: xustificación económica.

- Os problemas e trastornos de saúde mental están a aumentar en toda Europa e constitúen unha causa cada vez máis importante de absentismo entre os traballadores.
- Os custos que producen os problemas de saúde mental en relación co absentismo superan aos derivados de calquera outro tipo de enfermidade.
- As ausencias provocadas polos problemas mentais son máis prolongadas que as motivadas por outras enfermidades.
- Os cambios na natureza do traballo están a conlevar un aumento do estrés e dos problemas relacionados coa saúde mental.

- O centro de traballo é un lugar especialmente adecuado no que intervir para promover unha boa saúde mental.
- Un traballo de calidade fomenta unha boa saúde mental e o benestar.
- A lexislación sinala a xestión dos riscos psicosociais no traballo.
- En moitos países, a xestión do retorno ao traballo despois dunha incapacidade laboral recae cada vez máis sobre os empregadores e tamén lles beneficia.
- As intervencións destinadas a mellorar a saúde mental e o benestar no traballo axudan aos empregadores a cumprir os principios do contrato social.
- As intervencións centradas no individuo e destinadas a mellorar a saúde mental e o benestar resultan rendibles.

Fonte: Wynne *et al.* (2017, páx. 16).

O traballo de calidade é bo para a saúde física e mental. Algunhas das súas características son (Wynne *et al.,* 2017):

- Sentirse valorado no traballo.
- Ter un traballo con sentido.
- Poder tomar decisións sobre cuestións que nos afectan persoalmente.
- Contar cunha formación adecuada para o traballo desempeñado.
- Dispoñer dos recursos necesarios para desempeñar o traballo.
- Ocupar un posto ben deseñado, é dicir, sen unha carga excesiva.
- Ocupar un posto ben organizado en termos de horarios e de descansos.

Tamén a cultura organizativa contribúe á saúde mental e ó benestar. Por iso é polo que os compoñentes sociais do lugar de traballo poden proporcionar unha contorna de traballo favorable para a saúde mental e o benestar. Por exemplo, poden ofrecer (Wynne *et al.,* 2017):

- Apoio social, xa que os compañeiros de traballo poden axudar aos individuos para compartir os seus problemas persoais, a xestionalos e a afrontalos.
- Capacidades para xestionar os problemas: a interacción social no posto de traballo pode conlevar, directa ou indirectamente, oportunidades para aprender a xestionar os problemas de maneira eficiente.
- Apoio material: os centros de traballo ofrecen recursos en forma de ingresos monetarios, ademais, tamén existe a posibilidade de recibir apoio material directo dos compañeiros como axuda para solucionar problemas.

5.4. A prevención de riscos psicosociais e o Servizo de Vixilancia da Saúde

Respecto á prevención dos riscos psicosociais, existen unha gran cantidade de accións, documentación e normas legais. Seguindo o informe da Unión Europea sobre como promover a saúde mental no lugar de traballo (Wynne *et al.,* 2017), considérase que unha política adecuada de saúde mental e benestar debe ter estes catro elementos en conta: 1) saúde e seguridade; 2) promoción da saúde; 3) rehabilitación e retorno ao traballo; e, 4) igualdade e non discriminación.

A prevención de riscos psicosociais céntrase no primeiro e segundo apartado. En relación á política de saúde e seguridade no traballo, consideran que a mesma debe conter os seguintes elementos:

- As causas do estrés laboral, a súa identificación e o seu control.
- Un compromiso de xestionar e evitar os riscos para a saúde mental existentes no lugar de traballo.
- Información sobre como se abordarán a saúde mental e o benestar a través da identificación dos perigos, da avaliación de riscos e das medidas de control.

- O papel concreto da notificación, por exemplo, a través de declaracións sobre a seguridade, auditorías, etc.

- As cualificacións e a formación que debe ter o persoal implicado.

- Unha definición clara das responsabilidades e da rendición de contas para todos os elementos do sistema de saúde e seguridade.

- As relacións entre a política e o sistema de saúde e seguridade e outras políticas pertinentes, como as relativas á promoción da saúde, a rehabilitación e o retorno ao traballo, a igualdade, a loita contra a discriminación ou a xestión dos recursos humanos.

En relación á política de promoción da saúde no lugar de traballo, que é a que se ocupa do deseño e definición dun enfoque destinado a manter e mellorar a saúde mental e o benestar dos empregados, utilizando como contexto o centro de traballo:

- A política debe abordar tanto os problemas profesionais como os relacionados coa saúde mental e o benestar xerais. Non só debe centrarse no individuo, senón tamén na súa contorna de traballo e debe estar destinada a fomentar a capacidade de recuperación dos traballadores, por exemplo, ao mellorar a súa habilidade para xestionar os problemas.

- A política debe abordar os vínculos existentes coas políticas de saúde e seguridade. En concreto, debe incluír vías para conseguir que a contorna de traballo sexa máis propicia para a saúde mental e o benestar; este fin pode lograrse a través de diversas intervencións relacionadas co deseño ou a organización do traballo ou cos cambios culturais.

- A política debe designar a individuos responsables para a súa aplicación, debe especificar os coñecementos e as competencias que estes últimos deben ter, así como, as actividades nas que deben participar.

O terceiro elemento, a política de rehabilitación e retorno ao traballo pretende que a persoa poida volver ao seu anterior posto de traballo nas mellores condicións posibles. Para iso, suxírese que haxa unha norma dentro da organización que o permita, de aí a relevancia de que haxa leis que o faciliten (Wynne *et al.,* 2018). Por iso é polo que, organismos como a Unión Europea, suxiran que os países deben:

- Estipular como levará a cabo a mediación entre o traballador ausente e a organización.

- Estipular como levará a cabo o control temperán, a avaliación e a remisión aos servizos competentes.

- Estipular como pode acceder o empregado a unha persoa que, se fose necesario, lle apoie ante os profesionais médicos, o supervisor ou a familia.

- Especificar o dereito a un plan de retorno ao traballo adaptado, flexible e individualizado para o traballador ausente.

- Estipular como se avaliará a capacidade de traballo.

- Estipular como se facilitarán acomodacións e axustes estables, correctamente adaptados ao individuo e que conten co apoio necesario.

- Especificar o dereito a que se tomen medidas para un retorno gradual ao traballo.

- Facilitar un sistema activo de xestión dos casos para supervisar o proceso de reintegración.

- Establecer como se ofrecerán oportunidades de capacitación ao traballador ausente a través de actividades de reciclaxe e de rehabilitación no lugar de traballo.

- Facilitar oportunidades para que o empregado examine a súa preparación para o traballo ou para que obteña experiencia nun posto alternativo de transición.

- Facilitar o recurso ao apoio e ao asesoramento técnico.

- Fomentar a concienciación sobre a política de rehabilitación e retorno ao traballo dentro da empresa.

Estas disposicións refírense a unha política de rehabilitación e retorno ao traballo xeral que xestione todo tipo de enfermidades e lesións. Con todo, poderían incluírse outras disposicións centradas especialmente na saúde mental e no benestar. Entre elas, inclúense as seguintes:

- A necesidade de concienciar a todas as partes interesadas do lugar de traballo sobre a saúde mental e o benestar.
- A necesidade de loitar contra a estigmatización e a discriminación naqueles casos nos que se presenten.
- A dispoñibilidade de persoal cualificado, xa que a maioría dos empregados ou directivos non dispoñen dos coñecementos ou das competencias necesarias para xestionar problemas de saúde mental ou de rehabilitación e retorno ao traballo.
- A necesidade de ter en conta os diferentes efectos que poden ter as enfermidades ou os problemas de saúde mental, como, por exemplo: que se pode esperar dos traballadores cando regresan ao seu posto?
- A necesidade de garantir a confidencialidade da información; tendo en conta que os problemas de saúde mental son unha cuestión delicada, as políticas deben garantir a confidencialidade naqueles casos nos que se solicite.

Finalmente, debe haber unha política de igualdade e non discriminación no lugar de traballo, como recollen habitualmente as normas e leis laborais.

En España dispoñemos de varias normas legais que afectan ao anterior, como, de modo xeral, o Estatuto dos Traballadores e, de modo específico, a Lei de Prevención de Riscos Laborais. Tamén outras, como a que afecta ásas persoas con discapacidade, que veremos noutro punto. Na Táboa 5.19 indicamos algúns artigos relevantes das anteriores leis.

Taboa 5.19. Artigos máis relevantes para a prevención de riscos psicosociais das leis do Estatuto dos Traballadores e de Prevención de Riscos Laborais.

Lei do Estatuto dos traballadores
Artigo 19. Seguridade e saúde no traballo. 1. O traballador, na prestación dos seus servizos, terá dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo. 2. O traballador está obrigado a observar no seu traballo as medidas legais e regulamentarias de seguridade e saúde no traballo. 3. Na inspección e control das devanditas medidas que sexan de observancia obrigada polo empresario, o traballador ten dereito a participar por medio dos seus representantes legais no centro de traballo, se non se conta con órganos ou centros especializados competentes na materia a tenor da lexislación vixente. 4. O empresario está obrigado a garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo. O traballador está obrigado a seguir a formación e a realizar as prácticas. Todo iso nos termos sinalados na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, e nas súas normas de desenvolvemento, en canto lles sexan de aplicación. 5. Os delegados de prevención e, na súa falta, os representantes legais dos traballadores no centro de traballo, que aprecien unha probabilidade seria e grave de accidente pola inobservancia da lexislación aplicable na materia, requirirán ao empresario por escrito

para que adopte as medidas oportunas que fagan desaparecer o estado de risco; se a petición non fose atendida nun prazo de catro días, dirixiranse á autoridade competente; esta, se apreciase as circunstancias alegadas, mediante resolución fundada, requirirá ao empresario para que adopte as medidas de seguridade apropiadas ou que suspenda as súas actividades na zona ou local de traballo ou co material en perigo. Tamén poderá ordenar, cos informes técnicos precisos, a paralización inmediata do traballo se se estima un risco grave de accidente. Se o risco de accidente fose inminente, a paralización das actividades poderá ser acordada polos representantes dos traballadores, por maioría dos seus membros. Tal acordo poderá ser adoptado por decisión maioritaria dos delegados de prevención cando non resulte posible reunir coa urxencia requirida ao órgano de representación do persoal. O acordo será comunicado de inmediato á empresa e á autoridade laboral, a cal, en vinte e catro horas, anulará ou ratificará a paralización acordada.

Lei de Prevención de Riscos Laborais

Artigo 22. Vixilancia da saúde.
1. O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo. Esta vixilancia só poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento. Deste carácter voluntario só se exceptuarán, previo informe dos representantes dos traballadores, os supostos nos que a realización dos recoñecementos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores ou para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para o mesmo, para os demais traballadores ou para outras persoas relacionadas coa empresa ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigo. En todo caso deberase optar pola realización daqueles recoñecementos ou probas que causen as menores molestias ao traballador e que sexan proporcionais ao risco.
2. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa do traballador e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.
3. Os resultados da vixilancia a que se refire o apartado anterior serán comunicados aos traballadores afectados.
4. Os datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores non poderán ser usados con fins discriminatorios nin en prexuízo do traballador. O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ó persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores, sen que poida facilitarse ao empresario ou a outras persoas sen consentimento expreso do traballador. Con todo, o anterior, o empresario e as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención serán informados das conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados en relación coa aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención, a fin de que poidan desenvolver correctamente as súas funcións en materia preventiva.
5. Nos supostos en que a natureza dos riscos inherentes ao traballo o faga necesario, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde deberá ser prolongado máis aló da finalización da relación laboral, nos termos que regulamentariamente se determinen.
6. As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

Todo o anterior faise nas empresas a través do Servizo de Vixilancia da Saúde que se orienta tanto a mellorar a saúde no traballo como as condicións laborais para que as persoas non desenvolvan problemas de saúde. Unha das súas funcións é observar e corrixir condicións de traballo que poidan levar a unha mala saúde, incluída a saúde mental.

En España dispoñemos de varias normas legais que regulan os Servizos de Vixilancia da Saúde. Tamén temos a *"Guía básica e xeneral de orientación das actividades de vixilancia da saúde para a prevención de riscos laborais",* que elabora o Ministerio de Sanidade, a última do ano 2020 (Garcia *et al.*, 2020), a cal orienta, guía e suxire o que hai que facer.

Táboa 5.20. Definición e obxectivos da vixilancia da saúde.

O termo vixilancia da saúde dos traballadores engloba unha serie de actividades, referidas tanto a individuos como a colectividades e están orientadas á prevención dos riscos laborais, cuxos obxectivos xenerais teñen que ver coa identificación de problemas de saúde e a avaliación de intervencións preventivas. O principal propósito da vixilancia da saúde vai ser comprender mellor o impacto que o traballo ten sobre a saúde dos traballadores, de tal forma que xere información que oriente á toma de decisións para mellorar as condicións de traballo. Por outra banda, a vixilancia debe posibilitar que se identifiquen, tan pronto como sexa posible, os efectos adversos sobre o benestar social, físico e mental, de tal maneira que se poida evitar a progresión cara a un ulterior dano para a saúde máis importante. Unha parte importante da vixilancia da saúde dos traballadores é a vixilancia das enfermidades, lesións e outros danos de orixe profesional. Consiste na observación sistemática e continua dos episodios relacionados coa saúde na poboación co fin de previr e controlar os riscos profesionais, así como as enfermidades e lesións asociadas a eles.

Fonte: García *et al*. (2020, páx. 16-17).

Na práctica faise unha vixilancia individual e unha vixilancia colectiva da saúde. A primeira sería a vixilancia médica (ex., revisións anuais de saúde) e a colectiva é na que se analizan os riscos e danos que poden atoparse nese posto de traballo ou en toda a empresa (ex., nunha empresa de gases). En todo o anterior hai que seguir tanto as normas legais e sanitarias en vigor (ex., voluntariedade, confidencialidade, ética.), como as excepcións aplicables en certas situacións (ex., obrigatoriedade de certos controis polas específicas condicións de traballo). Así, o art. 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais di que "os recoñecementos son obrigatorios cando sexan imprescindibles para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para o mesmo". Isto tamén é aplicable cando o seu estado de saúde pode ser un risco para outros traballadores ou outras persoas.

En relación á saúde mental, é aplicable que o recoñecemento médico previo á contratación laboral en certos postos ou circunstancias, tal como o art. 22 xa citado.

Hoxe é indubidable o papel central que ten na prevención de riscos laborais a vixilancia da saúde das persoas traballadoras, entendida como un instrumento para detectar precozmente efectos adversos derivados da exposición a riscos laborais. Neste sentido hai un esforzo por establecer protocolos específicos de vixilancia da saúde para os riscos psicosociais no traballo como, por exemplo, o Protocolo PSICOVS2023

(Soriano-Tarín *et al.*, 2023). Con todo, o seu carácter voluntario e a confidencialidade limitan a aplicación práctica, especialmente en PEMES, e carece de indicadores claros para avaliar a eficacia a longo prazo. Ademais, debería ampliarse a avaliación ó abordaxe de riscos emerxentes, como o teletraballo, pola súa maior relevancia actual.

5.5. Incapacidade laboral temporal ou permanente e saúde mental

As incapacidades dos traballadores están recollidas na lexislación vixente, como é o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Prevención de Riscos Laborais, a Lei da Seguridade Social, xunto a outras normas desenvolvidas a partir das mesmas. Iso vén auspiciado por acordos e normas internacionais, como as de Nacións Unidas ou da Organización Internacional do Traballo.

Pola súa relevancia temos moitas guías sobre a incapacidade laboral (ex., Instituto Nacional da Seguridade Social, 2018; UGT, 2015, 2023). Delas, un apartado sempre está dedicado aos trastornos mentais, onde algúns deles teñen un período longo de tempo de incapacidade.

A Asociación Española de Especialistas en Medicina (Vicente-Herrero *et al.*, 2016) indica algúns aspectos conceptuais relevantes neste tema, como é diferenciar incapacidade de discapacidade, e os seus respectivos graos. Actualmente, esta conceptualización baséase na Clasificación Internacional do Funcionamento da Discapacidade e da Saúde (CIF) da Organización Mundial da Saúde (2001). *Discapacidade* indica os aspectos negativos da interacción entre un individuo, cunha condición de saúde dada, e os factores contextuais (ambientais e persoais). É un termo xenérico, que inclúe deficiencias nas funcións e estruturas corporais, limitacións na actividade e restricións na participación. Do mesmo xeito que o funcionamento, enténdese como unha interacción dinámica entre a condición de saúde e os factores contextuais.

Segundo a CIF, *a enfermidade e a incapacidade* son conceptos distintos que poden ser observados de forma totalmente independente e que non sempre se presentan cunha relación predictora dun con respecto do outro, xa que teñen características independentes. Así, dúas persoas coa mesma enfermidade poden ter diferentes estados funcionais, e dúas persoas co mesmo estado funcional non necesariamente teñen a mesma enfermidade. De modo máis operativo, a *incapacidade* queda referida ó ámbito laboral e circunscríbese ás capacidades dunha persoa para desenvolver un traballo. Pola contra, o tema da *discapacidade* é máis amplo. Non só se refire á capacidade laboral senón tamén ao seu ámbito persoal e social. Por iso é polo que unha mesma persoa pode ter recoñecida unha incapacidade permanente absoluta e unha discapacidade, pero non necesariamente ámbalas situacións van parellas nin teñen por que ter a mesma causa. Esta posibilidade de converxencia fai que en moitos casos os termos mestúrense e utilícense como sinónimos, pero a realidade é outra.

Como din Vicente-Herrero *et al.* (2016), o termo incapacidade pódese definir como a situación sobrevida de forma involuntaria e imprevista que implica unha diminución ou anulación da súa capacidade laboral. O termo oposto, a capacidade, está determinada por aspectos culturais, físicos, educativos, económicos, etc., que limitan a incorporación laboral de todos os individuos a todos os postos de traballo (é dicir, "non todos podemos realizar todas as tarefas")". Por tanto, a incapacidade refírese á situación que impide desempeñar unha actividade laboral, mentres que a discapacidade se relaciona coa dificultade para desempeñar un rol na vida diaria que sería o normal en función da idade, sexo e factores sociais e culturais.

A nosa lexislación considera a existencia da incapacidade temporal e da incapacidade permanente, diferenciando nesta última os tipos de parcial, total, absoluta e gran invalidez.

En relación á saúde mental, xa o estudo de Vaqueiro *et al.* (2011) indicaba que o principal motivo de incapacidade temporal en España de longa duración é, tanto en homes como en mulleres, a patoloxía osteomioarticular, seguido en homes de lesións e traumatismos, e en mulleres por patoloxías de complicacións do embarazo. A terceira causa en ámbolos sexos son os trastornos mentais, máis frecuentes en mulleres que en homes, predominando os trastornos do estado de ánimo e os de ansiedade. Calcúlase que un 6,5% das baixas débense a trastornos mentais, cun 15,4% do total de días de baixa por continxencia común nas persoas traballadoras (17% en mulleres, 12,4% en homes), en datos de 2021. Nese mesmo ano a media de duración temporal da baixa era de 98 días (FREMAP, 2022). A OIT calcula que o custo dos problemas de saúde mental sitúase entre o 3 e o 4% do PIB da UE. Algúns dos trastornos mentais como a depresión, o trastorno bipolar, algúns trastornos de ansiedade, a esquizofrenia, o alcoholismo ou o trastorno límite da personalidade, poden levar a unha incapacidade permanente absoluta. As persoas con trastornos mentais graves teñen moitas dificultades para incorporarse ao traballo e, cando o fan, adoitan ter postos de menos responsabilidade (Allande-Cussó *et al.*, 2022).

Como se comentou no capítulo 3, o estudo "*Saúde mental e traballo. Diagnóstico da situación"* do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde dos Traballadores (2023), onde repasaban as enquisas feitas en España sobre esta temática, indicaba que este problema é hoxe importante e que hai que tomar medidas para que non siga crecendo, como vén facendo nos últimos anos dende a pandemia do covid-19 que fixo aflorar moitos trastornos mentais.

Destacamos finalmente o informe da Asociación Española de Directores de Recursos Humanos (Saura *et al.*, 2023), onde repasan a situación da saúde mental en España, a súa incidencia no ámbito laboral, as baixas que ocasiona (o 14,3% de todas as baixas laborais no ano 2021), xunto ao seu custo. Propoñen varias medidas que se poden aplicar desde as empresas, como psicoeducación, avaliación frecuente sobre o estado emocional, servizo de psicoloxía e telepsicoloxía, valoración psicofísica nos exames de saúde dos traballadores e programas de mindfulness. Tamén describen exemplos de boas prácticas en empresas baseadas no anterior.

5.6. Persoas con discapacidade e saúde mental

Existen diferentes definicións de discapacidade, pero, xeralmente, faise referencia a unha deficiencia física, mental ou sensorial, xa sexa de natureza permanente ou temporal, que limita a capacidade de exercer unha ou máis actividades esenciais da vida diaria, que pode ser causada ou agravada pola contorna económica e social. Segundo a nosa lexislación, sería unha situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais (ex., Lei 6/2022 dos Dereitos das Persoas con Discapacidade e Inclusión social; Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, 2022; ou o Real Decreto 1/2013 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social). Na nosa normativa considéranse varios tipos de discapacidade: do desenvolvemento (ex., linguaxe), físicas (ex., ausencia de funcións motoras), intelectuais (ex., discapacidade intelectual) ou orgánicas (perda de funcionalidade dalgúns órganos, ex., fibrose quística). Outras clasificacións, como a

norteamericana (CDC, 2020) consideran as discapacidades relacionadas coa visión, o movemento, o razoamento, a memoria, a aprendizaxe, a comunicación, a audición, a saúde mental e as relacións sociais.

As normativas existentes en España sobre discapacidade (sobre todo o Real Decreto 1/2013 e Lei 6/2022 dos Dereitos das Persoas con Discapacidade e Inclusión social, e os seus desenvolvementos posteriores), son froito das convencións e acordos internacionais dos últimos anos. Así, destaca a Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, aprobada en 2006, pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, outras posteriores, e a recente Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, de Nacións Unidas (2024). O seu obxectivo é preservar e facer explícitos os dereitos destas persoas, garantindo o seu dereito á actividade profesional e ao traballo (sen discriminación), así como ao goce do resto de dereitos sociais como un cidadán máis.

Dentro da discapacidade, desde hai anos vénse prestando unha especial atención á discapacidade intelectual e á presenza nestas persoas de trastornos mentais asociados, tanto en nenos como adolescentes e adultos (ex., Martorell *et al.*, 2011; Verdugo e Martorell, 2009). O certo é que estas persoas sofren igual ou maior número de trastornos mentais que as persoas sen esta discapacidade, sendo con frecuencia infradiagnosticados (Bouras e Holt, 2004). Estímase que entre o 20 e 40% das persoas con discapacidade cognitiva teñen un trastorno mental asociado (Morentín *et al.*, 2021). É un colectivo especialmente vulnerable e cun importante estigma. Por exemplo, as mulleres con discapacidade intelectual teñen entre 2 e 4 veces máis probabilidades de sufrir violencia nunha relación íntima que as mulleres sen discapacidade (OMS, 2023). Isto incide na súa saúde física, mental e equilibrio emocional.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (Nacións Unidas, 2024) esixe aos Estados que garantan que as persoas con discapacidade teñan acceso á mesma atención de saúde gratuíta ou a prezos asumibles e da mesma variedade e calidade que as demais persoas. A inclusión das persoas con discapacidade é hoxe un aspecto fundamental para lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e facer realidade unha saúde para todos.

5.7. O tratamento dos problemas de saúde mental

O tratamento dos problemas de saúde mental que un traballador pode presentar realizarase por parte dos recursos dispoñibles no Sistema Nacional de Saúde, o SERGAS en Galicia, ou naqueles outros lugares ou servizos que dispoña a empresa. Aspectos relevantes neste ámbito son o tempo de duración do tratamento e a adecuada reincorporación ao posto de traballo unha vez finalizada a incapacidade laboral temporal.

Nun capítulo posterior verase cumpridamente como están organizados os servizos de saúde mental para a atención aos problemas de saúde mental en Galicia.

5.8. Como mellorar a saúde mental na contorna laboral

Sabemos que a contorna laboral pode ser unha fonte de satisfacción, pero tamén de problemas. Hai factores que facilitan ter unha mellor saúde mental, como é estar satisfeito co traballo. Aínda que a relevancia da saúde mental está hoxe na axenda social, incluída a laboral, isto non se operativizou de forma práctica para poder detectar, axudar e tratar a estas persoas, sobre todo nos seus estadios iniciais.

Un dos factores clásicos vinculados coa mala saúde mental e co xurdimento de problemas, patoloxías e enfermidades físicas, é o estrés laboral. De aí a necesidade de ter

programas específicos no campo laboral para reducilo. A empresa pode ser un lugar de especial interese para a implementación de programas preventivos dirixidos ao manexo do estrés e a outras problemáticas frecuentes, como a redución do consumo de alcol, tabaco e outras drogas ou mellorar as habilidades para afrontar distintas situacións laborais, persoais ou familiares. Na Táboa 5.20 indícase un exemplo acerca da idoneidade do lugar de traballo como espazo para realizar prevención de problemas co consumo de alcol.

Outros problemas que nos últimos anos están a ser foco de atención no mundo laboral son o *mobbing* (acoso moral, acoso psicolóxico), o *burnout* (síndrome de estar queimado polo traballo), a problemática do traballo a quendas, o teletraballo e a ergodependencia (estrés que sofre o traballador polo seu tipo de emprego que lle obriga a facer unha actividade tan intensa que non pode descansar adecuadamente durante longos períodos de tempo) (Díaz, 2012).

Outro aspecto para ter en conta é a preocupación que o traballador pode ter respecto a demandar tratamento por problemas de saúde mental cando o precisa, en canto ao que dirán, ao estigma ou mesmo a que poida perder o posto de traballo, a pesar de estar protexido pola normativa existente. Igualmente, é preciso ter en conta o proceso de incorporación laboral despois de ter un problema de saúde mental. Facilitar esta incorporación, levará a unha mais rápida recuperación, adaptándose mellor ao posto de traballo e a evitar recaídas. En todo iso o Servizo de Vixilancia da Saúde ten unha gran importancia e un papel central.

O que está claro é que o lugar de traballo é un lugar idóneo para facer a prevención de enfermidades e de trastornos mentais (ver Táboa 5.20).

Táboa 5.20. O lugar de traballo e a súa idoneidade para a prevención.

O lugar de traballo ofrece varias oportunidades para implementar estratexias de prevención para reducir o dano causado polo alcol, xa que a maioría dos adultos están empregados e botan unha parte importante do seu tempo no traballo. O lugar de traballo tamén pode ser un factor de risco para o consumo nocivo de alcol. Moitos estudos atoparon asociacións significativas entre o estrés no lugar de traballo e elevados niveis de consumo de alcol, un maior risco de problemas coa bebida e dependencia do alcol. A evidencia atopou que o alcol, e en particular o consumo excesivo de alcol, aumenta o risco de desemprego e, para os que traballan, de absentismo. O consumo de alcol, especialmente o consumo excesivo episódico, aumenta o risco de chegar tarde ao traballo e saír antes do mesmo ou de suspensión disciplinaria, o que leva á perda de produtividade; unha maior rotación por morte prematura; problemas disciplinarios; roubo e outros delitos; pobres relacións cos compañeiros de traballo e baixa moral global na empresa. Os estudos suxiren que o consumo de alcol pode ter máis efectos sobre a produtividade no traballo que sobre o número de días perdidos. Os custos da perda de produtividade é o elemento dominante nos estudos dos custos sociais, representando aproximadamente o consumo de alcol a metade do custo social total na UE.

Fonte: Anderson (2013, páx. 1).

As leis sinaladas previamente céntranse tanto no réxime sancionador (especialmente o artigo 54, 2f do Estatuto dos Traballadores, e o artigo 25, 1 da Lei de Riscos Laborais) (ver Táboa 5.22) como en aspectos da prevención, o tratamento e a rehabilitación. Á súa vez, hai normativas específicas, moi restritivas por cuestións de seguridade, en certos

sectores laborais onde a persoa non pode consumir alcol ou drogas dado que ten que estar en condicións físicas e psíquicas adecuadas (ex., no transporte) (Westreich, 2016).

Táboa 5.22. Artigos relevantes que afectan ós traballadores en relación ao consumo de alcol e drogas do Estatuto dos Traballadores e da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Estatuto dos traballadores, artigo 54, 2 f

Artigo 54. Despedimento disciplinario.

1. O contrato de traballo poderá extinguirse por decisión do empresario, mediante despedimento baseado nun incumprimento grave e culpable do traballador.

2. Consideraranse incumprimentos contractuais:

a) As faltas repetidas e inxustificadas de asistencia ou puntualidade ao traballo.

b) A indisciplina ou desobediencia no traballo.

c) As ofensas verbais ou físicas ao empresario ou ás persoas que traballan na empresa ou aos familiares que convivan con eles.

d) A transgresión da boa fe contractual, así como o abuso de confianza no desempeño do traballo.

e) A diminución continuada e voluntaria no rendemento de traballo normal ou pactado.

f**)** *A embriaguez habitual ou toxicomanía se repercuten negativamente no traballo.*

g) O acoso por razón de orixe racial ou étnica, relixión ou convicción**s**, discapacidade, idade ou orientación sexual e o acoso sexual ou por razón de sexo ao empresario ou ás persoas que traballan na empresa.

Lei de Riscos Laborais, artigo 25, 1

Artigo 25. Protección de traballadores especialmente sensibles a determinados riscos.

1. O empresario garantirá de maneira específica a protección dos traballadores que, polas súas propias características persoais ou estado biolóxico coñecido, incluídos aqueles que teñan recoñecida a situación de discapacidade física, psíquica ou sensorial, sexan especialmente sensibles aos riscos derivados do traballo. A tal fin, deberá ter en conta estes aspectos nas avaliacións dos riscos e, en función destas, adoptará as medidas preventivas e de protección necesarias.

Os traballadores non serán empregados naqueles postos de traballo nos que, a causa das súas características persoais, estado biolóxico ou pola súa discapacidade física, psíquica ou sensorial debidamente recoñecida, poidan eles, os demais traballadores ou outras persoas relacionadas coa empresa poñerse en situación de perigo ou, en xeral, cando se atopen manifestamente en estados ou situacións transitorias que non respondan as esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo.

2. Igualmente, o empresario deberá ter en conta nas avaliacións os factores de risco que poidan incidir na función de procreación dos traballadores e traballadoras, en particular pola exposición a axentes físicos, químicos e biolóxicos que poidan exercer efectos mutaxénicos ou de toxicidade para a procreación, tanto nos aspectos da fertilidade, como do desenvolvemento da descendencia, con obxecto de adoptar as medidas preventivas necesarias.

Enfoques teóricos como a teoría de demandas e recursos laborais (JDR), o modelo transaccional do estrés ou a teoría da conservación de recursos (COR) revalorizan o papel dos recursos persoais e laborais (como a autoeficacia, o apoio social ou o sentido do propósito) e orientan moitas intervencións cara ao individuo, especialmente con técnicas como as de ámbito da xestión do estrés, o mindfulness, a resiliencia ou o benestar. Pero, paralelamente, desprazan o foco dos factores estruturais ou colectivos (por exemplo, carga de traballo, ambigüidade de rol, inxustiza organizativa) e chocan, en certa medida, co marco normativo europeo, que prioriza a eliminación ou redución do risco na súa orixe, a intervención colectiva e a adaptación do traballo á persoa (Art. 15 da LPRL e Directiva 89/391/EEC). Paradoxalmente, as revisións sobre a eficacia das intervencións organizativas obteñen resultados, nalgúns casos, desalentadores (Kröll *et al.*, 2017; Richardson e Rothstein, 2008).

O absentismo laboral por incapacidade temporal en España presenta unha alta concentración nun pequeno grupo de persoas traballadoras. En concreto, nun amplo estudo nacional das baixas, atoparon que o 16,6% do total de persoas empregadas do Réxime Xeral acumulou o 69,6% dos procesos de baixa e o 64,5% das xornadas perdidas en 2023. Ademais, en cinco anos houbo un incremento do 55% na proporción de traballadores reincidentes (Peiró *et al.*, 2025). Isto introduce retos estruturais para a xestión da saúde ocupacional.

Do mesmo xeito, hai un novo fenómeno que é a dificultade para cubrir vacantes en determinados sectores. Isto implica, cando hai unha vacante ou unha baixa, unha intensificación da carga laboral para o resto do persoal, en moitos casos ante a imposibilidade de cubrir tal praza, o que pode agravar os riscos psicosociais pre-existentes, como tamén os problemas de saúde mental incipientes ou ben precipitalos.

Referencias

Allande-Cussó , R., García-Iglesias, J. J., Fagundo- Rivera, J., Navarro-Abal, Y., Climent-

Rodríguez, J. A. e Gómez-Salgado, J. (2022). Salud mental y trastornos mentales en los lugares de trabajo. *Revista Española de Salud Pública, 96*, e1-11.

Anderson, P. (2013). *Alcohol in the workplace*. World Health Organization En: https://www.euro.who.int/__data/assets/pdf_file/0009/191367/8-Alcohol-and-the-workplace.pdf).

Becoña, E. (2023). *Guía de buenas prácticas y calidad en la prevención de las drogodependencias y las adicciones*. Ministerio de Sanidad, Delegación de Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas. En: https://pnsd.sanidad.gob.es/profesionales/publicaciones/catalogo/catalogoPNSD/publicaciones/pdf/2023_Becona_GuiaBuenasPracticasCalidad_PrevDrogasAdicciones.pdf

Bouras, N. e Holt, G. (2004). Mental Health Services for adults with learning disabilities. *British Journal of Psychiatry, 184*, 291-292.

Burdorf, A., Fernandes, R. C. e Robroek, S. J. (2023). Health and inclusive labour force participation. *Lancet, 402(10410)*, 1382-1392.

CDC (2020). *Las discapacidades y la salud*. Centro Nacional de Defectos Congénitos y Discapacidades de Desarrollo de los CDC. Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades. En https://www.cdc.gov/ncbddd/spanish/disabilityandhealth/disability.html

Cambrero, D., Díez, M. A., Gómez, S., Hernández, N. e Molinos, R. (2017). *Buenas Prácticas. Promoción de la salud mental en entornos laborales*. Feafes Valladolid "El Puente".

CIG Saúde Laboral (2021). A problemática da saúde mental. Unha pandemia que xa está entre nós. *CIG Saúde Laboral, n. 42*. En: https://www.cigsaudelaboral.org/files/documentos/ARTIGO%201%20Boletin%20CIG%20Saude%20Laboral%20N%2042%20Version%20galego.pdf

Collantes, M. P. Marcos, J. I. e Velázquez, M. (Eds.) (2012). *La salud mental de las y los trabajadores*. La Ley, Grupo Wolters Kluwer España. En: https://www.euskadi.eus/contenidos/libro/medicina_201320/eu_saludmen/adjuntos/salud_mental_trabajadores.pdf

Confederación Salud Mental España (2021). *Guía. La importancia de la salud mental para el bienestar laboral. Trabajar sin máscaras. Emplear sin barreras*. Confederación Salud Mental España. En: https://consaludmental.org/centro-documentacion/importancia-salud-mental-bienestar-laboral/

Consejo Económico y Social de España [CES] (2024). *El sistema sanitario: Situación actual y perspectivas para el futuro*. Consejo Económico y Social de España. En: https://www.ces.es/documents/10180/5299170/INF_012024.pdf

Deloitte (2022). *Mental health and well-being in the workplace*. UK, Deloitte. En https://gx-mental-health-2022-report-noexp.pdf

Departamento de Investigación e Información (INSST) (2023). *Salud mental y trabajo*. Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo, Ministerio de Trabajo y Economía Social. En: https://www.insst.es/documents/94886/5326464/Salud+Mental+y+Trabajo+2023.pdf/9a0163c8-e840-0b47-ea05-dc4e46e866ab?t=1687776097872

Díaz, J. J. (2012). Psicopatología relacionada con alteraciones por quebrantamiento en la organización del trabajo. *Revista de Estudios Jurídicos Laborales y de la Seguridad Social, 2,* 141-151.

Díaz, M. P., Matulié, M. V., Zueras, I. V. e Renom, M. A. (2023). Discapacidad y salud mental: retos pendientes. *Alimara,* 97-105.

FEAPS (2020). *Trastornos de salud mental en las personas con discapacidad intelectual. Declaración FEAPS e Informe Técnico*. Federación Española de Organizaciones en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual.

Federación Salud Mental Castilla y León (2021). *Guía de adaptaciones y buenas prácticas. Salud mental y bienestar en el trabajo*. Federación Salud Mental Castilla y León. En:

https://saludmentalcyl.org/wp-content/uploads/2022/06/FSMCYL_GuiaBuenasPracticasSaludMentalBienestarTrabajo_AF-1.pdf
Federación Salud Mental Comunidad Valenciana (2033). *Salud mental en el entorno laboral*. Federación Salud Mental Comunidad Valenciana. En: https://www.consaludmental.org/publicaciones/Guia-Salud-Mental-Entorno-Laboral.pdf
Frank, J., Mustard, C., Smith, P., Siddiqi, A., Cheng, Y., Burdorf, A. e Rugulies, R. (2023). Work as a social determinant of health in high-income countries: past, present, and future. Lancet, *402(10410),* 1357-1367.
FREMAP (2022). *Observatorio de Salud. Estudio de la evolución de los "trastornos mentales y del comportamiento" en la incapacidad temporal".* FREMAP. En: https://gestionit.fremap.es/Documents/pdf/informeTMC-REV0.pdf
FSC-CCOO de Madrid (2022). *Plan para la protección de la salud mental en el entorno laboral*. FSC-CCOO. En: https://madrid.fsc.ccoo.es/035f4ed78a719b833d008879f60787b1000050.pdf
García, M., Esteban, V., Gallo, M., Artieda, L. e Guzmán, A. (2020). *Vigilancia de la salud para la prevención de riesgos laborales. Guía básica y general de orientación*. Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social. En: https://www.sanidad.gob.es/ciudadanos/saludAmbLaboral/docs/guiavigisalud.pdf
Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo (INSST) (2023). *Salud mental en el trabajo. Diagnóstico de la situación*. Servicio de Ediciones y Publicaciones del INSST. En: https://www.insst.es/documentacion/material-tecnico/documentos-tecnicos/salud-mental-y-trabajo-2023
Instituto Nacional de la Seguridad Social (2018). *Manual de tiempos óptimos de incapacidad temporal, 4ª edición*. Ministerio de Empleo y de Seguridad Social, Instituto Nacional de la Seguridad Social. En: https://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/d24cc76a-e1f4-49b6-b36f-fb8fc00a32a7/Manual+Tiempos+%C3%93ptimos+IT_Castellano_v4.0_+Accesibilidad.pdf?MOD=AJPERES
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia [ISSGA] (2023). *Patologías non traumáticas e danos psicolóxicos. Galicia. 2013-2022*. ISSGA. En: https://issga.xunta.gal/es/observatorio/patologias-no-traumaticas-y-danos-psicologicosgalicia2013-2022
Kröll, C., Doebler, P. e Nüesch, S. (2017). Meta-analytic evidence of the effectiveness of stress management at work. *European Journal of Work and Organizational Psychology, 26(5),* 677-693.
Leka, S. e Cox, T. (2008). *The European framework for psychosocial risk management: PRIMA-EF*. Institute of Work, Health and Organizations. En: http://www.prima-ef.org/uploads/1/1/0/2/11022736/prima-ef_ebook.pdf
Leonardi, P. M., Parker, S. H. e Shen, R. (2024). How remote work changes the world of work. *Annual Review of Organizational Psychology and Organizational Behavior, 11(1),* 193-219.
Martorell, A., Ayuso, J. L., Salvador-Carulla, L., Tamarit, J. e Zabalegui, M. (2011). *Discapacidad intelectual y salud mental. Guía práctica*. Fundación Pardo-Valcarce y Comunidad de Madrid.
Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 (2022). *Estrategia española sobre discapacidad 2022-2030 para el acceso, goce y disfrute de los derechos humanos de las personas con discapacidad. Aprobada por Consejo de Ministros de 3 de mayo de 2022*. Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, Secretaria General Técnica y Centro de Publicaciones. En: https://www.mdsocialesa2030.gob.es/derechos-sociales/discapacidad/docs/estrategia-espanola-discapacidad-2022-2030-def.pdf
Ministerio de Sanidad (2022a). *Estrategia de salud mental del Sistema Nacional de Salud. Período 2022-2026*. Ministerio de Sanidad.
Ministerio de Sanidad (2022b). *Plan de Acción de Salud Mental, 2022-24. Estrategia Salud Mental del SNS*. Ministerio de Sanidad. En:

https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/PLAN_ACCION_SALUD_MENTAL_2022-2024.pdf

Montes, C., Copa, M. J., Ferrón, L., Garabito, M., Lorenzo, M. N. e Sousa, E. (2023). *Caminando desde la prevención al bienestar laboral: riesgos psicosociales y salud en el trabajo*. Instituto de Seguridad y Salud Laboral de Galicia, Consellería de Emprego, Comercio y Emigración, Xunta de Galicia. En: https://issga.xunta.gal/sites/default/files/biblioteca/documentos/Riesgos%20Psicosociais%20CAST%20pliegos.pdf

Morentín, R., Redondo, C., Arias, B. e Rodríguez, J. (2021). *Personas con discapacidad intelectual y alteraciones de la salud mental: Prevalencia y principales características*. Plena Inclusión Castilla y León.

Naciones Unidas (2024). *Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad*. Naciones Unidas. En: https://documents.un.org/doc/undoc/gen/n24/083/45/pdf/n2408345.pdf

National Safety Council (2020). *Safer. Safe actions for employee returns. Mental health and the workplace*. National Safet Council. En: https://www.nsc.org/workplace/safety-topics/safer/mental-health-and-wellbeing

Op de Broek, R., Van Den Broek, K. e De Meyer, S. (2009). Mental health promotion. En T.Haratau e R. Wynne (Eds.), *Workplace health promotion: Definition, methods and techniques*. Romtens Foundation.

OMS (2001). CIF. *Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud Versión abreviada*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Secretaría de Estado de Servicios Sociales, Familias y Discapacidad. Instituto de Mayores y Servicios Sociales (IMSERSO). En: https://iris.who.int/bitstream/handle/10665/43360/9241545445_spa.pdf

OMS (2023). *Discapacidad.* En: https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/disability-and-health

Organización Panamericana de Salud [OPS] (2024). *Salud para todos: transformar la economía para que proporcione lo que importa. Informe final del Consejo sobre Aspectos Económicos de la Salud para Todos de la OMS*. Organización Panamericana de la Salud, Organización Mundial de la Salud. En: https://iris.paho.org/handle/10665.2/59577

Peiró, J. M., Goerlich, F. J., Serrano, L., Mínguez, C., Pascual, F., Davcheva, M., Mesa, J. M. e Villalba, S. (2025). *Nota breve 5: Estudio sobre la incapacidad temporal y siniestralidad*. Umivale Activa e Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas (Ivie). En: https://umivaleactiva.es/dam/umivale-activa/absentismo-y-competitividad/Notas-breves_Umivale_Activa_IVIE-5.pdfUmivale

Richardson, K. M. E e Rothstein, H. R. (2008). Effects of occupational stress management intervention programs: A meta-analysis. *Journal of Occupational Health Psychology, 13(1),* 69–93.

Rugulies, R., Aust, B., Greiner, B. A., Arensman, E., Kawakami, N., LaMontagne, A. E e Madsen, I. E. H. (2023). Work-related causes of mental health conditions and interventions for their improvement in workplaces. *Lancet*, *402*(10410), 1368–1381.

Saura, C., Parrilla, M., Vázquez, M., Lloro, R., de Andrés, B., Burriel, B., Mendoza, G. e Villalón, M. (2023). *Libro blanco sobre salud mental y emocional*. Asociación Nacional de Directores de Recursos Humanos. En: https://aedrh.org/wp-content/uploads/2024/02/Libro-Blanco_07-02-2024_.pdf

Soriano-Tarín, G., Guillén, P., Mazón, L., García, R., Carballo, M. E., Chanca, A. e Catalina, C. (2023). *Protocolo PSICOVS2023: Guía de recomendaciones para la vigilancia específica de la salud de trabajadores expuestos a riesgos psicosociales.* Affor Health. En: https://www.uam.es/uam/media/doc/1606943547882/protocolo-psicovs2023-2.pdf

Szekér, L., Gaudiino, M., Van den Broeck, A., Lenaerts, K., Vandekerckhove, S., Vanmarcke, S., ... Riso, S. (2023). *Psychosocial risks to workers' well-being: Lessons from the COVID-19 pandemic*. Eurofound. En:

atopándose mal ata que chegan á etapa de fraxilidade, que adoita ser despois dos 80 anos (Becker e Trautmann, 2022).

A OMS (2023) sinala que a prevalencia dos trastornos mentais nos adultos de 60 ou máis anos é dun 14%, sendo a depresión e a ansiedade os máis frecuentes. Iso en parte é debido a que estas persoas teñen maior probabilidade de ter eventos adversos, como o loito, a redución dos ingresos e menos cousas que facer pola xubilación. O illamento e a soidade son neles máis frecuentes, o risco de padecer malos tratos (físico, verbal, psicolóxico, sexual ou económico), moitas veces infravalorado, por parte dos seus coidadores e, con frecuencia, teñen que coidar da súa parella. Un trastorno prevalente nesta etapa é a demencia, dado que a súa presenza increméntase coa idade.

A guía do Sistema Nacional de Saúde británico (Mueller *et al*., 2017), que foi traducida e adaptada ao noso medio (da Cámara *et al*., 2017), resume moi ben os problemas de saúde mental na senectude, en persoas de 65 ou máis anos e a intervención a facer tanto en atención primaria como en saúde mental. Indica como a depresión é o trastorno de saúde mental máis común nestas idades, sobre todo cando padecen enfermidades ou están internados en hospitais ou residencias (poden chegar a triplicar a prevalencia respecto a outras persoas maiores). Debemos indicar que o suicidio é máis frecuente en persoas maiores.

Á depresión séguenlle os trastornos de ansiedade, moitas veces tamén asociados á depresión ou aos pródromos de demencia. A continuación estarían o trastorno bipolar e os síntomas psicóticos, así como a demencia, ou perdas de memoria, ás veces debido á depresión ou a trastornos de orixe vascular. Por último, o delirium non é infrecuente en maiores e poden ocorrer por múltiples motivos, incluídas causas médicas. Neste colectivo é preciso prestar especial atención a que o problema de saúde mental non sexa debido ao consumo de medicamentos como vimos no capítulo 4.

Outro problema que podemos atopar nas persoas maiores é o consumo de alcol. Coa idade diminúe a tolerancia, por iso é polo que lles fai máis dano a mesma dose respecto a cando eran novas, ademais de que a polifarmacia interactúa co alcol. Isto é relevante porque hai un grupo de persoas de máis idade que incrementan o s consumo de alcol nesta etapa vital (ex., para pasar o loito ou manexar a súa soidade). Non sempre é fácil detectar este consumo se teñen outras enfermidades (ex., dixestivas) ou outros trastornos (ex., de soño), ocultando neste caso o seu problema co alcol. Un trastorno frecuente neles tamén é o insomnio, trastorno que aumenta coa idade.

Outro problema que pode xurdir en idades avanzadas é o trastorno por acumulación ou síndrome de Dióxenes, habitualmente en persoas que viven soas. Aínda que é un fenómeno raro, pode estar asociado a danos no lóbulo frontal, demencia, depresión ou esquizofrenia, entre as causas máis habituais.

En Galicia, co noso alto nivel de envellecemento da poboación hai máis problemas de demencias, Alzheimer e outros trastornos asociados a esas idades. Ademais, isto non deixará de crecer nos próximos anos porque afectarán directamente as persoas da xeración do *baby boom*, que agora teñen entre 61 e 79 anos. Como exemplo, seguindo os datos rexistrados na historia de atención primaria (a base de datos BDCAP), en España houbo en 2020 489.364 casos co diagnóstico de demencia (30,8% homes, 69,2% mulleres), e deles en Galicia 26.280 casos. En 2011, en cambio, a cifra era moito menor con 117.937 casos para toda España (CEAFA, 2022).

6.9. A necesaria atención aos grupos vulnerables

Co incremento do interese pola saúde mental, así como polo coñecemento e experiencia profesional acumulada, a atención aos grupos vulnerables converteuse nunha área de interese e á que hai que prestar máis atención, sobre todo porque estes grupos teñen máis trastornos mentais que o resto da poboación.

Os grupos vulnerables son aqueles que teñen maior risco de desenvolver problemas de saúde debido ao seu status sociocultural de marxinalidade, o seu limitado acceso a recursos económicos, ou debido a características individuais tales como o sexo, oxénero ou a idade (Laranjeira e Querido, 2024). Estes grupos sofren máis exclusión social por razóns de saúde, relixión, cultura, etnia, orientación sexual, xénero, discapacidade física ou mental, entre outros, por iso é polo que desenvolven máis enfermidades e trastornos mentais.

Algúns dos grupos vulnerables considerados, son os seguintes (Lázaro, 2020; WHO, 2010):

- Adolescentes sometidos a malos tratos.
- Mozos que sufriron acoso escolar ou ciberacoso.
- Persoas sen fogar.
- Mulleres que sufriron violencia de xénero.
- Persoas en situacións de pobreza.
- Persoas en paro, sobre todo os de longa duración.
- Persoas na cadea.
- Persoas con dificultades de aprendizaxe.
- Persoas maiores soas e sen rede familiar ou social.
- Persoas desprazadas forzosamente por persecución, conflito ou violencia, en moitos casos que están como refuxiados en países distinto ao seu.
- Grupos étnicos minoritarios.
- Inmigrantes.
- Persoas con graves problemas debido ao consumo de alcol ou drogas ilegais.
- Persoas do colectivo LGTBIQ+.

Estes grupos teñen máis problemas de saúde mental que o resto da poboación, sofren máis exclusión social, marxinación, estigma, teñen menos oportunidades sociais e están máis illados (Laranjeira e Querido, 2024).

En España, os datos recolleitos nun estudo de Médicos do Mundo (Gallego, 2023), nas persoas que eles atenden en distintos lugares da nosa xeografía, indican que estas persoas non acoden aos servizos de saúde mental, aínda que o precisen. Entre as posibles causas sinalan a súa situación de vulnerabilidade e a falta de documentación ou de coñecemento por estar en situación irregular. Entre os problemas detectados atópanse un alto consumo de substancias como estratexia de afrontamento; presenza de ansiedade e síntomas propios do trastorno de estrés postraumático, sobre todo en mulleres cando sufriron violencia de xénero; síntomas compatibles con duelos migratorios en persoas migrantes; e alta porcentaxe de situacións potencialmente traumáticas. Dado o aumento nos países desenvolvidos da inmigración, sobre todo ilegal, estes casos irán aflorando de modo continuo.

Por tanto, é preciso ter en conta aos grupos vulnerables, dada a súa maior prevalencia de trastornos mentais, e facilitarlles o acceso aos tratamentos, xunto con levar a cabo accións preventivas para evitar que unha parte non acaben desenvolvendo trastornos mentais.

6.10. O custo sanitario, laboral, social e familiar dos trastornos mentais

Como xa vimos previamente, a prevalencia dos distintos trastornos mentais é alta na poboación, o que se ve reflectido na petición de axuda en forma de consultas de saúde mental, internamentos, seguimentos ás veces longos, e outros recursos adicionais para os pacientes. Isto vese reflectido nun alto custo da asistencia sanitaria no ámbito público, pero tamén no impacto económico na propia familia no caso de que acudan ao campo sanitario privado e a outros recursos de tipo social.

Un dato relevante para coñecer a problemática da saúde mental, e o seu custo correspondente, extraémolo do informe do Ministerio de Sanidade (2019), vinculado ao consumo de psicofármacos receitados polo médico de atención primaria xunto aos diagnósticos respectivos. O 27,4% das persoas atendidas en atención primaria presenta algún problema psicolóxico ou trastorno mental, cunha frecuencia maior en mulleres (30,2%) que en homes (24,4%). Como vemos, a cifra é moi alta, case un de cada tres que van ver ao seu médico de atención primaria. Os trastornos máis frecuentes son os de ansiedade, depresivos, soño e adaptativos. Claramente, isto implica un enorme custo e só fai referencia á atención primaria.

A nivel internacional, os estudos indican que o gasto en saúde mental é moi importante. Como exemplo, Arias *et al*. (2022) calcularon para o ano 2019 o custo dos trastornos mentais nos distintos países do mundo, agrupados por zonas xeográficas. Incluíron todos os custos que carrexan os problemas de saúde mental, representando o 16% do total da carga de enfermidade. O custo a nivel do PIB varía por países, estando no 7.7% para Europa oriental, 6% para Europa central y 6,5% para Europa occidental. O nivel máis alto de gasto en función do PIB está en Norte América onde representa o 7,9% do PIB. É importante indicar que neste estudo inclúense todos os custos que carrexa para as persoas con problemas de saúde mental, porque o custo sanitario non chega ao 2% neses países. Conforme vanse afinando os estudos, considerando os custos directos e indirectos dos trastornos mentais, irase vendo que este custo é moi alto.

Para España varios estudos calcularon este aspecto. Un primeiro estudo a considerar é o de Oliva-Moreno *et al*. (2009), que calcularon os custos dos problemas de saúde mental fai uns 20 anos, incluíndo só os custos sanitarios no Sistema Nacional de Saúde, excluíndo os custos privados ou outros. Utilizando as estatísticas de 2002 de atención aos pacientes, os seus resultados indican un custo médico directo de 2.777 millóns de euros (48% directos, 39% de medicamentos e 13% de consultas externas), de custos non médicos directos 163,4 millóns de euros e 2.997 millóns de euros por perdas de produtividade laboral. Por tanto, nun ano un total de 7.109 millóns de euros.

Uns anos máis tarde Parés-Badell *et al*. (2014) calcularon que o custo dos trastornos mentais e do cerebro en España, no ano 2010, era de 83.749 millóns de euros. Desa cantidade 45.988 millóns de euros correspondían á saúde mental.

Só para a depresión, Vieta *et al*. (2021) analizaron os seus custos en España, utilizando datos de 2015 a 2017. Para o ano 2017 o custo total foi de 6.145 millóns de euros, que se repartiría nun 60,5% para incapacidade permanente, 17,5% para saúde, un 17,1% para incapacidade temporal e un 4,9% para morte prematura. A media do custo por paciente e ano era de 3.402 euros. Como vese neste estudo, a incapacidade permanente ou temporal, que é case un 80% do custo total, é o maior. Por iso, é necesario prestar unha especial atención a este trastorno, para reducir a enorme factura que ten a incapacidade derivada, favorecendo a súa recuperación máis rápida.

Datos máis actuais, como os do Consello Económico e Social de España (2024) calculan que o gasto total en saúde mental en España é duns 60.000 millóns de euros ao ano, o que representa un 4,2% do PIB.

O anterior lévanos a expor varias cuestións. A primeira, que precisamos estudos nos que se inclúan todos os custos que teñen os problemas de saúde mental, non só os

sanitarios do Sistema Nacional de Saúde senón tamén os laborais e outros custos como o coidado das persoas con trastornos mentais graves, ter que acudir a profesionais privados, e outros custos de coidados, como acudir a asociacións de persoas con trastornos mentais, anos de vida perdidos, entre outros. Deste xeito, a cifra será máis realista, á vez que moito maior da que se suxire habitualmente. A segunda, é que se precisan máis recursos para atender ás persoas con trastornos mentais. Os actuais son insuficientes. A terceira, é que hai que ter en conta que os trastornos mentais, van seguir aumentando se non se melloran os recursos e se non se fan plans preventivos para que iso non ocorra. Fenómenos como o envellecemento, cambios sociais, cambios na forma de entender a vida, etc., facilitan o incremento dos trastornos mentais. Cuarta, ter en conta os gastos e a carga familiar que supoñen os trastornos mentais, así como os altos custos laborais pola incapacidade e a necesidade de que as persoas con trastornos mentais melloren canto antes. E, quinta, a sustentabilidade económica do sistema sanitario público, ao ter que dedicar moitos máis recursos á saúde mental, e que, como no resto da sanidade, a saúde mental precisa incrementar os recursos para profesionais, novos fármacos, procedementos terapéuticos e tecnoloxía avanzada, xunto á necesaria atención da cronicidade en moitos pacientes. Este é un reto que afecta a toda a sanidade, pero de modo especial na atención á saúde mental.

6.11. A maior incidencia no medio laboral dos actuais problemas de saúde mental

Xa vimos nos capítulos 4 e 5 que o mundo laboral é un dos lugares nos que as persoas botan máis tempo. E, esas persoas, como parte que son da poboación xeral, teñen a mesma porcentaxe de trastornos mentais que o que se indica nos estudos poboacionais. Por iso é polo que coñecer, monitorar, detectar, derivar ou tratar os problemas de saúde mental que hai nas persoas que se atopan no medio laboral é importante. Por iso, nos últimos anos cobrou unha gran relevancia a saúde mental no mundo laboral.

Tamén, como vimos ao longo do presente capítulo, producíronse profundos cambios nas últimas décadas, empezando pola globalización e seguindo polas grandes transformacións que a nivel laboral estamos a vivir, e viviremos nos próximos anos. Todo isto esixe prestar unha maior atención ás persoas con trastornos mentais no medio laboral e, por suposto, crear condicións no devandito medio para que non se fomente a aparición dos trastornos mentais levando a cabo programas preventivos e detectando canto antes tales problemas. O lugar de traballo debe ser un lugar seguro para a saúde mental, non ser unha fonte de creación de estrés ou malestar, e que se atenda aos trastornos mentais, se aparecen, nas súas fases temperás.

É necesario mellorar o atraso existente na revisión das baixas laborais por parte da inspección médica sanitaria, xa sexan por continxencia común (enfermidade ou accidente non laboral) ou profesional (accidente de traballo ou enfermidade profesional). En función da patoloxía que presente a persoa, será convocada á inspección médica cando o período medio de curación supere ao establecido como habitual e, no caso de que o período de baixa sexa superior a 365 días (548 días nalgún caso específico), a inspección sanitaria é o organismo responsable de conceder unha incapacidade laboral temporal ou permanente. Esta pódese reverter no caso de que desapareza a enfermidade ou o trastorno mental. A prestación económica que recibe a persoa traballadora depende destes informes. O problema que existe na actualidade é que, debido á carencia de médicos suficientes na inspección médica sanitaria, con frecuencia tanto a avaliación como a resolución posterior dilátanse, superando os 12 meses que, como máximo, a lei prevé para iso.

Estamos seguros que a atención aos problemas de saúde mental no medio laboral seguirá sendo un tema vixente, e irá recibindo cada vez máis atención, por ser un dos mellores lugares para implantar medidas preventivas

Referencias

Agencia de Evaluación de Tecnologias Sanitarias de Andalucía [AETSA] (2018). *Guías de práctica clínica sobre trastorno mental grave*. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Andalucía. En: https://www.aetsa.org/download/publicaciones/AETSA_PAI_TMG-abril2018.pdf

ACNUR (2023). *Agencia de la ONU para los refugiados: Tendencias globales. Desplazamiento forzado en 2023*. ACNUR. En: https://www.acnur.org/media/tendencias-globales-de-desplazamiento-forzado-en-2023

Allande-Cussó, R., García-Iglesias, J. J., Fagundo-Rivera, J., Navarro-Abal, Y, Climent-Rodríguez, J. A. e Gómez-Salgado, J. (2022). Salud mental y trastornos mentales en los lugares de trabajo. *Revista Española de Salud Pública, 96*, e202201006.

Arias, D., Saxena, S. e Verguet, S. (2022). Quantifying the global burden of mental disorders and their economic value. *EClinicalMedicine, 54*, 101675.

Bath, M. A. (2022). Globalisation and mental health disorders among young people: Highlights from India and China. *Society and Culture Development in India, 2(1),* 81-96.

Becker, C. e Trautmann, S. T. (2022). Does happiness increase in old age? Longitudinal evidence from 20 European countries. *Journal of Happiness Studies, 23*, 2625-3654.

Benjamins, R. R. (2023). Social and ethical challenges of the metaverse: Opening the debate. *AI and Ethics,*3(3). 1-9.

Berenzon, S., Galván, J., Saavedra, N., Bernal, P., Mellor-Crummey, L. e Tiburcio, M. (2014). Exploración del malestar emocional expresado por mujeres que acuden a centros de atención primaria de la Ciudad de México. Estudio cualitativo. *Salud Mental, 37 (4),* 313-319.

Bocci Benucci, S., Fioravanti, G., Silvestro, V., Spinelli, M. C., Brogioni, G., …, Rotella, F. (2024). The impact of following Instagram influencers on women's body dissatisfaction and eating disorder symptoms. *Nutrients*, *16*(16), 2730.

Carver, C. S., Scheier, M. F. e Weintraub, J. K. (1989). Assessing coping strategies: A theoretically based approach. *Journal of Personality and Social Psychology, 56*(2), 267-283.

Carnero, M. A., Martínez, B. e Sánchez-Mangas, R. (2008). Mobbing and its determinants: the case of Spain. *Applied Economics*, *42*(29), 3777–3787.

CDC (2022). *About emotional well-being*. CDS. U. S. Centers for Diseases Control and Prevention. En: https://www.cdc.gov/emotional-well-being/about/index.html#:~:text=Key%20points,your%20overall%20emotional%20well%2Dbeing.

CEAFA (2022). *Censo de las personas con Alzheimer y otras demencias en España. Resultados y conclusiones*. CEAFA, Confederación Española de Asociaciones de Familiares de Personas con Alzheimer y otras Demebncias.

Consejo Económico y Social de España (2024) *Informe 2024. El sistema sanitario: Situación actual y perspectivas de futuro*. Consejo Económico y Social de España.

Das, J. K., Salam, R. A., Arshad, A., Finkelstein, Y. e Bhutta, Z. A. (2016). Interventions for Adolescent Substance Abuse: An Overview of Systematic Reviews. *Journal of Adolescent Health, 59(4 Suppl),* S61-S75.

De la Cámara, C. e Lobo, A. (2017*). Salud mental en personas mayores. Una guía práctica. versión española. Salud Mental en las Personas Mayores*. Cibersam. En: https://gesdoc.ciberisciii.es/Files/SAM/Otra%20Documentaci%C3%B3n%20-%20Other%20Resources/Gu%C3%ADas%20cl%C3%ADnicas%20y%20diagn%C3%B3sticas%20-%20Clinical%20and%20Diagnostic%20Guide/Salud%20Mental%20en%20las%20personas%20mayores.%20Una%20Gu%C3%ADa%20pr%C3%A1ctica.pdf

Dolz, M. C. (2021). *Una mirada a la salud mental de los adolescentes: claves para comprenderlos y acompañarlos*. Faros Sant Joan de Déu. En: https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/7455_d_Mirada-SaludMental-Adolescentes.pdf

Domjan, M. e Delamater, A. R. (2023). *The essentials of conditioning and learging (5th edition)*. American Psychological Association.

Downey, E., Fokeladeh, H.S. e Catton, H. (2022). *What the Covid-19 pandemjic has exposed: The findings of five global health workforce professions*. World Health Organization and Work Health Professions Alliance. En: https://www.who.int/publications/i/item/9789240070189.

Enriquez-Traba, J., Yarur-Castillo, H. E., Flores, R. J., Weil, T., Roy, S., …, Tejeda, H. A. (2023). Dissociable control of motivation and reinforcement by distinct ventral striatal dopamine receptors. *BbioRxiv*, 2023.06.27.546539.

Etxebarria, I. (2002). La regulación de las emociones. En P. Fernández Berrocal y N. Ramos Díaz (Eds.), *Corazones inteligentes* (pp. 449-476). Kairós

European Foundation for the Improvement of Living and Working Conditions [Eurofound] (2024). *Workplace bullying, harassment and cyberbullying: Are regulations and policies fit for purpose?* Publications Office of the European Union.

Expósito-Duque, V., Torres-Tejera, M. E. e Domínguez, J. A. (2024). Determinantes sociales de a ansiedad del siglo XXI. *Atención Primaria Práctica, 6*, 100192.

Fundación ANAR (2021). *Informe anual 2020*. Fundación ANAR. En: https://www.anar.org/wp-content/uploads/2021/12/Informe-ANAR-COVID_Definitivo.pdf

Fundación ANAR (2022a). *Conducta suicida y salud mental en la infancia y adolescencia en España (2012-2022), según su propio testimonio*. Fundación ANAR. En: https://www.anar.org/wp-content/uploads/2022/12/Estudio-sobre-Conducta-Suicida-en-la-Infancia-y-la-Adolescencia-2012-2022.pdf

Fundación ANAR (2022b). *Informe Anual Teléfono/Chat ANAR 2021.* Fundación ANAR. En: https://www.anar.org/wp-content/uploads/2022/04/INFORME-T ELEFONO-CHAT-ANAR-2021-VFINAL.pdf

Gallego, E. M. (2023). *Salud mental en población vulnerabilizada*. Médicos del Mundo. En: https://www.medicosdelmundo.org/actualidad/publicaciones/informes/salud-mental-en-poblaciones-vulnerabilizadas/

García, B., Briongos, E., Leal, J., Lamata, F. González, N. A. e Campos, T. (2023). *La situación de la salud mental en España.* Confederación Salud Mental España y Fundación Mutua Madrileña.

Giraldo, P. A., Montoya, D., Stevenson, D. e Muñoz, C. F. (2023). Nuevas tecnologías y su incidencia en la salud mental de los adolescentes. *Socialium, 7(1)*, 1-17.

Gleeson, C., Frost, R., Sherwood, L., Shevlin, M., Hyland, P., …, Silove, D. (2020). Post-migration factors and mental health outcomes in asylum-seeking and refugee populations: a systematic review. *European Journal of Psychotraumatology, 11(1*), 1793567.

Gobierno de España (2023). *Componente 19: Plan Nacional de Competencias Digitales (digital skills).* En: https://planderecuperacion.gob.es/politicas-y-componentes/componente-19-plan-nacional-de-competencias-digitales-digital-skills

Grupo de Trabajo de la Guía de Práctica Clínica de Intervenciones Psicosociales en el Trastorno Mental Grave [Grupo de Trabajo TMG] (2009). *Guía de Práctica Clínica de Intervenciones Psicosociales en el Trastorno Mental Grave*. Ministerio de Ciencias e Innovación. En: https://portal.guiasalud.es/wp-content/uploads/2018/12/GPC_453_TMG_ICS_resum.pdf

Herranz, C. (2024). Malestar emocional en Atención Primaria, el abordaje no medicalizado del malestar emocional en la consulta. *Atención Primaria, 56*, 102859.

Instituto Nacional de Estadística (2024). *Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de la información y comunicación (TIC) en los hogares*. Instituto Nacional de Estadística. En: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=estadistica_C&cid=1254736176741&menu=ultiDatos&idp=1254735976608

Instituto Nacional de Estadística (2024). *6.4 Población que usa Internet (en los últimos tres meses). Tipo de actividades realizadas por Internet*. Instituto Nacional de Estadística. En:

https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259925528782&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout
Kasdin, J., Duffy, A., Nadler, N., Raha, A., Fairhall, A. L., Stachenfeld, K. L. e Gadagkar, V. (2025). Natural behaviour is learned through dopamine-mediated reinforcement. *Nature*, 10.1038/s41586-025-08729-1.
Laranjeira, C. y Querido, A. (2024). Mental health promotion and illness prevention in v ulnerable populations. *Healthcare, 12*, 554.
Lázaro, L. (2020). Salud mental, psicopatología y poblaciones vulnerables. *Revista de Psiquiatría Infanto-Juvenil, 37 (2)*, 3-5.
Mendoza, Y. L. e Vargas, K. (2017). Factores psicosociales asociados al consumo y adicción a sustancias psicoactivas. *Revista Electrónica de Psicología Iztacala, 20(1),* 139-167.
Mental Health Europe (2022). *Paper on Mental health and geopolitical crises: Ukraine and beyond: 2022.* Mental Health Europe. En: https://www.infocoponline.es/pdf/MHE_Mental_Health_and_Geopolitical_Crises.pdf
Ministerio de Sanidad (2019). *Salud mental en datos: prevalencia de los problemas de salud y consumo de psicofármacos y fármacos relacionados a partir de los registros clínicos de atención primaria.* Ministerio de Sanidad. D En: https://www.sanidad.gob.es/estadEstudios/estadisticas/estadisticas/estMinisterio/SIAP/Salud_mental_datos.pdf
Ministerio de Sanidad (2021). *Estrategia de Salud Mental del Sistema Nacional de Salud, periodo 2022-2026*. Ministerio de Sanidad. En: https://www.sanidad.gob.es/areas/calidadAsistencial/estrategias/saludMental/docs/Ministerio_Sanidad_Estrategia_Salud_Mental_SNS_2022_2026.pdf
Mueller, C., Thompsell, A., Harwood, D., Bagshaw, P. e Burns, A. (2017). *Mental health in older people. A practice primer. NHS England and NHS Improvemen*t. En: https://www.england.nhs.uk/wp-content/uploads/2017/09/practice-primer.pdf
Muñoz, M. A., De Casas, M., Cobo, R., Fontcuberta, J., Manrique, R. e Pérez, F. (2008). Malestar psicosocial de la mujer: experiencia en una intervención grupal en atención primaria. *Archivos de Medicina de Familia, 10 (3*), 96-100.
Myrick, J. G. e Willoughby, J. F. (2019). Educated but anxious: How emotional states and education levels combine to influence online health information seeking. *Health Informatics Journal, 25(3),* 649–660.
National Institute of Mental Health (1987). *Towards a model for a comprehensive community based mental health system.* U.S. Department of Health and Human Services, Public Health Service, Alcohol, Drug Abuse, and Mental Health Administration.
Office of the Surgeon General (OSG). (2023). *Social Media and Youth Mental Health: The U.S. Surgeon General's Advisory*. US Department of Health and Human Services.
Okasha, A. (2005). Globalization and mental health: A WPA perspective. *World Psychiatry, 4(1),* 1-2.
Oliva-Moreno, J., López-Bastida, J., Montejo-González, A. L., Osuna-Guerrero, R. e Duque-González, B. (2009). The socioeconomic costs of mental illness in Spain. European Journal of Health Economics: HEPAC: *Health Economics in Prevention and Care, 10(4),* 361–369.
Observatorio Nacional de Tecnología y Sociedad (ONTSI) (2023). *Impacto del aumento del uso de Internet y las redes sociales en la salud mental de jóvenes y adolescentes. Observatorio Nacional de Tecnología y Sociedad. Red.es. Secretaría de Estado de Digitalización e Inteligencia Artificial*. Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital. En: https://www.ontsi.es/es/publicaciones/Impacto-del-uso-de-Internet-y-redes-sociales-salud-mental-jovenes-adolescentes
OMS (2023). *Salud mental en los adultos mayores*. Organización Mundial de la Salud. En: https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/mental-health-of-older-adults
OMS (2025). *Salud mental*. World Health Organization. En https://www.who.int/es/health-topics/mental-health#tab=tab_1
Parés-Badell, O., Barbaglia, G., Jerinic, P., Gustavsson, A., Salvador-Carulla, L. e Alonso, J. 2014). Cost of disorders of the brain in Spain. *PloS One*, *9*(8), e105471.

Perea-Machado, T. e Rodríguez-Flórez, M. M. (2020). El consumo de sustancias psicoactivas en adolescentes en etapa escolar. *Revista Sinergia, 7,* 165-194.
Porras, N. R. (2017). Análisis de la relación entre la salud mental y el malestar humano en el trabajo. *Equidad Desarrollo, 29,* 161-178.
Quintana, J. G., Garrido, A. T. e Moreno, A. J. (2023). Cultura participativa y cultura del "yo" en Instagram. Estudio andaluz en la adolescencia tardía (España). *Prâksis, 1*, 162-187.
Revranche, M., Biscond, M. e Husky, M. M. (2022). Lien entre usage des réseaux sociaux et image corporelle chez les adolescents: une revue systématique de la littérature. *L'Encephale*, *48*(2), 206–218.
Sarno, S., Beirán, M., Falcó-Roget, J., Diaz-deLeon, G., Rossi-Pool, R., Romo, R. e Parga, N. (2022). Dopamine firing plays a dual role in coding reward prediction errors and signaling motivation in a working memory task. *Proceedings of the National Academy of Sciences of the United States of America, 119(2),* e2113311119.
Smartme Analytics (2022). *Digital Consumer by Generation. Hábitos de consumo digital de Generación Z, Millennials y Generación X*. Smartme Analytics. En: https://smartmeanalytics.com/insight/digital-consumer-by-generation-2022
Swartz, L. (2012). An unruly coming of age: The benefits of discomfort for global mental health. *Transcultural Psychiatry, 49 (3-4),* 531-538.
Talarn, A. (2007). El mercado de la salud. En A. Talarn (Ed.), *Globalización y salud mental* (pp. 165-220). Herder
Toro, J., Ardila, C., Fonseca, J. y Figueroa, J., Linares, A. e Fonseca, J. (2018). Consumo de sustancias psicoactivas en población adolescente. *Cuadernos Hispanoamericanos de Psicología, 18(1),* 32-45.
U. S. Department of Health and Human Services (USDHHS) (2023). *Social media and youth mental health 2023*. U. S. Department of Health and Human Services. En: https://www.hhs.gov/sites/default/files/sg-youth-mental-health-social-media-advisory.pdf
Vieta, E., Alonso, J., Pérez-Sola, V., Roca, M., Hernando, T., …, Gabilondo, A. (2021). epidemiology and costs of depressive disorder in Spain: the EPICO study. *European Neuropsychopharmacology, 50,* 93–103
World Health Organization [WHO] (2010). *Mental health and development: Targeting people with mental health conditions as a vulnerable group*. World Health Organization.

Capítulo 7
Os trastornos mentais e do comportamento máis relevantes

7.1. Os trastornos mentais e do comportamento
7.2. Esquizofrenia e trastornos psicóticos
7.3. Trastornos de ansiedade
7.4. Trastornos do estado de ánimo (depresión e trastorno bipolar)
7.5. Trastornos por consumo de substancias psicoactivas e outras adiccións
7.6. Trastornos infanto-xuvenís e do neurodesenvolvemento
7.7. Trastornos do comportamento alimenticio
7.8. Os trastornos de personalidade e trazos relacionados
7.9. Outros trastornos
Referencias

1. Os trastornos mentais e do comportamento

Os trastornos mentais e do comportamento diagnostícanse hoxe con dous sistemas clasificatorios, o DSM-5-TR da Sociedade Americana de Psiquiatría (APA, 2023) e o CIE-10 ou CIE-11 da Organización Mundial da Saúde (OMS, 2021; WHO, 2024). Son equivalentes, aínda que difiren lixeiramente nalgúns trastornos ou síntomas que inclúen. Neste capítulo imos seguir a descrición do CIE-11, por ser o máis actual e porque o CIE é o sistema que se utiliza para poñer os diagnósticos no Sistema Nacional de Saúde aos distintos trastornos.

O CIE-11 ten a vantaxe de que permite intercambiar información entre os distintos profesionais, tanto de aquí, como do resto do mundo, ao ter un mesmo sistema de clasificación. Iso facilita o diagnóstico e o tratamento. Inclúe toda unha serie de trastornos nestas categorías:

- Trastornos do neurodesenvolvemento.
- Esquizofrenia ou outros trastornos psicóticos primarios.
- Catatonía.
- Trastornos do estado de ánimo.
- Trastornos de ansiedade ou relacionados co medo.
- Trastornos obsesivo-compulsivos e outros trastornos relacionados.
- Trastornos especificamente asociados ó estrés.
- Trastornos disociativos.
- Trastornos do comportamento alimentario.
- Trastorno de eliminación.
- Trastornos de distrés corporal ou da experiencia corporal.
- Trastornos debidos ao consumo de substancias ou a comportamentos adictivos.
- Trastornos do control dos impulsos.
- Trastornos de comportamento disruptivo e disocial.
- Trastornos da personalidade e trazos relacionados.
- Trastornos parafílicos.
- Trastornos facticios.
- Trastornos neurocognitivos.
- Trastornos mentais ou do comportamento asociados co embarazo, o parto ou o puerperio.
- Síndromes secundarias mentais ou do comportamento asociados con enfermidades ou trastornos clasificados noutra parte.

Aínda que hai un gran número de trastornos clínicos é importante indicar que un aspecto relevante dos mesmos é o seu nivel de gravidade. É dicir, que aínda tendo unha persoa un trastorno clínico, un nivel de gravidade lixeiro, pódelle permitir levar unha vida normal ou adaptarse relativamente ben á súa vida cotiá, mentres que, se está no nivel de moderado, e máis no grave, entón moitos deles están nunha situación incapacitante.

Dentro dos trastornos mentais adoita facerse unha referencia específica a un grupo de trastornos denominados como *trastorno mental grave* (TMG), tamén coñecidos como trastorno mental severo ou trastorno mental severo e persistente. Estes son unha serie de trastornos que cursan habitualmente cun nivel claro de gravidade, é difícil o seu tratamento e recuperación, e non sempre son de fácil manexo clínico. Previamente facíase referencia ao trastorno mental crónico que Liberman en 1988 definiu como a presenza dun diagnóstico de esquizofrenia ou trastorno afectivo maior e con dependencia económica externa, establecendo tres dimensións pasa a súa definición: o diagnóstico, o funcionamento e a súa duración. Posteriormente o concepto de crónico evolucionou ao de grave, por ser máis descritivo que o primeiro e por non facer unicamente referencia á duración do mesmo. Inicialmente, por TMG facíase referencia só aos trastornos

psicóticos (Ruggeri *et al.*, 2000). Posteriormente, ampliouse ao trastorno bipolar e aos casos graves de depresión (González *et al.*, 2020).

Unha das definicións máis utilizadas de trastorno mental grave é a do Instituto Nacional de Saúde Mental dos Estados Unidos (NIMH) de 1987, que o define como "trastornos psiquiátricos graves que cursan con alteracións mentais de duración prolongada, que conlevan un grao variable de discapacidade e de disfunción social, e que precisan atención de diversos recursos sociosanitarios da rede de atención psiquiátrica e social" (Grupo de Traballo TMG, 2009).

Actualmente, seguindo a guía de práctica clínica española máis recente sobre o TMG (AETSA, 2018), considéranse os seguintes: 1) esquizofrenia, trastornos esquizotípicos e trastornos delirantes, 2) trastorno bipolar, 3) trastorno de inestabilidade emocional da personalidade (trastorno límite da personalidade), e 4) trastorno depresivo recorrente. Todos eles caracterízanse polo seu alto nivel de gravidade, cronicidade e cun nivel grave de afectación social, familiar e social (Grupo de Trabajo TMG, 2009). Ás veces, tamén se inclúen no TMG ao trastorno obsesivo-compulsivo, o trastorno de pánico, e o trastorno de estrés postraumático. A psiquiatría tivo, e ten, un papel fundamental no tratamento do TMG (Druss *et al.*, 2018), tratamento que se ve complementado con intervencións psicolóxicas e de incorporación social. É importante sinalar que as persoas nestes trastornos, ademais da problemática que xa de por si lles produce, poden presentar unha menor esperanza de vida pola frecuente presenza doutros problemas de saúde, causados por hábitos como fumar tabaco, abusar do alcol, ter condutas de risco, e outras.

7.2. Esquizofrenia e trastornos psicóticos

A esquizofrenia e outros trastornos psicóticos relacionados son trastornos moi graves que se caracterizan porque sofren serias alteracións da percepción e do pensamento, ademais dunha significativa desorganización do comportamento e da personalidade podendo ter serios problemas de funcionalidade na súa vida cotiá. Caracterízanse por unha forte distorsión do sentido en como perciben a realidade.

Estes trastornos inclúen síntomas positivos, como delirios (crenzas falsas que non teñen base na realidade) e alucinacións (ver ou escoitar cousas que non existen). Presentan un pensamento desorganizado, que pode reflectirse na forma de falar, comportamentos caóticos, e sensacións de que algo externo controla os seus pensamentos ou accións. Ademais, hai síntomas negativos, como a falta de expresión emocional (afecto embotado), falta de motivación (abulia) e problemas nos movementos psicomotores (dificultades na coordinación e o control do movemento).

Os delirios e alucinacións son dous dos síntomas máis característicos da esquizofrenia. O delirio consiste nunha idea estraña falsa que o individuo cree de modo firme a pesar das probas que existen en contra. Habitualmente non hai ningunha base para soster á mesma. Pode haber moitos tipos de delirios, como os persecutorios, que é o máis frecuente na esquizofrenia, ou outros como o de que hai unha conspiración ou discriminación contra a persoa; delirios de referencia, onde se lle asigna un especial significado ás accións doutras persoas, obxectos ou acontecementos; ou de control, onde a persoa cre que os seus pensamentos e accións están controladas por outras persoas.

As alucinacións consisten en experimentar visións, sons, cheiros ou outras percepcións, pero en ausencia de estímulos externos. Por iso, as alucinacións que se consideran son as auditivas (sons e voces que parecen provir de fóra da cabeza), visuais (percepcións vagas de cores, nubes ou visións directas de persoas ou obxectos), olfactivas (cheiros que ninguén máis que esa persoa cheira, como por exemplo, cheiro a fume), gustativas (sentir o sabor estraño de alimentos ou bebidas que percibe de modo regular),

somáticas (sensación de que algo lle está ocorrendo dentro do seu corpo, como por exemplo que un animal tenta invadir o seu corpo) e táctiles (ter sensacións de formigueo, ardentía ou descargas eléctricas).

Estes síntomas son o suficientemente intensos e frecuentes como para desviarse do que normalmente se espera segundo as normas culturais do contexto do individuo. Para diagnosticar esquizofrenia, é importante que estes síntomas non sexan causados por outro trastorno mental, como un trastorno do estado de ánimo ou o consumo de substancias, nin por enfermidades (ex., un tumor cerebral) ou por un medicamento (ex., corticoides). Tamén, as crenzas ou comportamentos aceptados por unha cultura específica non deberían clasificarse como síntomas destes trastornos.

Adoita diferenciarse na esquizofrenia o primeiro episodio, ter múltiples episodios ou esquizofrenia continua.

Outros trastornos dentro da clasificación de esquizofrenia e outros trastornos psicóticos primarios son o *trastorno esquizoafectivo* (cómprense os requisitos diagnósticos para esquizofrenia e para un episodio depresivo maníaco, mixto, moderado ou grave), o *trastorno esquizotípico* (persoa que durante un período de varios anos mostra excentricidades de comportamento, aspecto e discurso, acompañados de distorsións cognitivas e perceptivas, crenzas inusuais ou incomodidade nas relacións interpersoais), o *trastorno psicótico agudo e transitorio* (aparición aguda de síntomas psicóticos que alcanzan a súa máxima gravidade en dúas semanas, con síntomas como delirios, alucinacións, desorganización do pensamento, perplexidade ou confusión, e trastorno do estado de ánimo; poden aparecer alteracións similares á catatonía, non durando o episodio máis de tres meses, frecuentemente duns días a un mes); o *trastorno delirante* (desenvólvese un delirio ou un conxunto de delirios que dura polo menos un mes en ausencia de episodio depresivo, maníaco ou mixto, e sen estar presentes outros síntomas característicos da esquizofrenia), e manifestacións sintomáticas nos trastornos psicóticos primarios.

A esquizofrenia e outros trastornos psicóticos afecta de modo moi relevante á vida das persoas que o padecen, podendo producirlle á persoa unha gran incapacidade, aínda que non ocorre en todos os casos. Cando se mantén no tempo, de non tratarse adecuadamente, a sintomatoloxía pode empeorar. En todo caso, precisan coidados ao longo da súa vida, son frecuentes as hospitalizacións na fase activa do trastorno, precisan unha atención e supervisión sanitaria continua, todo o cal incide de modo acusado na súa vida persoal, familiar, laboral e social. Unha parte importante destas persoas teñen baixa por incapacidade permanente. A prevalencia da esquizofrenia está ao redor do 1% da poboación.

7.3. Trastornos de ansiedade

Incluímos neste apartado os trastornos de ansiedade, que o CIE-11 agrupa nas categorías de trastornos de ansiedade e medo, trastornos obsesivo-compulsivos e outros relacionados, e trastornos especificamente asociados ó estrés.

Os *trastornos de ansiedade e medo* caracterízanse pola presencia de niveles elevados de ansiedade e por medo excesivo. Isto pode levar a problemas no comportamento e pode causar moito malestar ou dificultade na vida diaria, xa sexa en casa, na escola ou noutras áreas importantes.. Unha forma de distinguir entre os distintos trastornos de ansiedade e os relacionados co medo é observar que situacións ou cousas específicas causan as distintas reaccións relacionadas co trastorno a nivel cognitivo, condutual e fisiolóxico.

Dentro dos trastornos de ansiedade e medo inclúese o trastorno de ansiedade xeneralizada, o trastorno de pánico, a agorafobia, a fobia específica, o trastorno de ansiedade social, o trastorno de ansiedade por separación e o mutismo selectivo.

O *trastorno de ansiedade xeneralizada* ten como trazo distintivo unha preocupación constante xeneralizada a unha variedade de actividades, acontecementos e experiencias diarias. Esta preocupación é intensa e difícil de controlar, o que a converte nunha forma de afrontamento evitativo chegando a afectar significativamente a distintas áreas vitais. Caracterízase por ter síntomas de ansiedade moi marcados que duran polo menos varios meses, manifestándose máis días dos que non. Estes poden aparecer como unha aprehensión constante (ou "ansiedade de flotación libre") ou como unha preocupación excesiva enfocada en diversas situacións da vida cotiá, como a familia, a saúde, o diñeiro, e o traballo ou a escola. Ademais da preocupación constante, tamén poden experimentar outros síntomas como tensión muscular, inquietude, nerviosismo, dificultade para concentrarse, irritabilidade e problemas para durmir.

O *trastorno de pánico* caracterízase porque as persoas que o padecen teñen ataques de pánico repentinos e frecuentes, que se caracterizan pola aparición de sensacións de temor inesperados que se repiten no tempo. Estes ataques non están limitados a situacións ou lugares específicos. Un ataque de pánico é un episodio de medo intenso que adoita incluír síntomas como palpitacións ou corazón acelerado, sudoración, sensación de perda de control, tremores, falta de aire, dor no peito, mareos ou sensación de desmaio, calafríos ou sensación de calor, e medo a morrer de forma inminente. Ademais, as persoas con trastorno de pánico adoitan preocuparse moito pola posibilidade de que estes ataques volvan ocorrer. Isto pode levar a comportamentos encamiñados a evitar que estes se repitan, o cal interfire e afecta de forma significativa na súa vida persoal, familiar, social, educativa ou laboral.

A *agorafobia* abarca síntomas de medo ou ansiedade moi intensos que xorden en diversas situacións onde a persoa entende ou interpreta que escapar pode ser difícil ou onde non hai axuda dispoñible no caso de que a necesite. Algunhas destas situacións poden ser usar transporte público, multitudes, lugares concorridos e estar fora da casa só, por exemplo, en tendas ou teatros. As persoas con agorafobia adoitan estar preocupadas por estas situacións porque temen experimentar resultados negativos como altos niveis de ansiedade ou ataques de pánico ou síntomas físicos que poden ser incapacitantes ou embarazosos. Como resultado, poden evitar activamente estas situacións chegando a afectarlles significativamente na súa vida.

A *fobia específica* é un trastorno de ansiedade onde a persoa experimenta un medo ou ansiedade intensos que ocorre de maneira constante cando se enfronta a un obxecto ou situación específica. Algúns exemplos comúns inclúen medo a certos animais, temor a voar, medo ás alturas, ansiedade a espazos pechados ou medo a ver sangue ou feridas. Este medo é desproporcionado en relación co perigo real que representan estas situacións. As persoas con fobia específica tenden a evitar o obxecto ou a situación fóbica, ou poden enfrontalos, pero cun intenso medo ou ansiedade. Do mesmo xeito que na agorafobia, os síntomas deben persistir durante polo menos varios meses e ser o suficientemente graves como para causar un malestar significativo en distintas áreas vitais da persoa ou afectar negativamente as relacións persoais, familiares, sociais, educativas ou laborais.

O *trastorno de ansiedade social* defínese por un medo ou ansiedade intensos que ocorren de maneira sistemática en situacións sociais. Estas situacións poden incluír interaccións sociais, como ter unha conversación, ser observado mentres se come ou bebe, ou realizar actividades fronte a outras persoas, como dar un discurso. As persoas con este trastorno adoitan preocuparse por comportarse dunha maneira que sexa avaliada negativamente polos demais ou por mostrar síntomas de ansiedade. Como resultado,

tenden a evitar estas situacións sociais ou sopórtanas cun gran temor ou ansiedade. Os síntomas, para ser clinicamente significativos, deben persistir durante polo menos varios meses e ser o suficientemente graves como para causar un malestar ou deterioro significativo, interferindo nas distintas áreas a nivel persoal, familiar, social, educativa ou laboral da persoa.

O *trastorno de ansiedade por separación* caracterízase por un medo ou ansiedade intensos relacionados coa separación de figuras de apego específicas. Nos nenos, estas figuras de apego adoitan ser os pais, coidadores ou outros membros da familia; nos adultos, xeralmente son as parellas ou os fillos. As manifestacións da ansiedade por separación poden incluír pensamentos persistentes sobre o perigo ou eventos adversos que lle poderían ocorrer á figura de apego. Tamén poden presentarse síntomas como a reticencia para ir á escola ou ao traballo, unha ansiedade recorrente relacionada coa separación e a negación de durmir lonxe da figura de apego, así como pesadelos sobre a separación. Os síntomas persisten durante polo menos varios meses e son o suficientemente graves como para causar un malestar ou deterioro significativo nas relacións persoais, familiares, sociais, laborais, educativas e ocupacionais, así como noutras áreas importantes do funcionamento.

O *mutismo selectivo* é un trastorno que se caracteriza pola dificultade dun neno para falar en certas situacións sociais. Aínda que o neno ten habilidades lingüísticas adecuadas e pode comunicarse sen problemas nun ambiente familiar, como na casa, non pode falar noutros contextos, especialmente na escola. Este trastorno persiste durante polo menos un mes e non se limita só ao primeiro día de clases. A incapacidade para falar é o suficientemente grave como para afectar negativamente ó rendemento académico e a interacción social do neno. É importante destacar que esta dificultade non se debe a que o neno non coñeza o idioma ou non se sinta cómodo coa lingua falada en situacións sociais, como podería ocorrer se se fala un idioma diferente en casa e na escola.

Outro tipo de trastornos clasicamente incluídos dentro dos de ansiedade son os trastornos obsesivo-compulsivos e outros trastornos relacionados. O *trastorno obsesivo-compulsivo (TOC)* caracterízase pola presenza de obsesións e compulsións. As obsesións son pensamentos, imaxes ou impulsos que aparecen repetidamente na mente da persoa. Estes pensamentos son molestos e non desexados, e a miúdo xeran altos niveis de ansiedade. Ante o malestar xerado polas obsesións, as persoas con TOC tentan ignorar ou suprimir estes pensamentos mediante rituais, accións, comportamentos tanto externos como actos mentais internos ou encubertos. Estas accións denomínanse compulsións, e a súa función é neutralizar a forte ansiedade ou medo que sofre a persoa con TOC. Nuns primeiros instantes tras realizar a compulsión poden experimentar certa sensación de alivio, pero o feito de levalas a cabo reforza que as obsesións volvan con maior forza e intensidade.

Para que se diagnostique o trastorno obsesivo-compulsivo, as obsesións e compulsións deben consumir moito tempo, xeralmente máis dunha hora ao día. Ademais, deben causar un malestar significativo ou afectar de maneira negativa ó funcionamento en áreas importantes da vida do individuo. O TOC é un trastorno que pode ser altamente incapacitante e disfuncional para a persoa que o sofre.

A *hipocondría* caracterízase por unha preocupación ou temor persistentes acerca da posibilidade de ter unha ou varias enfermidades graves, progresivas ou potencialmente mortais. A preocupación está asociada a interpretacións erróneas e catastróficas de signos ou síntomas corporais, incluídas sensacións normais ou comúns, e a preocupación maniféstase xa sexa en comportamentos repetitivos e excesivos relacionados coa saúde ou comportamentos desadaptados de evitación relacionados coa saúde. A preocupación ou o temor do individuo non é simplemente unha inquietude razoable relacionada cunha

situación circunscrita, xa que persiste ou reaparece a pesar dunha avaliación médica adecuada e de asegurarlles tranquilidade. Os síntomas ocasionan malestar ou deterioro significativo nas relacións persoais, familiares, sociais, académicas, laborais ou noutras áreas importantes do seu funcionamento.

Pola súa banda, os *trastornos relacionados co estrés* están directamente vinculados á exposición a un evento traumático ou estresante, ou a unha serie de experiencias adversas. Para que se diagnostique un destes trastornos, é necesario que haxa un estresor identificable que actúe como factor causante. É importante sinalar que non todas as persoas que experimentan o mesmo tipo de estresor desenvolverán un trastorno. Os eventos estresantes que poden provocar algúns destes trastornos adoitan ser experiencias normais da vida, como un divorcio, problemas económicos ou a morte dun ser querido. Doutra banda, hai trastornos que requiren que a persoa vivise eventos traumáticos moi estresantes e que sexan extremadamente ameazantes ou aterrecedores. En todos os trastornos deste grupo, o que diferencia un trastorno doutro son a natureza, o patrón e a duración dos síntomas que aparecen en resposta ao evento estresante, así como o deterioro no funcionamento que estes síntomas poden causar.

Desde que se levou a cabo o proceso da desinstitucionalización psiquiátrica, que implicou o peche dos hospitais psiquiátricos, onde as persoas con trastornos mentais permanecían ingresadas unha parte importante da súa vida, a familia pasou a ter un papel fundamental na vida dos pacientes con trastornos mentais. Pero non sempre se lle prestou a atención necesaria para que poidan desempeñar axeitadamente esta función porque os pacientes seguen sufrindo de modo importante as consecuencias e o estigma asociados aos trastornos mentais. A pesar de que na actualidade parece desaparecer a denominación de "tolo", presente noutras épocas non tan afastadas, polo concepto ou denominación de "persoa enferma" ou "persoa cun trastorno mental", máis utilizado actualmente, a realidade é que estas persoas seguen tendo unha alta dose de estigma. E, a familia da persoa que ten un trastorno mental non dispón de moitos recursos onde acudir para poder afrontar adecuadamente esta situación. Por iso é polo que, en moitos casos, organízanse para formar asociacións como as que no punto anterior sinalamos. Nestas asociacións os familiares dispoñen de programas específicos sobre como afrontar mellor ter na casa un familiar cun trastorno mental, ou programas de respiro familiar, axuda mutua para familias ou psicoeducación para familiares.

É unha das áreas que precisa fomentarse, tanto pola prevalencia dos trastornos mentais, onde non só está afectado o paciente senón a súa contorna máis próxima, como para que os familiares teñan un papel activo na recuperación deses pacientes (ex., coa psicoeducación familiar) e igualmente evitar que se vexan afectados e desbordados pola situación que teñen co familiar con trastorno mental, e que lles pode chegar a afectar á súa propia saúde mental (ex., o esgotamento emocional de moitos familiares).

8.6. As persoas con trastornos mentais que non buscan axuda

Polo que vimos en capítulos anteriores, nos múltiples estudos epidemiolóxicos realizados, non todas as persoas cun trastorno mental solicitan axuda. Canto máis tempo transcorre sen recibir atención, o risco de cronificación é maior e, por tanto, increméntase a gravidade do trastorno se non se fai nada.

O non acudir en busca de axuda cando se teñen problemas psicolóxicos ou psiquiátricos é, fundamentalmente, por tres motivos: non busca axuda terapéutica porque considera que ninguén lle pode axudar; considera que o seu problema o pode afrontar pola súa conta e tentar resolvelo por si mesmo, aínda que poida pasar o tempo e non mellorar; ou, ten medo ao posible rexeitamento social se visibiliza que ten un problema de saúde mental ou diagnostícanlle que ten un trastorno mental.

Conforme increméntase o coñecemento e a preocupación sobre os trastornos mentais, tal e como está a suceder na actualidade, moitas persoas fanse conscientes de que teñen un problema polo que deben pedir axudar. Pero tamén estamos a atopar o extremo oposto, que é pedir axuda ante calquera circunstancia que produza un mínimo de malestar. Neste caso, impídese que entren en funcionamento os nosos mecanismos innatos de resiliencia para afrontar situacións novas, difíciles, cotiás, que son parte da vida. Unha boa educación sanitaria para a poboación é importante para que saiban diferenciar as circunstancias e reaccións normais ante as distintas dificultades que se poden presentar na vida e as que están relacionadas coa presenza dun trastorno mental. Ante isto, parte do traballo que teñen que realizar os profesionais de atención primaria (tanto os médicos de atención primaria como os psicólogos clínicos que agora están a empezar a estar presentes en primaria) son labores de tipo preventivo mediante accións orientadas a evitar intervencións médicas ou psicolóxicas innecesarias ou potencialmente iatroxénicas, centrándose na despatoloxización do malestar da vida cotiá.

Referencias

Buitrago Ramírez, F., Ciurana Misol, R., Chocrón Bentata, L., Fernández Alonso, M. C. García Campayo, J., Montón Franco, C. e Tizón García, J. L. (2018). Prevención de los trastornos de la salud mental en atención primaria. Actualización PAPPS. *Atención Primaria, 50 (Supl. 1*), 83-108.

Castelló, M., Fernández de Sanmamed, M. J., García, J., Mazo, M. V., Mendive, J. M., Rico, M., Rovira, A., Serrano, E. e Zapater, F. (2016*). Atención a las personas con malestar emocional relacionado con condicionantes sociales en Atención Primaria de Salud.* Fòrum Català d'Atenció Primària.

Grupo de Trabajo de Salud Mental en Atención Primaria. (2023). *Informe sobre la integración de la salud mental en atención primaria*. Sociedad Española de Medicina Familiar y Comunitaria (semFYC).

López, M. (2021). Salud mental y atención primaria: una alianza pendiente. *Revista Clínica de Medicina de Familia, 14(2),* 87–94.

Ministerio de Sanidad (2019). *Salud mental en datos: prevalencia de los problemas de salud y consumo de psicofármacos y fármacos relacionados a partir de los registros clínicos de atención primaria.* Ministerio de Sanidad.

Olivares, J., Gutiérrez, F., e López, M. (2021). Salud mental y atención primaria: una alianza pendiente. *Revista Clínica de Medicina de Familia, 14(2),* 87–94.

Plan Nacional sobre Drogas [PNSD] (2025). *Plan Nacional sobre Drogas. Memoria 2023*. Delegación del Gobierno para el Plan Nacional sobre Drogas.

Revista Encuentro (2017). *Salud mental en atención primaria: la atención en primera línea*. Revista Encuentro, 1.

SERGAS (2020). *Estratexia 2020*. Santiago de Compostela: Sergas, Consellería de Sanidade. En https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Documents/557/SERGAS_ESTRATEXIA_2020_280316_cas.pdf

Xunta de Galicia (2020). *Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024*. Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, Dirección Xeral de Atención Sanitaria.

Retos actuais relevantes en saúde mental

9.1. Ética e saúde mental
9.2. Os dereitos do paciente con trastornos mentais
9.3. A estigmatización e discriminación dos pacientes de saúde mental
9.4. Mellorar o coñecemento da poboación sobre os trastornos mentais: a alfabetización en saúde mental
9.5. Uso de novas tecnoloxías en saúde mental
9.6. O desenvolvemento e acceso a novos tratamentos en saúde mental
9.7. Introducir programas innovadores para a saúde mental
9.8. A problemática das listas de agarda
9.9. O incremento do custo sanitario e social dos trastornos mentais
Referencias

9.1. Ética e saúde mental

Segundo o Dicionario da Real Academia Española da Lingua, a ética é o "conxunto de principios e normas que rexen a conduta humana, relacionados co sentido do ben e do mal". Por tanto, calquera profesional ten que basear a súa práctica en facer o maior ben posible e evitar que a súa intervención sexa inadecuada e carrexe problemas á persoa que trata. Na práctica, estudouse moito a relación entre ética e práctica profesional, especialmente nas profesións sanitarias.

No ámbito profesional da saúde mental, a ética xunto cos códigos deontolóxicos de cada profesión, teñen gran importancia. A deontoloxía profesional, ou deberes que rexen o exercicio dunha profesión, é o que guía a práctica clínica de calquera profesional sanitario e reciben adestramento na mesma, tanto no seu período de formación como posteriormente durante o exercicio profesional.

Hai consenso de que calquera intervención clínica en saúde mental ten que seguir os principios de autonomía (capacidade do paciente de tomar a súa propia decisión sobre o seu tratamento e respectar os seus valores), beneficencia (actuar en beneficio do paciente e aliviar o seu sufrimento, enfermidade ou trastorno mental que padece), non maleficencia (evitar calquera dano intencional ou por neglixencia ao paciente, non sometelo a riscos innecesarios e non omitir a axuda cando o precisa) e xustiza ou equidade (seguir os fundamentos morais, legais e culturais definidos para que unha persoa sexa tratada con equidade, consideración e respecto) (de la Cámara, 2022). O dereito á confidencialidade, o consentimento informado, o dereito á intimidade, a aplicación do mellor tratamento, entre outros, son elementos cotiáns da práctica clínica dos profesionais da saúde mental.

En saúde mental os principios éticos teñen unha especial relevancia naqueles casos nos que o paciente non é capaz de poder tomar decisións por si mesmo, entre os que destacan os menores e as persoas con discapacidade. Por iso é preciso que haxa unha regulación adecuada, con normas e leis para asegurar que os pacientes reciban a mellor asistencia profesional posible.

Hai moita documentación e exemplos sobre dilemas éticos que se poden presentar na clínica (Carmi *et al.*, 2018; González, 2016; Mejías-Licanzos e Aguilera-Serrano, 2022; Pastor e do Río, 2018; Ramos, 2018). Tamén disponse de comités éticos onde se pode expor algunha dúbida, por exemplo os Comités de Ética Asistencial que existen en todos os hospitais públicos. Igualmente, os colexios profesionais teñen unha Comisión Deontolóxica á que poden tamén acudir os pacientes.

9.2. Os dereitos do paciente con trastornos mentais

Os dereitos do paciente están regulados en España por distintas leis, destacando a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. Outras leis que tamén hai que ter en conta, e que están en parte ou totalmente recollidas na anterior, son a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e os distintos códigos deontolóxicos profesionais, a Lei de Cohesión e Calidade o Sistema Nacional de Saúde (Lei 16/2003), o Real Decreto-Lei 7/2018 que regula o acceso ao Sistema Nacional de Saúde en condicións de equidade e de universalidade de todos os residentes en España, así como varios artigos do Código Civil e Código penal.

A Lei 41/2002, de autonomía do paciente, regula os dereitos e obrigacións do paciente e dos profesionais sanitarios que o atenden. Son aspectos destacados da mesma

a historia clínica, o consentimento informado e a confidencialidade. Na Táboa 9.1 indicamos os principios básicos en que se basea esta Lei.

Táboa 9.1. Principios básicos da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.

Artigo 2. Principios básicos. 1. A dignidade da persoa humana, o respecto á autonomía da súa vontade e á súa intimidade orientarán toda a actividade encamiñada a obter, utilizar, arquivar, custodiar e transmitir a información e a documentación clínica. 2. Toda actuación no ámbito da sanidade require, con carácter xeral, o previo consentimento dos pacientes ou usuarios. O consentimento, que debe obterse despois de que o paciente reciba unha información adecuada, farase por escrito nos supostos previstos na Lei. 3. O paciente ou usuario ten dereito a decidir libremente, despois de recibir a información adecuada, entre as opcións clínicas dispoñibles. 4. Todo paciente ou usuario ten dereito a negarse ao tratamento, excepto nos casos determinados na Lei. A súa negativa ao tratamento constará por escrito. 5. Os pacientes ou usuarios teñen o deber de facilitar os datos sobre o seu estado físico ou sobre a súa saúde de maneira leal e verdadeira, así como o de colaborar na súa obtención, especialmente cando sexan necesarios por razóns de interese público ou con motivo da asistencia sanitaria. 6. Todo profesional que intervén na actividade asistencial está obrigado non só á correcta prestación das súas técnicas, senón ao cumprimento dos deberes de información e de documentación clínica, e ao respecto das decisións adoptadas libre e voluntariamente polo paciente. 7. A persoa que elabore ou teña acceso á información e a documentación clínica está obrigada a gardar a reserva debida.

Esta Lei dá un peso central ao paciente en canto aos seus dereitos en relación con calquera acto sanitario. Así, un aspecto relevante é o do consentimento informado, o cal se xeneralizou en todo o sistema sanitario. Consiste en que para calquera acto sanitario o paciente ten que ser informado do mesmo, da súa eficacia, posibles problemas e da existencia doutras alternativas, para logo aceptalo ou non. Igualmente, debe indicárselle que os seus datos manteranse confidenciais fóra do acto profesional polo que acode. En moitos casos, e isto é algo habitual nos hospitais, ten que asinar que consinte o tratamento que lle van a aplicar ou probas que lle van a realizar.

A lei tamén inclúe o consentimento por representación ou substitución, sexa por autorización expresa do paciente ou por representación legal.

Relacionado co consentimento informado está o dereito á confidencialidade de todo acto sanitario. Foi un gran avance para manter a confidencialidade de todos os datos, incluíndo aqueles que poden levar ao estigma ou á discriminación do paciente (ex., se ten un diagnóstico dun trastorno mental que a sociedade considera estigmatizante). O paciente tamén ten dereito a non ser informado do seu diagnóstico ou tratamento se así o desexa (isto é relevante en casos de diagnóstico de enfermidades graves).

Outro aspecto que regula a Lei é o das historias clínicas. Ás mesmas só poden acceder os profesionais sanitarios no acto profesional, tendo dereito o paciente para acceder á súa historia clínica ou para pedir informes sobre os seus diagnósticos e

tratamentos. A confidencialidade da información contida nas mesmas ten que estar en todo momento asegurada.

No caso de menores serán os pais ou o seu representante legal o encargado de tomar decisións polo mesmo, sobre todo cando teña as súas capacidades intelectuais ou emocionais diminuídas, aplicándose igualmente a normativa no caso das persoas adultas cando corre perigo a súa vida (ex., intento de suicidio) ou se é necesario un internamento obrigatorio por prescrición facultativa.

Sempre que se atende a un menor, se ten menos de 12 anos, o consentimento faino o seu representante legal (pai ou nai, ámbolos dous no caso de que estean separados, ou a persoa que o titoriza). Débese escoitar a opinión do menor para obter o seu asentimento. Se o menor está entre os 12 e 16 anos pódese avaliar a súa madurez para que poida consentir. A partir dos 16 anos ten a maioría de idade sanitaria pola que é autónomo para tomar a decisión sobre a intervención e dar ou non o seu consentimento. A única excepción é cando se atope en grave risco para a súa vida ou a súa saúde, nese caso os pais son informados e a súa opinión tense en conta para a toma de decisións.

O dereito do paciente para negarse á aplicación dun tratamento concreto está contemplado, a menos que se presenten algunhas das excepcións recollidas no noso ordenamento xurídico na Lei 41/2002 de autonomía do paciente. No caso dos internamentos non voluntarios é un xuíz o que os ten que autorizar, e contémplanse naqueles casos nos que os pacientes teñen graves alteracións de conduta, síntomas psicóticos, ideación suicida, intoxicación alcohólica ou por drogas, actos delituosos, ou outros graves onde se valora que o internamento como mellor opción, xa sexa por unhas horas ou días.

Nestas excepcións, a persoa atópase nunha situación na que a súa capacidade de autonomía atópase temporalmente diminuída e non é capaz de valorar a súa situación (a nivel psicolóxico e físico) como o faría coas súas capacidades cognitivas conservadas. Trátase, por exemplo, de persoas que presentan graves alteracións condutuais en relación a unha descompensación psicótica dun trastorno mental grave de base, por alteracións de conduta relacionadas coa intoxicación ou consumo de tóxicos (como é o caso das psicoses tóxicas) ou pola verbalización expresa de ideación suicida con elevado risco de paso ao acto. En todos estes casos, en base ao artigo 763 da Lei de Axuizamento Civil, é posible promover o seu ingreso hospitalario de carácter involuntario, isto é, en contra da preferencia ou decisión da persoa. Para iso, o facultativo, debe informar ó xuíz desta necesidade nas 24 horas seguintes á súa valoración, tendo o paciente que ser valorado pola comisión xudicial (xuíz, secretario do xulgado, médico forense), nas 72 horas posteriores como máximo. O xuíz, tras a súa valoración e lectura dos informes clínicos realizados polo facultativo, emitirá a ratificación do internamento involuntario ou non.

9.3. A estigmatización e discriminación dos pacientes de saúde mental

Un tema relevante cando falamos de persoas que teñen trastornos mentais é o do estigma que moitos deles sofren a diario por padecer un trastorno destas características. Hoxe, patoloxías comúns, como a ansiosa-depresiva, cada vez ten menos estigma asociado, así como máis facilidade para o recoñecemento das dificultades e de pedir axuda profesional. Isto contrasta co que ocorre en trastornos percibidos como máis graves, que é do que fundamentalmente se fala no resto do apartado.

No libro de Erwin Goffman (2009), *Estigma: a identidade deteriorada*, defínese o estigma como os atributos dun individuo que lle xeran profundo descrédito e desvaloración social. Actualmente, no campo da saúde mental por estigma referímonos ás actitudes negativas, crenzas e estereotipos que a xente pode ter cara a quen padece

trastornos mentais. Ademais, o estigma que sofren estas persoas, dada a súa importante presenza na sociedade, pode levalos a non buscar, ou atrasar, a procura de atención sanitaria ou, mesmo, abandonar o tratamento no caso de xa ter un trastorno mental diagnosticado, para tentar superar o estigma que iso lle provoca.

Hai distintos tipos de estigma: o persoal ou internalizado (autoestigma, o que a persoa percibe levándolle a crenzas de desvalorización e discriminación), o familiar (onde o desvalorizan, íllano ou exclúeno socialmente), o institucional (coas políticas que lles aplican por ter trastornos mentais) e o público (con prexuízos e estereotipos negativos cara aos pacientes con trastornos mentais; ex., a crenza sobre o seu perigo) (Mascayano *et al.*, 2015).

Xa Meyer (2003) expuxo hai anos a coñecida como teoría do estrés das minorías. Esta expón que determinadas persoas simplemente por pertencer a un determinado colectivo están máis expostas a situacións de estrés, estigma e marxinalidade que outras, por exemplo as persoas trans e tamén as persoas con trastornos mentais graves.

Recentemente, no ano 2022, destaca a creación por parte da importante revista médica *The Lancet* dunha comisión específica para analizar o fenómeno do estigma e da discriminación en saúde mental e o modo de acabar con ela (Thornicroft *et al.*, 2022). A mesma apunta que o estigma implica separación entre grupos, baseada na crenza de que outros son distintos. En saúde mental o estigma ten características peculiares, ademais da exclusión social, implica ver ás persoas con trastornos mentais de modo negativo e o uso dunha linguaxe despectiva cara a elas. Por tanto, o estigma leva á discriminación das persoas con trastornos mentais, véselles como persoas distintas, cunha menor valoración cara a eles, máis problemas para acceder ao mercado laboral e un rexeitamento manifesto doutras persoas da súa contorna, mesmo de familiares.

Un exemplo claro do anterior vémolo na esquizofrenia, que é un dos trastornos relacionados cunha maior estigmatización, recibindo un maior rexeitamento por parte da poboación xeral (Valery *et al.*, 2020). Con frecuencia considérase que estas persoas son perigosas, incompetentes, con pobre prognóstico e téntase manter a máxima distancia social cara a eles. Este rexeitamento contrasta coas actitudes e crenzas positivas que manteñen os profesionais da saúde mental, considerando que son menos perigosos do que pensa a poboación xeral e con confianza nos efectos positivos do tratamento farmacolóxico (Valery e Prouteau, 2020).

No caso da poboación xeral o estudo de Vigairo e Moral (2016) realizado en Asturias, mostrou que o 46% das persoas avaliadas asociaba cometer determinados delitos con ter un trastorno psicótico. Eran as mulleres as que tiñan actitudes máis positivas cara ás persoas con este trastorno, en comparación cos homes.

A pesar dos esforzos por reducir o estigma, as intervencións dispoñibles teñen unha eficacia moderada e adoitan ser máis efectivas en adolescentes que en adultos (Ma *et al.*, 2023; Song *et al.*, 2023;). No caso de adultos, moitos estudos evidencian que as reducións do estigma son modestas e, en ocasións, pouco sostidas no tempo, o cal subliña a necesidade de estratexias máis sostidas e adaptadas a diferentes contextos socioculturais. A evidencia suxire que programas con contacto directo con persoas con experiencia en saúde mental son máis efectivos que as estratexias educativas tradicionais.

A Comisión *The Lancet* propón varias accións para mellorar o estigma e a discriminación dos pacientes con trastornos mentais (Táboa 9.2): eliminar contidos estigmatizantes en medios de comunicación, incluír formación obrigatoria sobre saúde mental nos plans de estudos sanitarios, e empoderar ás persoas con experiencia vivida como axentes activos na loita contra o estigma.

Táboa 9.2. Obxectivos para acabar co estigma e a discriminación en saúde mental, segundo a *The Lancet Commission*.

- As organizacións non gobernamentais internacionais deberían emitir directrices que declaren inaceptables todas as formas de estigma e discriminación contra as persoas con trastornos mentais. - Os gobernos de todos os países deberían aplicar políticas que apoien o fin do estigma e a discriminación contra as persoas con trastornos mentais. - Garantir a erradicación do estigma e a discriminación contra as persoas con trastornos mentais no lugar de traballo. - Os plans de estudos nacionais para todos os profesionais da saúde e a asistencia social e os cursos de formación profesional deberían incluír sesións de formación obrigatorias sobre as necesidades e os dereitos das persoas con trastornos mentais. - Todos os medios de comunicación deben eliminar sistematicamente os seus contidos estigmatizantes. - As persoas con experiencia vitais de saúde mental deben recibir un forte apoio para reducir a estigmatización e a discriminación.

9.4. Mellorar o coñecemento da poboación sobre os trastornos mentais: a alfabetización en saúde mental

A pesar do gran boom da saúde mental nos últimos anos hai un claro descoñecemento por parte da poboación sobre os trastornos mentais, a súa adquisición, tratamento, evolución e prognóstico. Todos considéranse por igual, esquecendo que hai unha gran variedade de trastornos mentais, que poden afectar a nenos, adolescentes, adultos e persoas maiores ou anciás, obviándose frecuentemente o aspecto máis determinante que é o nivel de gravidade. Así, non é o mesmo ter un problema persoal que produce tristeza, que unha depresión lixeira, moderada ou grave. Isto marcará a diferenza entre o malestar, que a persoa pode manexar por si mesma, e a necesidade de demandar axuda, co fin de ter un diagnóstico preciso, que se aplique o tratamento adecuado, ver cal é o prognóstico e realizar un seguimento para obter un adecuado resultado terapéutico a curto, medio e longo prazo.

O descoñecemento acerca dos trastornos mentais adoita estudarse baixo a denominación de "alfabetización en saúde mental". Fai referencia aos coñecementos e crenzas sobre os trastornos mentais, que permitan o seu recoñecemento, xestión ou prevención (Jorn *et al.*, 1997). Por exemplo, con frecuencia equipárase o sufrimento reactivo á existencia dun trastorno mental, como cando a persoa di que "estou depre", "estou triste", etc. Unha boa alfabetización en saúde mental inclúe (Zabaleta *et al.*, 2023): a capacidade de recoñecer trastornos mentais para facilitar a procura de axuda; coñecemento da axuda profesional e os tratamentos efectivos dispoñibles; coñecemento sobre as estratexias efectivas de autoaxuda; habilidades para brindar apoio á saúde mental dos demais; e, estratexias de prevención dos trastornos mentais. Isto faise habitualmente a través de estratexias de educación para a saúde, aínda que se trata dun campo novo e adoitan ser accións puntuais en centros escolares ou institutos. Este é un campo que está a cobrar cada vez máis importancia, pero que debe seguir desenvolvéndose amplamente nos próximos anos.

Temos experiencias nacionais de alfabetización en saúde mental en institutos (ex., Amado-Rodriguez *et al.*, 2024), espazos nos que se atopa que o coñecemento que se ten sobre a saúde mental é medio-baixo, con actitudes estigmatizantes cara ás persoas con trastornos mentais e con menor probabilidade de procura de axuda se se teñen problemas

de saúde mental. Por sorte, cada vez temos máis información sobre os problemas de saúde mental e como facela chegar aos máis novos (Cheremisina *et al.*, 2024), así como distintos programas para aumentar a alfabetización en saúde mental e que mostraron funcionar adecuadamente (González-Sanguino *et al.*, 2024), sobre todo no que respecta á adquisición de coñecemento, xa que non lograron reducir o estigma (Casañas *et al.*, 2022). Por iso, queda moito traballo por facer, non só entre os mozos senón tamén nas persoas maiores.

Como exemplo no noso contexto próximo, poderíase citar que en Galicia estase traballando nos últimos anos co Programa YAM, que pretende chegar a todos os adolescentes galegos. Existe máis información ao respecto en: https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/yam?idioma=ga.

A alfabetización debe estar unida á sensibilización en saúde mental. O que hoxe dinnos, mañá esquecémolo, se non interiorizamos iso que nos dixeron. De aí o que haxa que insistir en que se debe crear a idea social de que os trastornos mentais son algo frecuente, case "normal" na vida de moitas persoas, e que os van padecer polo menos unha de cada tres persoas nalgún momento da súa vida, e que deixen de verse os trastornos mentais como "raros", "perigosos", etc.

Na actualidade, tamén resulta imprescindible desenvolver a alfabetización dixital en saúde mental. Esta inclúe a capacidade de identificar fontes fiables de información online, utilizar ferramentas de autoavaliación con criterio, recoñecer plataformas clínicas acreditadas e discernir entre contidos con base científica e aqueles que poden ser desinformación. Ademais, implica coñecer os riscos asociados ao uso indiscriminado de recursos dixitais para a saúde mental, como o autodiagnóstico erróneo ou a exposición a tratamentos non validados.

9.5. Uso de novas tecnoloxías en saúde mental

Unha das revolucións na que estamos inmersos é na consolidación das denominadas como novas tecnoloxías e a súa aplicación a todos os aspectos da vida. Especificamente facemos referencia ás tecnoloxías da información e as comunicacións (TICs) que son un conxunto de recursos tecnolóxicos (ex., computadores, Internet, telefonía) dirixidos a almacenar, crear, intercambiar e transmitir información e a todos os seus desenvolvementos (uso de Apps, videochamadas…), aos que as medidas de distanciamento social impostas pola pandemia producida polo covid-19, contribuíron a impulsar, de modo abrupto, a súa introdución en todos os ámbitos, incluída a asistencia sanitaria á saúde mental.

No obxectivo número 3 dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas saliéntase a importancia de promover a saúde e o benestar en persoas de todas as idades, sinalando no punto 3.8 a necesidade de alcanzar unha cobertura sanitaria universal. A saúde dixital (*Digital Health* e *eHealth* en inglés) foi identificada como unha forma de alcanzar este obxectivo xa que permitiría o acceso aos recursos sanitarios a un maior número de persoas. Nesta liña, a OMS (2021) estableceu dentro do Marco Europeo de Acción en Materia de Saúde Mental 2021-2025, a necesidade de utilizar intervencións psicolóxicas baseadas na evidencia mediante o uso de tecnoloxías dixitais.

Nos últimos anos, a utilización das TICs nas intervencións dirixidas á mellora da saúde tivo un rápido crecemento, do mesmo xeito que a investigación sobre os seus resultados. Por exemplo, Erbe *et al.* (2017) conclúen que a utilización de intervencións a través de Internet, como apoio ao tratamento presencial en adultos con algún trastorno mental, diminúe a probabilidade de abandono do tratamento, axuda a manter os cambios

obtidos na terapia e aumenta as porcentaxes de abstinencia en persoas con trastorno por consumo de substancias.

Dentro das TICs, o uso das videochamadas como tecnoloxía que facilita a comunicación entre persoas que se atopan a distancia física, foi unha das que máis creceu. O uso deste tipo de tecnoloxía permite reducir os custos económicos e de tempo asociados ao desprazamento e facilita a accesibilidade a recursos que están afastados xeograficamente. Os estudos mostran que non hai diferenzas en canto aos resultados do tratamento, cando se compara unha mesma intervención realizada en persoa co formato online a través de videochamada (Banbury *et al.*, 2018). Pero isto non nos debe levar a engano, porque as videochamadas son útiles para para incrementar a accesibilidade aos tratamentos, por exemplo as persoas que viven en zonas rurais , pero nos casos máis graves non queda clara a súa eficacia. Por iso, poden ser complementarios na clínica pero é máis difícil que a poidan ser un sustituto nos casos graves.

O uso do teléfono móbil tamén creceu exponencialmente no ámbito da saúde, recibindo a denominación en inglés de *mHealth* (*mobile health*). Dentro desta tecnoloxía, o deseño e uso de Apps orientadas á saúde converteuse nunha aproximación máis dentro do campo clínico (Marcolino *et al.*, 2018). A OMS (2016) considera que as *mHealth Apps* son ferramentas apropiadas para o seguimento de pacientes e para a práctica clínica. O uso de Apps no ámbito da saúde mostrou bos resultados non só para facilitar o contacto entre o profesional e o paciente, senón tamén para axudar ao usuario mediante recordatorios e consellos para levar a cabo as indicacións proporcionadas polo profesional sanitario. Á vez, permite a recompilación de datos acerca da adherencia ao tratamento e a execución das tarefas entre sesións, o cal contribúe a identificar os factores que facilitan ou dificultan o cambio de conduta (Lindhiem *et al.*, 2015).

No ámbito das *mHealths Apps* distínguense dous tipos. Aquelas deseñadas para a súa utilización de forma independente por parte da persoa, as denominadas como autoguiadas, e as que se utilizan de forma conxunta coas intervencións tradicionais con profesionais sanitarios, mellorando os resultados das intervencións tradicionais de forma illada. No caso das Apps autoguiadas, existen aplicacións dirixidas a diferentes problemas e trastornos mentais, para a abordaxe da ansiedade, o trastorno de pánico, a ansiedade social, o trastorno de estrés postraumático, a depresión ou o consumo de substancias.

Nesta liña, destaca o achegamento exposto polo National Health Service (NHS, 2024) do Reino Unido sobre o acceso ás intervencións psicolóxicas. É o denominado *modelo de atención graduada* (*stepped-care model*) baseado en ofrecer tratamentos de distinta intensidade adaptados ás necesidades da persoa. A WA Primary Health Alliance (WAPH, 2021) en Australia tamén suxire o establecemento de distintos niveis de intervención en función da súa intensidade, partindo de intervencións autoguiadas (como as que se expoñen desde as Apps) ata aquelas realizadas polos profesionais sanitarios especialistas en saúde mental.

Pero, independentemente de todas as posibles vantaxes atribuíbles ao uso das novas tecnoloxías no ámbito da saúde, non debemos esquecer que tamén presentan algunhas desvantaxes. Así, por exemplo, presentan maiores taxas de abandono e unha menor adherencia que as intervencións tradicionais (Taylor *et al.*, 2021), aínda que esta limitación parece ser emendable se se inclúe algún tipo de contacto cun profesional (Krieger *et al.*, 2023), como pode ser o contacto telefónico. Por tanto, quizais a perspectiva máis axeitada sexa considerar o seu uso como un recurso para ter en conta á hora de deseñar e ofrecer intervencións de distinta intensidade o que facilitaría o acceso de máis persoas ás intervencións e un primeiro paso na procura de axuda profesional para así previr o desenvolvemento de problemas máis graves, pero nunca desprazando os

tratamentos tradicionais que serían os de elección para aqueles casos que requiriría maior intensidade.

Tamén hai que recoñecer que a utilización das TICs veñen paliar, dalgunha maneira, a escaseza de recursos humanos, a falta de profesionais da saúde e en concreto da saúde mental, así como a dificultade que supón o poder acceder a unha asistencia continuada e con prazos entre consultas razoables que aseguren a eficiencia e a eficacia delas. Porén é necesario considerar os riscos éticos e regulatorios relacionados co uso de datos persoais por parte das Apps de saúde mental, a falta de supervisión profesional nalgunhas plataformas dixitais e a posible desigualdade no acceso a tecnoloxías seguras e validadas.

Consideramos que o presente e o inmediato futuro en relación á asistencia á saúde mental con novas tecnoloxías vai concretarse nos seguintes aspectos: maior uso das chamadas telefónicas e videochamadas para facilitar o contacto entre o profesional sanitario e o paciente; completa virtualización das receitas, informes e outros procesos asistenciais a través de medios electrónicos; desenvolvemento de procedementos terapéuticos de axuda e autoaxuda para complementar a asistencia sanitaria, sobre todo a través do uso de recursos como páxinas web ou Apps; e o uso de recursos automatizados para aquelas tarefas e procesos que poden facerse mecanicamente, como os recordos de toma de medicación e citas asistenciais ou o autorrexistro de determinadas condutas por parte do paciente.

Nembargantes, non debemos esquecer que, sobre todo nos casos con maior nivel de gravidade, cronicidade e con problemas múltiples, a intervención presencial seguirá sendo imprescindible. Ademais, cando o paciente fai a primeira demanda é preciso o contacto clínico-paciente. Logo poderase ou non complementar con outras abordaxes, como a online ou outras.

9.6. O desenvolvemento e acceso a novos tratamentos en saúde mental

O desenvolvemento terapéutico empezou fai miles de anos e continuará de modo ininterrompido. Este implica a aparición de novos tratamentos e tamén a posibilidade de ter acceso ós xa existentes que se desenvolveron noutros países. A ciencia é a encargada de descubrir novos tratamentos, principalmente a través do financiamento público e privado e, en menor medida a través do financiamento que existe no campo sanitario de persoas ou fundacións filántropas.

En relación co e acceso a novos tratamentos en saúde mental, debe de asegurarse o acceso a todo tratamento eficaz e que sexa custo-eficiente, xa sexa de tipo farmacolóxico, psicoterapéutico ou social. Esta é a base para asegurar unha boa atención sanitaria e que así o paciente reciba o tratamento máis adecuado para o trastorno mental que presenta. Os avances neste campo son continuos, pero a introdución de novos tratamentos implica con frecuencia un incremento dos custos. Aquí hai que balancear o que coñecemos como custo-beneficio, e a posibilidade de poder cubrir estes gastos en caso de ser elevado o tratamento, pero claramente eficiente en canto aos resultados terapéuticos obtidos (Lascorz *et al.,* 2009).

Hoxe a literatura científica, e o coñecemento directo doutros programas e dispositivos, permítennos saber de tratamentos desenvolvidos e que demostraron que funcionan axeitadamente noutros países polo que poderían implantarse no noso medio. Varios exemplos destes tratamentos verémolos no punto seguinte.

Complementando o anterior, e como cada vez é máis relevante en todo o sistema sanitario, é necesario que se avalíen de modo sistemático os tratamentos que se utilizan en función do custo-eficiencia, co obxectivo de reducir a prevalencia global dos trastornos

na poboación. É certo que o diñeiro non é ilimitado, nin os recursos sanitarios, de aí a relevancia de optimizar ao máximo os tratamentos dispoñibles, ou outros, que implantados poidan funcionar mellor que os existentes. É necesaria unha continua actualización sobre os tratamentos dispoñibles e a súa análise de custo-eficiencia no campo da saúde mental.

9.7. Introducir programas innovadores para a saúde mental

Hai programas innovadores que mostraron a súa eficacia noutras comunidades autónomas ou noutros países, e cuxa implantación aquí sería posible. A continuación, centrarémonos en tres exemplos: a medicina personalizada en psiquiatría, o programa británico de introdución de psicólogos clínicos en atención primaria e distintos programas innovadores para o tratamento da esquizofrenia.

A medicina personalizada, tamén denominada de precisión, tivo un gran desenvolvemento nos últimos anos, pola súa posible utilidade en moitas enfermidades, como tamén para distintos trastornos mentais, sobre todo para os trastornos mentais graves. Nestes non sempre funciona ben a medicación ou outras abordaxes terapéuticas, o que implica a súa cronicidade. Ademais, como vimos nas causas dos trastornos mentais, dos múltiples factores que o explican, hai unha parte xenética e biolóxica clara en varios deles, que é a onde se dirixe a medicina personalizada (Costa e Silva, 2013).

Trátase dun campo moi activo, destacando, por exemplo, en Europa o impulso desde a *Innovative Medicines Initiative* que axunta os esforzos de investimento da Unión Europea e a industria farmacéutica. Ademais, grazas ao avance dos coñecementos da xenética, e do xenotipado, é máis viable desenvolver fármacos concretos para pacientes con certos síntomas (ex., alucinacións) ou trastornos (ex., esquizofrenia) a partir do desenvolvemento de adecuados biomarcadores, sendo esta a esencia da medicina personalizada (Gilani *et al.*, 2024; Harvey *et al.*, 2021; Preskorn e Rode, 2023). En función dos parámetros de cada paciente sería posible dar un tipo ou outro de fármaco para o seu trastorno concreto (Carracedo, 2021).

En España dispoñemos da Estratexia Nacional de Medicina de Precisión, co programa IMPaCT, o cal está orientado ás enfermidades raras, o cancro e á famacoxenética e xenómica poboacional. En Galicia temos un grupo moi activo sobre medicina personalizada, onde está o Dr. Angel Carracedo, xunto cun bo número de psiquiatras e outros investigadores, centrándose en trastornos que responden mal ó tratamento (Bandín-Vilar *et al.*, 2024; Tubío-Fungueiriño *et al.*, 2025). A previsión é que este tipo de abordaxes expándanse nos próximos anos aos distintos trastornos mentais.

Outro dos programas innovadores, ben avaliados e de referencia internacional é o programa *Improving Access to Psychological Therapies Programme* (IAPT; Programa de Mellora do Acceso ás Terapias Psicolóxicas;), do Sistema Nacional de Saúde Británico. É un programa orientado fundamentalmente ao tratamento dos trastornos depresivos (sobre todo a depresión lixeira e moderada) e os trastornos de ansiedade. Púxose en marcha unha vez que o *National Institute for Health and Care Excellence* (NICE) do Sistema Nacional de Saúde do Reino Unido estableceu que existen tratamentos psicolóxicos eficaces para o tratamento da depresión e a ansiedade.

Este programa baséase en utilizar un sistema de derivación, onde os casos menos graves son atendidos dentro do programa IAPT nos Centros de Atención Primaria e, cando é preciso, aqueles casos con maior gravidade son derivados aos centros de saúde mental. Nos centros de atención primaria as persoas con estes problemas de saúde mental son tratadas mediante tratamentos psicolóxicos, por parte de psicólogos ou outros profesionais da saúde mental, adestrados especificamente polo Sistema Nacional de

Saúde en aplicar terapias cognitivo-condutuais que mostraron ser eficaces para a ansiedade e a depresión.

O programa empezou en 2008 e actualmente hai 6.000 terapeutas psicolóxicos (nome que reciben os profesionais deste programa) contratados para a devandita función. O tratamento baséase na terapia cognitivo-condutual, de modo predominante, con intervencións breves, de poucas sesións de duración, e moitas veces en formato grupal (Radhakrishnan *et al.*, 2013). Cada ano tratan a medio millón de pacientes cun custo que oscila de 1.000 (nivel de intensidade baixo) a 3.000 libras (nivel de intensidade alto) por paciente (Wakefield *et al.*, 2021), obténdose en todas as avaliacións moi bos resultados e un bo custo-efectividade.

Este programa, ou outros semellantes, xeneralizáronse en distintos países. En España foi adaptado este modelo, no proxecto PsicAP na mesma liña, aplicado por psicólogos clínicos en centros de atención primaria. Participaron 1.061 pacientes cos que se obtiveron excelentes resultados (Cano-Vindel *et al.*, 2022). O tratamento era de tipo cognitivo-condutual transdiagnóstico, aplicado en grupo, de 7 sesións, ao longo de 12-14 semanas, para trastornos emocionais (ansiedade, depresión e somatización) (González-Blanch *et al.*, 2018).

Tamén en Galicia estanse dando pasos para implantar intervencións na mesma liña, como é a de introducir psicólogos clínicos en atención primaria. Esta é unha área que se desenvolverá moito nos próximos anos ante o alto nivel de prevalencia dos problemas de ansiedade e depresión.

Por último, o terceiro programa innovador sitúase no tratamento dos primeiros episodios psicóticos e da esquizofrenia, é o programa *Diálogo Aberto* (*Open Dialogue*), desenvolvido inicialmente os anos 80 no Hospital de Keropudas na Laponia Occidental de Finlandia, nunha pequena poboación de menos de 100.000 habitantes. Baséase na terapia familiar e concretamente no *método dialóxico* (Seikkuda e Arnkil, 2019). Cando a persoa ten un primeiro brote psicótico reúnense en grupo tanto o paciente, como os seus familiares e os terapeutas para buscar formas de abordar a crise. A linguaxe e o seu significado teñen unha gran relevancia nesta abordaxe, xunto co alto nivel de apoio social que teñen os pacientes sendo este un dos elementos fundamentais. Neste tipo de programas, habitualmente non se considera como primeira opción a medicación, e cando se dan neurolépticos, procúrase que sexa en baixas doses.

No estudo de seguimento de 19 anos obtivéronse bos resultados con este programa. Así, na comparación do grupo que recibiu o programa *Diálogo Aberto* cun grupo de control doutras partes do país, atopouse que os primeiros tiñan menor número de hospitalizacións, menor consumo de neurolépticos, menor número de readmisións, menos subsidios de invalidez e menos mortalidade (Bergström *et al.*, 2018). A utilidade deste programa levou a que se estendese por distintos países (Pocabello *et al.*, 2023). En Galicia, tanto distintas asociacións de pacientes con trastornos mentais como no SERGAS fanse abordaxes terapéuticas nesta liña, complementando as intervencións sanitarias clásicas. Así, hai experiencias realizadas en distintos Hospitais de Día e na Unidade de Saúde Mental de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

9.8. A problemática das listas de agarda

Unha problemática importante que temos no Sistema Nacional de Saúde (SNS), e que afecta a todas as comunicades autónomas, aínda que en distinto grao, son as listas de agarda. Nalgúns casos son moi longas, o que, entre outras consecuencias, fai que parte dos pacientes acudan á sanidade privada ao non atopar solución para os seus problemas de saúde ou para os seus trastornos mentais no SNS.

Para exemplificalo, na Táboa 9.3 presentamos as cifras oficiais do SERGAS (2025), publicadas na súa páxina web (https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/documents/1889/web_cex_2024-12.pdf) sobre o estado das listas de agarda en psiquiatría en Galicia, en decembro de 2024. Nesta web pódese ver a información completa. Estas cifras publícanse sistematicamente. O Ministerio de Sanidade fai tamén unha comparativa nacional por Comunidades Autónomas.

Táboa 9.3. Persoas en lista de agarda para consultas externas no Servizo de Psiquiatría en toda Galicia, datos do SERGAS, a decembro de 2024.

Tempo de espera (en meses)				Número de persoas en lista de agarda	Media de días en agarda
0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	+12 meses	Total	Media
6.366	1.468	1.453	103	9.390	87,2

A estes datos debe sumarse o coñecido coma fenómeno das "listas pantasmas". Fai referencia a que á persoa non sempre se lle dá cita cando a solicita, con motivos como que están nese momento as listas pechadas, que lla darán máis adiante, que xa lle avisarán, etc. Isto leva a que a persoa estea máis tempo en lista de agarda que o que indican os datos oficiais. Así, na práctica, hoxe en día, a lista de agardapara poder acceder aos servizos de saúde mental, sexan ao psiquiatra ou ao psicólogo clínico, unha vez que o médico de atención primaria derivouno, non baixa no mellor dos casos de 2-4 meses, chegando nalgunha área sanitaria, como é a de Vigo, a case os 12 meses. Como vemos, os datos coñecidos polos profesionais sanitarios, moitas veces son discrepantes das cifras oficiais das listas de agarda. E isto é aplicable non só ao Servizo de Psiquiatría senón ao resto de especialidades médicas.

Dispoñemos de normativa específica sobre o tempo máximo de agarda en canto ás listas de agarda cirúrxicas, o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas (ver Táboa 9.4), e a Orde do 13 de xullo de 2004 que normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de consultas externas médicas na rede de hospitais do SERGAS. Ademais, tamén hai información respecto diso en publicacións oficiais do SERGAS, como a de "Preguntas frecuentes no ámbito sanitario. Manual de consulta para a cidadanía" (Sergas, 2024), pero a realidade é que as listas de agarda continúan sendo longas.

Está claro que, se se quere promocionar a saúde mental, como cada vez se indica máis desde o ámbito político e social, deben achegarse máis recursos, incluíndo a formación e contratación de máis profesionais, mellorando as súas condicións económicas e persoais, crear novos dispositivos asistenciais, mellorar e financiar tratamentos innovadores e mellorar a prevención para reducir a prevalencia dos distintos trastornos mentais.

Táboa 9.4. Prazos máximos de espera segundo o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

Artigo 7. Prazos máximos de espera 1. De conformidade co previsto no artigo 5 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, e no Real decreto 1039/2011, do 15 de xullo, os/as pacientes rexistrados no Rexistro de

Pacientes en Espera de Galicia teñen dereito a que se respecten os seguintes prazos máximos para a prestación da asistencia sanitaria:
a) Intervencións cirúrxicas: 60 días naturais para as intervencións cirúrxicas programadas e non urxentes correspondentes aos diagnósticos recollidos no anexo I dos/as pacientes incluídos/as no Rexistro de Pacientes en Espera de Galicia.
b) Consultas externas: 45 días naturais para primeiras consultas externas programadas e non urxentes recollidas no anexo II, por un problema de saúde novo e que non teñan a consideración de revisión.
c) Probas diagnósticas e/ou terapéuticas: 45 días naturais para primeiras probas diagnósticas e/ou terapéuticas programadas e non urxentes recollidas no anexo III, por un problema de saúde novo e que non teñan a consideración de revisión.
2. Non se computarán nos tempos de garantía previstos as situacións transitorias de espera de pacientes non programables que, segundo a normativa vixente, teñan lugar por motivos clínicos coñecidos polo/a paciente ou pola propia vontade deste/a. Estas situacións quedarán debidamente documentadas na historia clínica e nos correspondentes sistemas de información.

Outra cuestión que non se pode obviar é a xestión da calidade asistencial: non se trata só de atender, senón que a atención que se presta sexa avaliada en canto á calidade das intervencións, o grao de satisfacción dos usuarios e dos profesionais, os procesos de formación continuada e con prazos entre consultas razoables que aseguren a eficacia e a eficiencia das mesmas.

Relacionado co anterior está a cuestión da carteira de servizos e ter un claro sistema de filtro e derivación. Precísase dar pasos neste sentido, como xa empeza a facerse nalgunhas áreas en Galicia, utilizando a *e-consulta*, onde o médico de atención primaria ou o pediatra consultan directamente co profesional de saúde mental o posible caso para derivarlle, e o profesional de saúde mental toma a decisión de se debe ou non derivalo. Isto reduce as listas de agarda, aténdese de modo prioritario a patoloxía máis grave e créase unha dinámica fluída de traballo.

Unha vez máis queda claro que a contención dos trastornos mentais, por ser a principal porta de entrada ao sistema sanitario, está en atención primaria. De aí que haxa que insistir na súa relevancia, na necesidade de proporcionarlle á atención primaria maior formación específica en saúde mental, tanto ao persoal médico como de enfermería e auxiliares, así como estratexias para a abordaxe de determinado tipo de pacientes, coa necesaria implementación de psicólogos clínicos na mesma.


9.9. O incremento do custo sanitario e social dos trastornos mentais

Un problema actual nas sociedades desenvolvidas con sistemas nacionais de saúde universais é o seu mantemento. Sabemos que cada vez hai maior demanda de servizos sanitarios, un claro envellecemento da poboación, co correlativo incremento de enfermidades e trastornos mentais. Ademais, a tecnoloxía sanitaria e os tratamentos son, por unha banda, mellores e eficientes logrando alongar a vida das persoas, e por outra, máis caros. O problema está en como manter o sistema co continuo incremento dos custos sanitarios. Naturalmente, a clave está en achegar máis recursos económicos ao sistema, pero como facelo é un tema de continuo debate nas últimas décadas e que en España non está resolto. Non é este o obxectivo do presente Informe, pero debe quedar exposto.

Un exemplo representativo do incremento de custos debido ao envellecemento da poboacións e o producido polo efecto da xeración do *baby boom* (persoas que teñen agora entre 61 e 79 anos) que xa está a afectar na actualidade ao incremento da prestación de

servizos. Conforme pasen uns anos, dado que as persoas desta xeración son o dobre de persoas que as doutras xeracións (os máis novos ou os que pasan hoxe dos 80 anos), iranse incrementando neles as enfermidades debido ó efecto do envellecemento, pero tamén se irá incrementando a necesidade de atender á presenza de trastornos mentais xa que é un grupo poboacional maior que os previamente existentes. Teñamos en conta que, segundo os últimos datos dispoñibles, a esperanza de vida en España no ano 2023 foi de 83,8 anos (81,1 anos os homes; 86,3 anos as mulleres) (INE, 2025). Na Figura 9.1 vemos os datos oficiais dispoñibles da base de datos BDCAP, que recolle as enfermidades nas historias clínicas das persoas atendidas en Atención Primaria no Sistema Nacional de Saúde de toda España, para os casos de demencia entre 2011 e 2020. Como vese claramente, estes casos aumentaron de 117.937 no ano 2011 a 489.364 no ano 2020. E non deixarán de crecer polo motivo citado das persoas que pertencen á xeración do *baby boom* e de que temos a sorte de ter unha das maiores esperanzas de vida do mundo. Pero iso vai implicar dispoñer de máis recursos para facerlle fronte a estes novos retos.

Figura 9.1. Evolución dos casos rexistrados das persoas con demencia na base BDCAP das persoas atendidas en Atención Primaria no SNS.



Por sorte, certos trastornos mentais son menos frecuentes neste grupo de idade en comparación cos máis novos, sobre todo depresión e ansiedade. Pero hai outros problemas mentais que se poden incrementar nesta etapa da vida relacionados coas perdas que é máis probable que se sufran, destacando a soidade, maior consumo de alcol, polimedicación, entre outros.

Outro aspecto relacionado co incremento dos custos sanitarios é o denominado efecto ou *Lei de Roemer*, tamén denominado "demanda inducida polo provedor" (Bellón, 2006). Shain e Roemer (1959) afirmaron que "unha cama de hospital construída é unha cama chea", é dicir, cuantos máis servizos proporciona un hospital, maior será a súa demanda. Isto demostrouse na práctica (Delamater *et al.*, 2013). De todos os xeitos, isto oscila por décadas e vese influído por outras variables. Así, na actualidade, a rotación de camas hospitalaria é maior que hai décadas, polo menor tempo de hospitalización, ca non

hospitalización en cirurxías que se fan no mesmo día e envíase ao paciente para casa. Pero posiblemente volverá diminuír esta rotación porque, polo envellecemento da poboación ao que xa estamos a asistir, é posible que o número de hospitalizacións vaia aumentando, tal e como está a pasar en todos os países desenvolvidos (Smith *et al.*, 2014).

Ademais do impacto directo na saúde e a necesidade de tratamento, os trastornos mentais xeran un importante custo indirecto que afecta tanto á economía como ás familias. A perda de produtividade laboral é unha das principais consecuencias, dado que moitas persoas con trastornos mentais experimentan dificultades para manter unha xornada laboral completa, absentismo e menor rendemento. Este fenómeno tradúcese en custos significativos para as empresas e o sistema económico en xeral.

Por outra banda, a carga familiar aumenta considerablemente, xa que os familiares adoitan asumir responsabilidades adicionais para apoiar ao paciente, incluíndo o coidado diario, o acompañamento aos tratamentos e o manexo de crises. Este esforzo pode afectar á saúde, o benestar e a produtividade dos coidadores, xerando un círculo de impacto social que vai máis aló do paciente directo.

Recoñecer e cuantificar estes custos indirectos é fundamental para deseñar políticas integrais que inclúan non só intervencións clínicas, senón tamén apoios sociais e laborais que reduzan o impacto global dos trastornos mentais na sociedade.

O que hai que buscar é un equilibrio entre necesidades e atención sanitaria para poder prestar a atención necesaria a aqueles pacientes que o precisan. De aí a relevancia de facer unha adecuada planificación sanitaria tanto para o presente como para o inmediato futuro. Neste panorama queda claro que se precisan máis recursos para o tratamento dos distintos trastornos mentais. Aínda non se chegou ós niveis dos recursos imprescindibles, por iso, é preciso seguir concienciando á sociedade, aos xestores públicos e ao resto de profesionais sanitarios da necesidade de prestar máis atención á saúde mental e dotala dos recursos necesarios.

Referencias

Amado-Rodríguez, I. D., Casañas, R., Mas-Expósito, L., Lalucat-Jo, L., Roldan-Merino, J. F. y Fernandez-San-Martín, M. I. (2024). Alfabetización en salud mental en adolescentes españoles y su relación con las características. *Revista Española de Salud Pública, 98*, e202403018.

Banbury, A., Nancarrow, S., Dart, J., Gray, L. e Parkinson, L. (2018). Telehealth Interventions Delivering Home-based Support Group Videoconferencing: Systematic Review. *Journal of Medical Internet Research, 20(2),* e25.

Bandín-Vilar, E., Toja-Camba, F. J., Vidal-Millares, M., Durán-Maseda, M. J., Pou-Álvarez, M., … Mondelo-García, C. (2024). Towards precision medicine of long-acting aripiprazole through population pharmacokinetic modelling. *Psychiatry Research, 333*, 115721.

Bellón, J. A. (2006). Demanda inducida por el profesional: aplicaciones de la teoría económica a la práctica clínica. *Atención Primaria, 38(5),* 293-298.

Bergström, T., Seikkula, J., Alakare, B., Mäki, P., Köngäs-Saviaro, P., … Aaltonen, J. (2018). The family-oriented open dialogue approach in the treatment of first-episode psychosis: Nineteen-year outcomes. *Psychiatry Research, 270*, 168–175.

Carracedo, A. (2021). Medicine personalizada y el proyecto de un millón de genomas. *Revista Española de Endocrinología Pediátrica, 12 (Supl. 2*), 6-7.

Casañas, R., Castellvi, P., Gil, J. J., Torres-Torres, M., Barón, J., … Lalucat-Jo, L. (2022). The effectiveness of a "EspaiJove.net"- a school-based intervention programme in increasing mental health knowledge, help seeking and reducing stigma attitudes in the adolescent population: a cluster randomised controlled trial. *BMC Public Health*, *22*(1), 2425.

Cano-Vindel, A., Ruiz-Rodríguez, P., Moriana, J. A., Medrano, L. A., González-Blanch, C., Aguirre, E., e Muñoz-Navarro, R. (2022). Improving Access to Psychological Therapies in Spain: From IAPT to PsicAP. *Psicothema*, *34*(1), 18–24

Carmi, A., Mousssaoui, D. e Arboleda-Flórez, J. (2018). *Ética en psiquiatría y salud mental. Casos-viñetas*. Nueva Editora Universitaria.

Cheremisina, E. de la Hoz, V., Frith, A., Koort, K., Kosowka, K., … Zisimopoulou, A. (2024). *Alfabetización en salud mental de los y las informadores juveniles*. YIMinds.

Costa e Silva, J. A. (2013). Personalized medicine in psychiatry: New technologies and approaches. *Metabolism, 62*, 540-544.

de la Cámara, E. (2022). Ética y psiquitría. Una dualidad médico-filosófica. *Gaceta Internacional de Ciencias Forenses, 43*, 5-20.

Delamater, P. L., Messina, J. P., Grady, S. C., WinklerPrins, V. e Shortridge, A. M. (2013). Do more hospital beds lead to higher hospitalization rates? A spatial examination of Roemer's Law. *PloS One, 8*(2), e54900.

Erbe, D., Eichert, H. C., Riper, H. e Ebert, D. D. (2017). Blending face-to-face and Internet-based interventions for the treatment of mental disorders in adults: Systematic review. *Journal of Medical Internet Research, 19(9),* e306.

Gilani, M., Abak, N. e Saberian, M. (2024). Genetic-epigenetic-neuropeptide associations in mood and anxiety disorders: Toward personalized medicine. *Pharmacology, Biochemistry, and Behavior, 245,* 173897.

Goffman, E. (2009). *La identidad deteriorada (2ª ed.).* Amorrortu Editores España.

González, G. e Mejía, S. (2016). *Ética profesional: manual deontológico para la praxis civil.* Bosch.

González-Blanch, C., Umaran-Alfageme, O., Cordero-Andrés, P., Muñóz-Navarro, R., Ruíz-Rodríguez, P.,… Grupo de Investigación PsicAP (2018). Tratamiento psicológico de los trastornos emocionales en Atención Primaria: el manual de tratamiento transdiagnóstico del estudio PsicAP. *Ansiedad y Estrés, 24*, 1-11.

González-Sanguino, C., Rodríguez-Medina, J., Redondo-Pacheco, J., Betegón, E., Valdivieso-León, L. e Irurtia, M. J. (2024). An exploratory cross-sectional study on Mental health literacy of Spanish adolescents. *BMC Public Health*, *24*(1), 1469.

Harvey, P. D., Bigdeli, T. B., Fanous, A. H., Li, Y., Rajeevan, N.,… Aslan, M. (2021).

Cooperative Studies Program (CSP) #572: A study of serious mental illness in veterans as a pathway to personalized medicine in schizophrenia and bipolar illness. *Personalized Medicine in Psychiatry, 27-28*.

Instituto Nacional de Estadística [INE] (2025). *Anuario 2005*. INE. En https://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=7994&capsel=8059

Jorm, A. F., Korten, A. E., Jacomb, P. A., Christensen, H., Rodgers, B. e Pollitt, P. (1997). "Mental health literacy": a survey of the public's ability to recognise mental disorders and their beliefs about the effectiveness of treatment. *Medical Journal of Australia*, *166*(4), 182–186.

Lascorz, D., Serrats, E., Pérez, V., Fábregas, J. e Vegué, J. (2009). Estudio comparativo coste-eficiencia en un dispositivo residencial para enfermos con trastorno mental severa. *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría, 29*, 191-201.

Lindhiem, O., Bennett, C. B., Rosen, D. e Silk, J. (2015). Mobile Technology Boosts the Effectiveness of Psychotherapy and Behavioral Interventions. *Behavior Modification, 39 (6),* 785–804.

Ma, K. K. Y., Anderson, J. K. e Burn, A. M. (2023). Review: School-based interventions to improve mental health literacy and reduce mental health stigma - a systematic review. *Child and Adolescent Mental Health*, *28*(2), 230–240.

Marcolino, M. S., Oliveira, J. A. Q., D'Agostino, M., Ribeiro, A. L., Alkmim, M. B. M. e Novillo- Ortiz, D. (2018). The impact of mHealth interventions: systematic review of systematic reviews. *JMIR mHealth and uHealth, 6 (1),* e23.

Mascayano, F., Lips, W., Mena, C. e Manchego, C. (2015). Estigma hacia los trastornos mentales: características e intervenciones. *Salud Mental, 38(1),* 53-58.

Mejías-Lizancos, F. e Aguilera-Serrano, C. (2022). *La ética del cuidado en salud mental.* Elsevier.

Meyer, I. H. (2003). Prejudice, social stress, and mental health in lesbian, gay, and bisexual populations: Conceptual issues and research evidence. *Psychological Bulletin, 129(5),* 674-697.

National Health Service (2024). NHS Talking Therapies for anxiety and depression Manual (Formerly known as Improving Access to Psychological Therapies). En: https://www.england.nhs.uk/wp-content/uploads/2018/06/NHS-talking-therapies-manual-v7-1.pdf

Organización Mundial de la Salud (OMS) (2016). *Global difusion of eHealth: making universal health coverage achievable. Report of the third global survey on eHealth*. OMS.

Organización Mundial de la Salud (2021). *WHO European framework for action on mental health 2021-2025*. OMS. En: https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/344609/WHO-EURO-2021-3147-42905-59865-eng.pdf?sequence=1&isAllowed=y

Pastor, J. M. e del Río, C. (2018). *Ética profesional en salud mental. Guía de actuación ético-deontológica y legal en Psicología Clínica y Psiquiatría*. Pirámide.

Pocobello, R., Camilli, F., Alvarez-Monjaras, M., Bergström, T., von Peter, S., … El Sehity, T. J. (2023). Open Dialogue services around the world: a scoping survey exploring organizational characteristics in the implementation of the Open Dialogue approach in mental health services. *Frontiers in Psychology, 14*, 1241936.

Preskorn, S. H. e Rode, R. (2023). Personalized medicine in the treatment of a patient with Obsessive-Compulsive Disorder with clomipramine. *Journal Psychiatric Practice, 29(6),* 469–475.

Radhakrishnan, M., Hammond, G., Jones, P. B., Watson, A., McMillan-Shields, F. e Lafortune, L. (2013). Cost of improving Access to Psychological Therapies (IAPT) programme: an analysis of cost of session, treatment and recovery in selected Primary Care Trusts in the East of England region. *BehaviourResearch and Therapy, 51*(1), 37–45.

Ramos, J. (2018). *Ética y salud mental*. Herder.

Seikkula, J. e Arnkil, T. (2019). *Diálogos abiertos y anticipaciones terapéuticas: Respetando la alteridad en el manejo presente*. Herder.

Sergas (2024). *Preguntas frecuentes en el ámbito sanitario. Manual de consulta para la*

ciudadanía. Version 6. Febrero 2024. Subdirección Xeral de Humnización e Atención á Ciudadanía, Servizo Galego de Saúde.
Sergas (2025). Listas de espera de consultas externas, a 12 de 2024. En: https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/Documents/1889/web_cex_2024-12.pdf
Shain, M. e Roemer, M. I. (1959). Hospital costs relate to the supply of beds. *Modern Hospital, 92*, 71-73.
Song, N., Hugh-Jones, S., West, R. M., Pickavance, J. e Mir, G. (2023). The effectiveness of anti-stigma interventions for reducing mental health stigma in young people: A systematic review and meta-analysis. *Global Mental Health, 10*, e39.
Taylor, C.B., Graham, A.K., Flatt, R.E., Waldherr, K. e Fitzsimmons-Craft, E.E. (2021). Current state of scientific evidence on Internet-based interventions for the treatment of depression, anxiety, eating disorders and substance abuse: an overview of systematic reviews and meta-analyses. *European Journal of Public Health, 31(31 Suppl 1),* i3–i10.
Thornicroft, G., Sunkel, C., Alikhon Aliev, A., Baker, S., Brohan, E., …Winkler, P. (2022). The Lancet Commission on ending stigma and discrimination in mental health. *Lancet, 400*(10361), 1438–1480.
Tubío-Fungueiriño, M., Cernadas, E., Fernández-Delgado, M., Arrojo, M., Bertolin, S., ... Segalàs, C. (2025). Prediction of pharmacological response in OCD using machine learning techniques and clinical and neuropsychological variables. *Spanish Journal of Psychiatry and Mental Health*, *18*(1), 51–57.
Valery, K. M. e Prouteau, A. (2020). Schizophrenia stigma in mental health professionals and associated factors: A systematic review. *Psychiatry Research, 290*, 113068.
Vivario, A. e Moral, M. V. (2016). Actitudes hacia los trastornos mentlaes y su asociación percibida con delito: estigma social. *Salud & Sociedad, 7(3),* 254-269.
WA Primary Health Alliance (2021). *What is mental health stepped care? WA Primary Health Alliance: Mental Health Framework.*.En: https://www.wapha.org.au/wp-content/uploads/2021/07/11996_WAPHA_Mental-Health-Brochure-Updates_FA-Web-Spreads.pdf
Wakefield, S., Kellett, S., Simmonds-Buckley, M., Stockton, D., Bradbury, A. e Delgadillo, J. (2021). Improving Access to Psychological Therapies (IAPT) in the United Kingdom: A systematic review and meta-analysis of 10-years of practice-based evidence. *British Journal of Clinical Psychology*, *60*(1), 1–37
Zabaleta, R., Lezcano F. e Perea, M. V. (2023). Alfabetización en salud mental: revisión sistemática de la literatura. *Psykhe, 32(1*), 1-15.

Capítulo 10
Como previr os trastornos mentais e mellorar a saúde mental

10.1. A prevención en saúde mental
10.2. A prevención da depresión
10.3. A prevención do suicidio
10.4. A prevención dos trastornos de ansiedade
10.5. A prevención en drogodependencias e adiccións comportamentais
10.6. A prevención dos trastornos da infancia e da adolescencia
10.7. A prevención da psicose
10.8. A prevención no ámbito laboral
10.9. Como potenciar a prevención en saúde mental

10.1. A prevención en saúde mental

A prevención é hoxe un campo relevante, tanto nos trastornos mentais máis prevalentes, como no consumo de drogas e outras adiccións. Pero a pesar de que todos falan de prevención a súa utilización é escasa. É dicir, hai moitos programas preventivos, varios avaliados, pero na práctica non se xeneraliza o seu uso para aqueles grupos ou persoas que os necesitan.

A nivel conceptual, foi Caplan (1980) quen propuxo hai case 50 anos a distinción de tres tipos de prevención, orientada ao campo sanitario: a primaria, a secundaria e a terciaria. Na prevención primaria intervense antes de que xurda a enfermidade e ten como misión impedir a súa aparición. É o tipo de prevención máis desexable. Na prevención secundaria o obxectivo é localizar e tratar canto antes as enfermidades cuxa xéneses non puido ser impedida polas medidas de prevención primaria; isto é, parar o progreso da enfermidade que se atopa nos primeiros estadios. Finalmente, a prevención terciaria, levase a cabo algún tempo despois de que a enfermidade se declarase e o seu obxectivo é evitar complicacións e recaídas. Céntrase nos procedementos de tratamento e rehabilitación para a enfermidade que ten xa claros síntomas clínicos. Estes tres tipos de prevención eran equivalentes, a grandes liñas, a prevención (prevención primaria), tratamento (prevención secundaria) e rehabilitación (prevención terciaria).

Co maior peso que foi adquirindo a prevención, sobre todo aplicada ao consumo de drogas, esta clasificación restrinxía moito os programas preventivos. Por iso, Gordon (1983) propuxo tres tipos de prevención: a universal, a selectiva e a indicada. A prevención universal consiste naquelas intervencións preventivas que se dirixen ao público en xeral ou ao conxunto da poboación que non foi identificada como tendo un risco individual. Por tanto, aplícase a grupos completos, como pode ser unha escola, un barrio, unha comunidade, etc., ou para mozos dunha idade concreta. A intervención é para todo o grupo. O desexable é que chegue a todos. O caso máis claro témolo na aplicación da prevención escolar para o consumo de drogas. Todos teñen probabilidade de consumir. De aí a utilidade de levar a cabo un programa preventivo universal con todos eles. Na maioría dos programas preventivos escolares universais foméntanse habilidades e clarifícanse valores, adéstraselles en habilidades para a vida, manexo emocional, etc.

As intervencións preventivas universais teñen claras vantaxes. Chegan a moitas persoas, a un grupo completo, a baixo custo, ou a custos razoables. Nela aplícase un programa preventivo estandarizado para todos os alumnos dun curso determinado. Nel adestraráselles en distintas habilidades emocionais, persoais, sociais, etc. Nos últimos anos, fundamentalmente en programas de adestramento en habilidades para a vida. Con frecuencia compleméntanse con programas universais na familia ou outros máis específicos. Non hai que facer adaptacións específicas neste tipo de prevención, como se fai coa prevención selectiva e indicada. Polo seu custo razoable é aplicable como primeira abordaxe preventiva. En moitos casos a única prevención que se fai é a universal.

A prevención selectiva é un tipo de prevención máis específico que a universal. Neste caso a prevención non se dirixe a todo un grupo senón a persoas ou subgrupos de poboación cuxo risco de desenvolver un problema é maior que a media. Por iso, céntrase en grupos de risco, que están identificados, que coñecemos que teñen maior probabilidade de desenvolver un trastorno mental. Pensemos por exemplo nos fillos de persoas alcohólicas, de pais consumidores de drogas, ou os fillos de pais con trastornos mentais graves.

Os programas preventivos máis utilizados son os universais. Estes deberían complementarse cos selectivos, sobre todo ao ter claramente identificados a distintos grupos vulnerables, ou aplicarse aos que teñen factores de risco (ex., pobreza,


marxinalidade, paro, delincuencia). Complementar os programas universais cos selectivos aumentaría a eficacia de ambos.

Adoita indicarse que os programas selectivos son máis caros que os universais, porque son máis intensivos. De aí a necesidade de elaborar bos programas selectivos, a un custo razoable, para que se poidan implantar realmente. Iso podería facerse ao utilizar un mesmo programa preventivo para varios problemas ao mesmo tempo (ex., alto nivel de paro, delincuencia, agresividade). Sabemos que os problemas van unidos nas persoas, e que se pode optimizar un programa preventivo orientado a abordar distintos problemas mentais e do comportamento.

Como exemplo de programas selectivos pódense indicar os que se levan a cabo en nenos expostos a factores de risco, como divorcio dos pais, trastorno mental dos pais, morte dun parente próximo, ou abuso de drogas, para reducir o risco de que desenvolvan trastornos mentais, emocionais e condutuais.

A prevención indicada diríxese a persoas de alto risco que se identificaron por ter signos ou síntomas mínimos, pero detectables, que poden levar a un trastorno mental, emocional ou condutual, ou marcadores biolóxicos que indiquen predisposición ao devandito trastorno, pero que non compren cun diagnóstico na actualidade (O´Connell *et al.*, 2009). Na práctica hai moi poucos programas de prevención indicada. Isto ocorre porque se non está ben implantada a prevención universal non se fará a prevención selectiva. E, se non está ben implantada a prevención selectiva non se fará a indicada. Como a primeira non ten un nivel de implantación elevado, os outros tipos de prevención reséntense e fanse menos.

Figura 10.1. Proposta do continuo de coidados en saúde da Academia de Ciencias norteamericana, NAS (2019).



10.2. A prevención da depresión

Dado que a depresión é un dos trastornos máis prevalentes, que carrexa importante problemas e consecuencias para as persoas que a padecen, desenvolvéronse distintos programas preventivos para persoas predispostas a padecela, e para grupos vulnerables.

A prevención da depresión baséase en que coñecemos varias causas que incrementan a maior probabilidade que apareza. Se redúcense ou elimínanse, entón e menos probable que a persona teña depresión. No capítulo 4 vimos varias causas dos trastornos mentais, e na Táboa 4.1 moitos deses factores. Por iso é polo que os programas preventivos oriéntanse a adestrar ás persoas en distintas estratexias para que con elas sexan capaces de facerlle fronte a tales circunstancias e non cheguen a sufrir un episodio depresivo. Os programas preventivos da depresión céntranse tanto en reducir os seus factores de risco, como potenciar os seus factores de protección. Ademais, temos desde hai anos evidencia de que os programas preventivos para a depresión son efectivos (Buntrock *et al.*, 2024) e custo-eficientes (Batterham *et al.*, 2025). Por iso é polo que o ideal é que se xeneraliza para reducir a actual prevalencia que temos de depresión (NAS, 2019).

A prevención da depresión pódese orientar a toda a poboación, a grupos de risco ou a individuos en risco, é dicir, que podemos facer prevención universal, selectiva ou indicada (Conejo-Cerón *et al.*, 2020). O ideal é que estivese presente a prevención no sistema de saúde como unha actividade máis, xunto coa súa aplicación na escola, a nivel laboral, ou en grupos vulnerables que teñen máis probabilidade de padecela. Non esquezamos que o obxectivo de calquera programa preventivo é impedir o xurdimento de novos casos.

Varios dos grupos de especial interese na prevención da depresión son os nenos e adolescentes, de aí a necesidade de aplicar programas na escola e instituto; nas nais que acaban de ter fillos, cara a evitar a depresión posparto (Bjertrup *et al.*, 2025); en traballadores sometidos a situacións estresantes ou outros riscos psicosociais; en enfermos crónicos, polo que implica a súa enfermidade e o cambio da súa visión sobre si mesmo e o mundo; e, en persoas maiores, sobre todo nos anciáns (Cuipjers e Reynolds, 2022; Motrico *et al.*, 2023). Os programas preventivos na depresión pódense aplicar cara a cara, de modo individual ou en grupo (Jarquin e Pérez, 2014); mediante o uso de novas tecnoloxías, como é o caso da e-*health* (Muñoz *et al.*, 2021); ou mediante procedementos de autoaxuda, como vemos nos materiais de que dispón para iso a Organización Mundial da Saúde, o Ministerio de Sanidade ou diversas asociacións de saúde mental (Herrman *et al.*, 2022).

Hai dous tipos de programas preventivos para a depresión: cando aínda non se padeceu depresión, e cando a persoa a padeceu e o programa oriéntase a evitar a recaída e a recorrencia. No primeiro caso, o programa adoita ser de tipo universal, para todo un colectivo, por iso son os que habitualmente se utilizan con nenos e adolescentes (Cuipjers *et al.*, 2021; Harrer *et al.*, 2019). No segundo caso esta prevención realízase mediante tratamento adicional, con fármacos antidepresivos, ou con tratamento psicolóxico, para que eses pacientes manteñan as ganancias e non volvan recaer (US Preventive Services Task Force *et al.*, 2019).

A prevención é un campo difícil en todos os trastornos, incluída a depresión. Como exemplo, na revisión de Salazar de Pablo *et al.* (2021) indican que o que funciona para previr a depresión, cando esta aínda non apareceu, son estratexias baseadas en intervencións psicolóxicas. En cambio, non queda clara a utilidade das intervencións farmacolóxicas. Pero tamén indican que a pesar de que se fala moito de previr a depresión, na práctica o desenvolvemento e aplicación de programas preventivos é escaso. Achacan como motivo principal para iso que a nosa sociedade non se centra no que aínda non

existe, que é ao que se orienta a prevención, senón que prioriza o tratamento cando a persoa xa padece un trastorno, o que xa é un momento tardío para aplicar un programa preventivo.

As intervencións para previr a depresión son case todas de tipo psicosocial, existindo programas preventivos universais, selectivos e indicados para a mesma. Estes programas son eficaces. Cuijpers *et al.* (2021) indican que reducen a incidencia da depresión en aproximadamente un 19%. Na revisión de Muñoz *et al.* (2012) lográbaa reducir nun 22%, de media, chegando nos programas preventivos máis eficaces a reducila dun 38 a un 50%. No meta-análise de Salazar de Pablo *et al.* (2021) obtense un tamaño do efecto medio para a prevención dos síntomas depresivos de RR = 0,54, onde o 75% das intervencións teñen un tamaño do efecto significativo. Os programas preventivos para mulleres no período prenatal/perinatal teñen un tamaño medio do efecto de RR = 0,38, onde o 83% das intervencións teñen un tamaño do efecto significativo para os síntomas depresivos e un RR = 0,55 para os trastornos depresivos, onde neste caso o 100% das intervencións teñen un tamaño do efecto significativo. Para nenos e adolescentes o tamaño medio do efecto é de RR = 0,48 para os trastornos depresivos, cun 91% das intervencións con tamaño do efecto positivo, e para persoas maiores tamén un efecto significativo para os trastornos depresivos, onde o 100% das intervencións teñen un tamaño do efecto positivos para os síntomas depresivos.

En España temos exemplos concretos de aplicación de programas preventivos para a depresión. Por exemplo, Garaigordobil *et al.* (2019) aplicaron o programa Vivir-Feliz en estudantes de 7 a 10 anos no País Vasco, que estaban a cursar 3º e 4º de primaria. Este programa ten un enfoque cognitivo-condutual con tres obxectivos: mellorar as relacións intragrupo e reducir o estrés social; identificar, entender e regular as emocións e pensamentos negativos; e, mellorar as súas habilidades para diminuír a súa ansiedade e sentimentos de incapacidade, aumentando a súa confianza. O programa consta de 18 sesións. Aplícano profesores adestrados para iso. Os resultados do programa foron positivos, diminuíndo o nivel de desaxuste clínico (ansiedade, atipicidade, locus de control externo), o índice de síntomas emocionais, os síntomas depresivos, tanto avaliados por eles como polos profesores, comportamentos problemáticos, falta de atención-hiperactividade, entre outras, respecto ao grupo de control. Na mesma liña, outros programas para adolescentes (ex., Jarquín e Pérez, 2014) obteñen bos resultados. Para reducir a depresión posparto en mulleres utilizáronse tamén Apps, aínda que neste caso é máis difícil obter datos dos resultados pola falta de contacto cara a cara (Rodríguez-Muñoz *et al.*, 2023).

En Galicia destacariamos a existencia do programa "*Supera a túa depresión*" (https://www.sergas.es/asistencia-sanitaria/programa-supera-a-tua-depresion?idioma=es), o cal consta de sete módulos, e oriéntase a persoas con depresión leve ou moderada, que pode servir en ocasións para previr igualmente ter un cadro depresivo, ou non pasar a un estado de maior gravidade. Oriéntase a mellorar estilos de vida saudable, ao cambio de pensamentos negativos e a que adquiran ou melloren as habilidades sociais.

10.3. A prevención do suicidio

O suicidio é un grave problema que está vinculado na maioría dos casos á presenza dun trastorno mental. De aí que se tomaron distintas medidas, tanto preventivas como terapéuticas, para reducir ao máximo a súa incidencia. Nos últimos anos creceu de modo importante o interese polo mesmo, debido ao incremento dos trastornos mentais.

Pola relevancia do tema, a OMS (WHO, 2014) vén insistindo na necesidade de ter unha estratexia nacional en todos os países para a prevención do suicidio. Ademais, indicou os compoñentes que debe ter un programa preventivo para o suicidio, que serían os seguintes: 1) vixilancia, é dicir, ter datos adecuados da prevalencia do suicidio; 2) restrinxir o acceso aos medios para cometer suicidio; 3) implementar guías axeitadas sobre como os medios de comunicación deben transmitir as noticias sobre o suicidio; 4) adestramento e educación tanto en profesionais sanitarios, como na comunidade, para recoñecer a depresión e os signos da conduta suicida; 5) tratamento para os que tentaron suicidarse ou teñen unha alta ideación suicida; 6) incrementar a conciencia do problema e reducir o estigma, dado que o suicidio pode previrse; 7) intervención ante o loito por unha morte por suicido; e, 8) intervención en crise e acceso a servizos de emerxencia en saúde mental.

Destacariamos, ademais do informe anterior da OMS (2014) sobre a prevención do suicidio, a Guía NICE (2022) inglesa sobre prevención do suicidio orientada ao campo sanitario, sobre todo para aqueles que teñen risco de suicidio ou que xa tentaron suicidarse. E, en España, a "Guía de práctica clínica de prevención e tratamento da conduta suicida" (Avalia-t, 2012), elaborada precisamente desde Galicia, e na que se recollen as accións baseadas na evidencia que se deben poñer en práctica por parte dos profesionais sanitarios para o suicidio e a conduta suicida. Alí veñen descritos distintos programas preventivos.

Recentemente, aprobouse en España, o Plan de Acción de Saúde Mental 2025-2027 (Comisionado de Saúde Mental, 2025a), que inclúe, xunto con outras medidas do plan de acción de saúde mental sobre o suicidio, a prevención, particularmente nas persoas en situacións de vulnerabilidade, en varias das súas liñas estratéxicas como outras medidas dentro do Plan de Acción de Saúde Mental sobre o suicidio (Comisionado de Saúde Mental, 2025b)., De modo concreto, para o marco laboral, insístese en que sexa unha prioridade, cara á mellora da prevención de riscos psicosociais e promover a saúde mental. Aínda que este plan é un claro avance, non contempla a aplicación de programas preventivos para os problemas de saúde mental, ou do suicidio, no ámbito escolar.

A prevención do suicidio pódese facer en diversos niveis, a nivel social, comunitario, interpersoal e individual (WHO, 2014). Os programas preventivos para o suicidio aplicados na escola mostraron ser eficaces. Por exemplo, Walsh *et al.* (2022) indican unha redución do 13% na ideación suicida e dun 34% nos intentos de suicidio. Con todo, segue sendo un campo no que se necesita moita máis investigación e xeneralizar os programas preventivos a todas as escolas (Al-Halabí e Fonseca-Pedrero, 2024).

En varios países, sobre todo anglosaxóns e do norte de Europa, véñense aplicando sistematicamente desde hai anos programas preventivos. Como exemplo, indicaremos os programas preventivos eficaces que se utilizan en Australia e o que se vén facendo en Galicia.

